



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 58

Sesión plenaria
23 de novembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)
Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 227, do 16.11.2021
Publicación do mantemento de emendas, BOPG nº 227, do 16.11.2021

Punto 2. Comparecencia

24966 (11/CPP-000067)

Da conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para facer balance das medidas e accións levadas a cabo en materia de emprego e igualdade durante este último ano e as previsións para o ano 2022
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

Punto 3. Mocións

3.1 24868 (11/MOC-000067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria, (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 16641 [11/INT-000961], publicada no BOPG núm. 147, do 2 de xuño de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de novembro de 2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

3.224876 (11/MOC-000068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 23517 [11/INT-001241], publicada no BOPG núm. 216, do 21 de outubro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de novembro de 2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

3.324877 (11/MOC-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20889 [11/INT-001132], publicada no BOPG núm. 196, do 8 de setembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de novembro de 2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 17318 (11/PNP-001693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar de maneira urxente contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 23.06.2021

4.2 17352 (11/PNP-001699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, respecto dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 158, do 23.06.2021

4.3 21639 (11/PNP-001967)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a protección das brañas do Deo, ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, e a súa inclusión na Rede Natura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

4.4 24276 (11/PNP-002180)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis

Sobre a necesidade de abrir un centro residencial para a atención de menores en situación de dificultade social e con problemas de conduta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

4.5 24322 (11/PNP-002186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no sector do comercio interior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

4.6 24337 (11/PNP-002188)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co sector lácteo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 224, do 10.11.2021



Punto 5. Interpelacións

5.1 16842 (11/INT-000975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego respecto do sector da carne de vacún

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

5.2 23473 (11/INT-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do idioma galego no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 15.10.2021

5.3 24211 (11/INT-001264)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a situación económica do sector lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 24979 (11/POPX-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do presidente da Xunta en relación co impulso dunha actualización do Estatuto de autonomía de Galicia en canto pasen as peores fases da pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

6.2 24980 (11/POPX-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre o malestar crecente que expresa a cidadanía galega nas rúas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.124946 (11/PUP-000216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos problemas nos xulgados de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021



7.224028 (11/POP-003439)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha dun plan de industrialización e emprego para a comarca da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

7.324454 (11/POP-003483)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do incremento do crédito orzamentario no ano 2022 para as subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

7.424360 (11/POP-003473)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a nova planta de residuos prevista para instalar no concello de Riotorto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021

7.524937 (11/PUP-000214)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión do Goberno central de establecer o pago por uso das autovías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

7.618932 (11/POP-002594)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre os traballos e os programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021

7.720712 (11/POP-003145)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a situación da formación profesional en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

7.823902 (11/POP-003427)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre os dereitos educativos da mocidade interna no Centro de Menores Santo Anxo de Rábade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021



7.924941 (11/PUP-000215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas da Xunta para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 17.11.2021

7.1022055 (11/POP-003256)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis

Sobre a sentenza condenatoria ao Servizo Galego de Saúde pola denegación da prestación sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica a inasistencia do deputado don Moisés Rodríguez Pérez (P) e a súa delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga (P). (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Porro Martínez). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 12.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 16.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 24.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 25.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 26.)

Votación dos textos lexislativos

Votación conxunta da emenda número 1, mantida polo G. P. dos Socialistas de Galicia, e da número 1, mantida polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: rexeitadas por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 27.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o Día Mundial da Infancia no ano 2021, que é aprobada por asentimento. (Páx. 28.)



Comparecencia da Sra. conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para facer balance das medidas e accións levadas a cabo en materia de emprego e igualdade durante este último ano e as previsións para o ano 2022. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 29.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 40.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 43..) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 47.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 50.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 56.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 56.), a señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 58.), o señor Balseiro Orol (P) (Páx. 59.) e a señora conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza). (Páx. 61.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 64.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 71.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 74.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 79.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 82.)

Nova intervención do señor Francisco Rivera (S). (Páx. 86.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 88.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 91.) e Sra. Díaz Mouteira (P). (Páx. 94.)

A señora Castro Rey (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 98.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar de maneira urxente contra a violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 101.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 106.) e Sra. Pérez López (P). (Páx. 109.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, respecto dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 115.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. García Vidal (P). (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 121.)

A señora Carreira Pazos (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a protección das brañas do Deo, ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, e a súa inclusión na Rede Natura. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 126.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Queixas Zas (BNG). (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra Díaz Mouteira (P). (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 133.)

A señora Queixas Zas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 136.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 229, do 18 de novembro do 2021, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia, e delega o seu voto para esta sesión plenaria, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento da Cámara, don Moisés Rodríguez Pérez no deputado don Pedro Puy Fraga.

Entramos na orde do día co primeiro punto, de textos legislativos.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mantéñense as seguintes emendas. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a número 1, no documento número 24836, e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a número 1, documento número 24809.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, a señora Porro Martínez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Porro Martínez): Gracias, presidente.

Bos días, señorías.

Antes de presentar o ditame, gustárame poñer en valor o traballo das ponentes desta proposición de lei, o dos Servizos Xurídicos da Cámara, e a vontade de diálogo e de chegar a acordos dos grupos; un consenso que levou á unanimidade na Comisión 5ª. Esa unidade é fundamental para seguir dando pasos pola igualdade e contra a violencia machista.

Esta proposición de lei chega ao Pleno na mesma semana na que conmemoramos o Día contra a Violencia de Xénero, aínda que a loita contra toda forma de maltrato contra as mulleres é unha obriga e é unha necesidade de todos os días do ano.

E agora si paso a dar lectura ao ditame.

A Proposición de lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data 22 de maio de 2021, co número de asento 16419, e os seus antecedentes legislativos, con data do 1 de xuño, co número de asento 16802.



Asemade, a súa admisión a trámite efectivizouse pola Mesa do Parlamento nas reunións do 24 de maio e 7 de xuño. Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 22 de xuño, abriuse un prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o 17 de setembro —a cuarta prórroga—, e acordouse a súa tramitación pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego.

As demandas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 8: 5 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 2 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 5ª, na sesión do 23 de setembro, designou a Ponencia encargada de elaborar o informe, que, constituída nesa mesma data despois das tres reunións seguintes, coa asistencia das relatoras, señora Prado del Río, señora Rodil Fernández e señora Díaz Varela, elaborou o informe coas recomendacións definitivas, que se emitiron con data do 21 de outubro.

Posteriormente, a Comisión 5ª, na sesión do pasado 11 de novembro, aprobou por unanimidade o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, coa incorporación de catro emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dúas delas transaccionadas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, tamén transaccionada, e unha do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, así como as correspondentes emendas técnicas, cuxo texto consta, ademais, da exposición de motivos, dun artigo único, dividido en seis apartados, dunha disposición adicional e dunha derogatoria.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación do procedemento legislativo coa aprobación, se é o caso, da presente Proposición de lei pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Moita grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Porro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Será neste mes de novembro, tristemente dedicado á violencia machista, cando o Parlamento galego aprobe a modificación da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, introducindo a violencia dixital como outra forma máis de violencia contra as mulleres. Un grande avance, sen dúbida, que, ademais, unido ao que xa se ten realizado de igual maneira noutros parlamentos autonómicos, agardemos vaia



seguido da pertinente reforma da lexislación estatal. Teño que dicir que nos consta que así é, que o están estudando e que están traballando nesta cuestión.

A violencia machista, lonxe de desaparecer, vai mutando cos tempos e ten unha increíble capacidade de adaptación para continuar perpetuando o control sobre as mulleres. Por iso é necesario —pensamos nós— avanzar en novas formas de protección, e isto é, precisamente, o que estamos facendo hoxe aquí.

As tecnoloxías da información e a comunicación e as novas maneiras de comunicarnos foron invadindo todo, e temos que ser moi conscientes, todas e todos, de como permiten continuar exercendo unha violencia nun ámbito de enorme proxección como son esas TIC para difundir discursos de odio, discursos sexistas, que continúan facendo moitísimo dano ás mulleres.

E se a violencia de xénero dixital é cada vez máis habitual —porque o é, e ademais creo que todos e todas concordamos nesta cuestión, e aínda máis neses períodos longos de confinamento que sufrimos o ano pasado, nos que as tecnoloxías foron as nosas vías de comunicación co exterior—, isto está manifestándose aínda máis na xente máis nova, de idades temperás, e isto é algo que no PSdeG nos preocupa moitísimo. Así o advirte a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero nun estudo recente que titulaba «O ciberacoso como forma de exercer a violencia de xénero na mocidade: un risco na sociedade da información e do coñecemento», e así o advertía tamén hai unhas semanas Save the Children no seu informe «Non é amor: unha análise sobre a violencia de xénero entre adolescentes», no que poñían de manifesto que a xuventude expresa un maior acoso sexual a través das tecnoloxías, xerando novas formas de violencia que van máis aló do que coñecemos como ciberacoso ou cibercontrol.

Este informe de Save the Children fala xa de novas formas de control social que se expanden pola rede como, por exemplo, a cibermisoxinia, da que falaremos agora dentro dun rato.

Esas formas de control social maniféstanse con comentarios, por exemplo, que buscan insultar as mulleres, con frases do tipo «as mulleres só serven para...» ou «as mulleres son todas unhas...», etc. Ou tamén moi preocupante é a ciberviolencia simbólica, que busca converter en obxectos sexuais as mulleres. Tamén a hipersexualización dos corpos das nenas ten moito que ver nesa cuestión destes novos usos das tecnoloxías.

Estes dous tipos de violencia, a cibermisoxinia e a ciberviolencia simbólica, que apunta Save The Children, comparten un mesmo contexto social, marcado aínda por estereotipos, roles e, dende logo, moita desigualdade.

É que, en efecto, en internet e nas redes sociais é onde a poboación máis nova se atopa cómoda e desenvolve as súas relacións sen as limitacións que si existen noutros ámbitos. Por iso, determinadas condutas ou patróns de uso de internet, manifestados en internet, en vez de ser interpretados como algo nocivo ou prácticas de risco, non se perciben así e son percibidos como algo normal, son molestias sen importancia.

Afortunadamente, a resposta a todo isto está a ser rápida. A Lei da infancia e da adolescencia aprobada no Congreso este mesmo ano, co apoio, por certo, de todos os grupos parlamentarios nesta Cámara, xa incorpora esta casuística e, ademais, con moito peso na lei.



E foi precisamente esta lei, aprobada no Congreso, a que o PSdeG tomou un pouco como referencia para as nosas emendas, que entendemos melloran en moito o obxectivo inicial, precisamente porque pretendiamos ir algo máis aló da inclusión ou da conceptualización de que é a violencia de xénero dixital e da súa inclusión na nosa lei; pretendiamos tamén crear certas sinerxías que axudasen a percibir ou a traballar na súa erradicación. Por certo, unhas emendas que agradecemos que fosen aceptadas, como xa anteriormente se dixo. Á marxe das lóxicas discrepancias ideolóxicas, que as hai, si que comprace ver como en materia de violencia machista os tres grupos parlamentarios acadamos grandes consensos coa maior das xenerosidades, e tamén, ademais, coa mellor das disposicións.

Así, o grupo maioritario da Cámara, o Partido Popular, entendeu que as nosas achegas —pensamos nós— melloran o obxectivo inicial, por canto tratamos de incluír na lei actuacións que axudan a traballar na prevención e que teñen que ver coa sensibilización fronte a este tipo de violencias, coa súa investigación —moi importante—, coa educación —fundamental— e tamén cos necesarios mecanismos áxiles e urxentes para detectar contidos nocivos nas redes que atentan contra a dignidade e tamén contra a integridade das mulleres.

Do total das cinco emendas que presentamos, foron aceptadas catro, como xa se dixo, e a que non se aceptou pode dicirse que, en certo modo, tamén está incluída, porque se aceptou unha autoemenda do Partido Popular que na definición de violencia de xénero dixital xa incorpora que esa violencia non ten que exercerse de maneira sostida no tempo. E temos un caso moi recente aquí, en Galicia, que é o caso das Maruxainas. Por certo, dende aquí congratulámonos de que se volvese reabrir ese caso, que non foi un caso de violencia dixital sostida no tempo, senón que foi un feito puntual, e para nós, dende logo, si que é tamén un caso flagrante de violencia de xénero dixital.

Só queremos aquí facer un apunte —porque ten que ver con esa emenda que non foi aceptada— a esta definición de violencia machista. No PSdeG pediamos, igual que tamén o Bloque Nacionalista Galego, que se incluíse nesa definición de violencia dixital un novo concepto..., ou, máis ben, un concepto que non é novo, e é que pediamos que se incluíse tamén o termo «misoxinia». Finalmente, como digo, non foi aceptado, e quero explicar brevemente por que pediamos que se introducise, ademais do xa dito acerca do informe de Save The Children, que fala dese novo concepto de cibermisoxinia.

E é que, consultada esta cuestión con expertos e expertas na materia, o panorama que se abre fronte a nós —homes e mulleres, pero fundamentalmente contra as mulleres— é terrible. E digo que é terrible porque resulta moi complicado poñer couto a todo o que se produce nese espazo virtual, sempre, por certo, agochado e tras o anonimato covarde. Porque xa non estamos falando só de sextorsión, de *grooming*, de ciberacoso, etc., non, agora temos que falar tamén doutro tipo de actitudes que teñen que ver coa misoxinia, e o centro desa misoxinia son actitudes de odio nas redes sociais, de odio contra as mulleres, que xa se está estudando moito, por certo, no ámbito anglosaxón e que está enmarcado nun novo concepto que se dá por chamar a «manosfera». A palabra manosfera a ningún e a ningunha de nós, probablemente, nos soe, pero agora mesmo estase traballando nesta cuestión da violencia de xénero dixital. Para que nos fagamos unha idea, pois, «forocoques», ou «foroputeros»,



ou «incels», son todos eles vocábulos ou páxinas, que están na globosfera e que teñen que ver con esta manosfera, que finalmente o que está facendo é acubillar auténticas manadas.

Para que se fagan unha idea, nun estudo moi recente —tan recente que, de feito, non está nin rematado, pero xa están traballando nel e xa están extraendo conclusións—, que está realizado e nel están implicadas prestixiosas universidades como a de Illinois, como a de Boston, o University College, de Londres, ou o Instituto Max Planck, clasificaron, nesta manosfera, catro tipos de membros que vou agora resumir moi someramente —porque tampouco é cuestión hoxe de tratar aquí isto, pero si que, dalgunha maneira, nos dá unha idea do que estamos a falar con esta misoxinia—. Hai catro tipos de membros da manosfera: uns son os activistas polos dereitos dos homes, que son homes que afirman que están perdendo os seus dereitos en relación coas mulleres. Outro tipo son os homes que seguen o seu propio camiño —que teñen un acrónimo, MGTOW—. Son homes que están fartos das mulleres e que viven a súa vida sen elas. Despois temos os que se dan por chamar *pick-up artist*, que son homes que dedican a súa vida a saír en serie con mulleres. E despois están os incels, que son os célibes involuntarios; son homes que si queren unha parella, queren unha esposa —en realidade, o que queren é unha esposa, neste termo, así, como digo—, pero non saben como conseguila.

Precisamente por este tipo de conceptualizacións dunhas masculinidades, agora se fala e hai un novo concepto, que son os homes feministas, que falan destas novas masculinidades que pensamos que son necesarias. Pero estas das que estamos falando non son novas masculinidades, senón que poderán vostedes entender que estamos falando de masculinidades bastante arcaicas. Precisamente por este tipo de conceptualizacións destes catro tipo de homes que se autodeclaran a si mesmos así, considerabamos necesario introducir ese concepto, como digo, de misoxinia, e de aí esa emenda, que por iso tamén mantemos. En todo caso, teño tamén que dicir que, a pesar da súa non inclusión, pensamos que queda clara a definición do que é a violencia de xénero dixital.

Bueno, quero explicar someramente, a maiores disto, as nosas emendas. As socialistas introducimos tamén nese articulado da lei que se potencie a investigación sobre a violencia dixital, tendo en conta que é algo moi novo que, desgraciadamente, ademais, veu para quedar. É importante investigar porque así poderemos implementar políticas eficaces. Por iso é necesario que coñezamos tanto o perfil das mulleres vítimas como o dos agresores, e tamén saber a frecuencia desta violencia, os medios a través dos que se comete, o impacto, por suposto, nas vítimas e, como non, a resposta institucional. A educación tamén é fundamental. Así que incorporamos como emenda que no impulso das actividades dirixidas á comunidade escolar para previr este tipo de comportamentos haxa unha especial atención á violencia de xénero dixital.

Tamén, da mesma maneira, introducimos que se poña o foco neste tipo de violencia nas campañas de sensibilización e formación da poboación xuvenil.

Por último, incorporamos un novo punto que se incorpora como un parágrafo máis na disposición adicional segunda da lei, sobre os mecanismos de control para que o Goberno galego impulse, coas principais plataformas intermediarias de internet, acordos de colaboración.



¿Para que? Pois coa finalidade de establecer criterios e mecanismos áxiles e urxentes de denuncia e tamén de control e de detección para a retirada de contidos relacionados con esta violencia de xénero dixital. Sabemos que esta non é unha tarefa fácil, pero si pensamos que é importante que se traballe nela.

Así que, bueno, non queda moito máis que congratularnos de todo o traballo realizado polos tres grupos parlamentarios, pero certo é que non queremos rematar esta intervención sen deixar constancia da nosa preocupación por que esta modificación lexislativa necesaria se acompañe tamén doutro moito outro traballo. De aí tamén que as nosas emendas incidían noutras cuestións, ademais de nesta tipificación ou desta inclusión. Fai falla, unha vez, como digo, tipificada esta violencia na lei, que traballemos tamén na prevención e que traballemos tamén na pedagogía.

Cando digo pedagogía refírome a que moitas das veces con esta nova forma de violencia se vulneran dereitos básicos e non somos conscientes de que tamén son violencias cara á muller, pero trasladadas a un mundo virtual, e non por iso son menos nocivas. E, ademais, segundo apuntan as persoas expertas, existe unha percepción moi baixa deses efectos negativos destas condutas, que as máis das veces, como dixen antes, son condutas consideradas irrelevantes.

Por iso nós —repito— consideramos necesario e importante —non temos dúbidas de que así se fará; nós aquí tamén pelexaremos para que isto se leve a cabo— acompañar esta lei da posta en marcha de plans ambiciosos de sensibilización, de información, para identificar estas novas figuras de violencia, prever a súa aparición, así como tamén para ofrecer recomendacións —non é nada menor— e recursos para obter a axuda precisa; xa non só para utilizar de maneira debida estas novas tecnoloxías, as redes sociais ou a plataforma que sexa, senón tamén para que esas mulleres que se senten atacadas saiban a onde poden acudir.

Remato xa poñendo de novo en valor o ton, o carácter construtivo de todo o debate en ponencia, o que en certo modo pon de relevo que na loita contra a violencia cara ás mulleres en Galicia camiñamos todas e todos —como non podía ser doutra maneira— da man.

Nada máis polo de agora. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Efectivamente, hoxe é o debate final e a votación desta proposta de lei para a incorporación na lexislación galega de loita e prevención contra a violencia machista do concepto de «vio-



lencia dixital», e nós, desde o BNG —dixémolo tamén xa na Comisión e na Ponencia—, votaremos a favor do texto e entendemos que sairá por unanimidade, unha vez máis, esta cuestión.

Xa dixemos tamén desde o primeiro momento, no debate de toma en consideración da proposta do Partido Popular, que é unha reforma necesaria, que é unha reforma que vemos acaída para actualizar a Lei galega de violencia machista, nun aspecto que na sociedade actual é clave, como son as novas tecnoloxías, en xeral, a rede, e tamén as mudanzas que a democratización no acceso a internet e no desenvolvemento de plataformas, redes sociais e outras tecnoloxías da información e da comunicación xeraron na nosa vida diaria. Isto acontece porque hoxe en día o teléfono móbil —xa nin case o ordenador, senón o teléfono móbil— é unha extensión do noso propio corpo. A rede é un lugar máis de lecer, un lugar máis de traballo, de entretemento, de información e de socialización, e tamén unha parte importante da socialización dos seres humanos é relacionarnos sexualmente entre nós. Desta maneira, o *sexting*, é dicir, compartir fotografías, vídeos de contido sexual ou doutra índole, compartilos con outra ou outras persoas, é unha práctica cada vez máis habitual. Isto é unha realidade obxectiva, non unha opinión.

O uso de internet e das novas tecnoloxías entre a infancia e a adolescencia recentemente era obxecto da publicación dun macroestudo. Creo que é o máis grande que se publicou e se fixo no conxunto do Estado español. Elaborouno Unicef. Falaba a señora Díaz de Save The Children, pero hai un estudo que publicou Unicef agora, arredor da data do 20 de novembro, no Día para os Dereitos da Infancia e da Adolescencia —que hoxe, ademais, creo que imos ler unha declaración sobre esta data—, que tamén ten unha mostra moi importante en centros educativos do noso país, na que participaron máis de 3.000 rapazas e rapaces galegos de entre primeiro e cuarto da ESO, da que aínda non temos os datos desagregados para Galiza, que se publicarán en días recentes, pero si temos os datos para o conxunto do Estado español.

Eu quería traer, precisamente, unha parte dos resultados dese estudo para facer unha imaxe, unha fotografía o máis aproximada posible á realidade e contextualizar precisamente iso, esa democratización, ese uso cada vez máis habitual das novas tecnoloxías e como modificou tamén a forma en que nos relacionamos tamén no que ten a ver coa sexualidade das persoas. Insisto que non hai datos correspondentes para Galiza, pero si temos os datos desagregados por xénero e curso escolar do conxunto do Estado.

Hai dous aspectos nos que eu quería determe. Un é o *sexting* activo e pasivo; é dicir, que nós compartamos imaxes de contido erótico ou sexual, ou que as recibamos; e outro é como vai iso afectando e dando lugar a delitos —porque o son— como o *grooming* ou o *sexting*, pero desde un punto de vista xa delituoso.

Pregúntanlles ás persoas que participan, ás e aos estudantes que participan neste estudo: ¿enviáronche mensaxes de carácter erótico ou sexual? Di o 42 % da mostra que si; o 40 % no caso das mulleres e o 43 % no caso dos homes. ¿Enviáronche fotos ou vídeos de ti mesma —¡de ti mesma!— de carácter erótico ou sexual? O 26,7 % dos homes di que si; o 26,6 % das mulleres di que si tamén. É parello. Pero cando preguntan: ¿te han enviado fotos o vídeos



de outras chicas o chicos de tu entorno de carácter erótico ou sexual? Aí cae o 14 % no caso delas e sobe ata o 23,6 % no caso deles. Estes son os chats e os grupos de WhastApp, porque o que lle están preguntando e se te mandan a ti imaxes de contido erótico ou sexual doutras persoas da túa contorna, non de ti mesma. *¿Has enviado mensajes de carácter erótico o sexual?* No caso das mulleres, o 11,9 % di que si, e o 15,4 % dos homes di que si. *¿Tú has enviado fotos o vídeos de ti mismo de carácter erótico o sexual?* O 8 % no caso delas; o 7% no caso deles. *¿Alguén te presionou o intentou chantaxear para que lle enviases fotos ou vídeos de carácter erótico ou sexual?* No caso das mulleres, o 16 % di que si, no caso dos homes baixa ata o 6,8 %.

Poñéndolle un pouco máis de palabrería: o *sexting* é practicado practicamente por igual por mulleres e homes, pero vemos que quen sofre a extorsión, a presión, a chantaxe ou a coacción son as mulleres E, ademais, as cifras incrementáanse moito cando avanzamos nos distintos cursos educativos: terceiro e cuarto da ESO é onde máis se producen esas extorsións, esa presión, esa chantaxe ou esa extorsión con contidos, imaxes ou vídeos de carácter sexual ou contido erótico. Tamén é obvio, porque é cando comezamos a espertar tamén sexualmente.

Cando preguntan polo contacto con descoñecidos, o *grooming* é o acceso a webs de contido pornográfico por sexo, de novo e por curso: *¿has aceptado en las redes a alguien que no conocías de nada?* O 58 % no caso das mulleres di que si; o 55,9 % no caso dos homes di que si. *¿Has contactado con desconocidos a través de internet, chat, redes ou videojuegos?* O 50 % no caso das mulleres; e aquí sobe case ata o 60 % no caso dos homes. Iso é polos xogos e videoxogos en liña. Son un público maioritariamente masculino, e aí o que se xogan son partidas en liña moitas veces con persoas directamente doutros países. *¿Has quedado en persona con gente que conociste exclusivamente a través de internet?* O 20 % das mulleres di que si; o 22 % dos homes di que si. *¿Algún adulto te ha hecho una proposición sexual a través de internet?* E aquí vemos outra vez a fenda de xénero. A inmensa maioría daquelas persoas que sofren presión, chantaxe, ou neste caso proposicións de carácter sexual por parte de persoas descoñecidas, maioritariamente son mulleres. *¿Has entrado en páginas de contenido erótico o pornográfico?* Vemos outra vez, pero agora si á inversa, a fenda de xénero. No caso dos homes, máis da metade; no caso das mulleres, cae a porcentaxe até o 20 %. É dicir, o contacto con persoas descoñecidas a través da rede é habitual en ambos xéneros; non obstante, aprécianse algunhas diferenzas de interese por razón de sexo. As chicas, as mulleres —perdón, que estou traducindo no momento—, as rapazas son obxecto de proposicións sexuais por parte de adultos moito máis frecuentemente que os homes, mentres que o consumo de pornografía en liña se duplica no xénero masculino. O tránsito á segunda etapa da ESO, ao segundo ciclo, terceiro e cuarto, fai que se disparen todas as prácticas de risco, porque, de novo, volvemos insistir, é tamén o momento do espertar máis sexualmente activo.

Isto, evidentemente, fai que se incrementen os delitos contra a liberdade sexual a través da rede e que se incrementen, ademais, ano a ano e de maneira moi especial, entre as persoas menores de idade. De novo non é unha opinión, son datos do informe da Fiscalía que se presentou recentemente nesta mesma Cámara, correspondentes ao ano 2020 e que nos advirte de que se incrementan en máis do 145 % os delitos contra a liberdade sexual a través das TIC, das novas tecnoloxías da información e da comunicación, e moi, moi especialmente, entre menores de idade. Isto é o lóxico, se pensamos —insisto— en que cada vez é máis habitual que nos relacio-



nemos entre nós a través do teléfono móbil, das aplicacións, das plataformas e das redes sociais, e iso conleva uns riscos. Esa é un pouco a mensaxe tamén ou a reflexión que facemos desde o BNG. É importante e cremos que é a mensaxe que ten que saír tamén hoxe desta Cámara, coa aprobación desta lei: que necesitamos formar e informar a poboación do noso país, de calquera idade, pero moi especialmente as xeracións máis novas, para sermos conscientes dos riscos que implican este tipo de prácticas. No momento en que ti envías unha fotografía ou un vídeo do tipo que sexa, pero máis aínda de contido erótico ou sexual, a outra persoa ou a outras persoas perdes o control sobre ese contido e sobre o que iso representa. Pero a culpa —se se quere ver neses termos, bastantes morais— non é de quen decide sacar unha foto e enviarlla a alguén que lle gusta máis ou menos inocentemente, senón que o delito o comete quen comparte, quen difunde, quen ameaza, quen extorsiona e quen chantaxea. *(Aplausos.)*

Nós por iso, coas nosas emendas, queríamos introducir —algo que xa avanzaba a señora Díaz na súa intervención—, ademais na definición, que esa extorsión, esa chantaxe, ese delito non ten por que cometerse máis dunha vez necesariamente para ser considerado unha forma de violencia contra as mulleres no ámbito dixital; cunha soa vez é suficiente. Finalmente, o Partido Popular na súa autoemenda —ou na emenda que presenta— á definición xa o recolle así, xa o matiza así.

E queríamos introducir tamén outro elemento nesa definición que é a misoxinia, que non ten que ser unha violencia física ou unha violencia psicolóxica —digamos, unha violencia ou forma de violencia como tradicionalmente a poderíamos considerar—, senón a infravaloración, o menosprezo, a hipersexualización ou a cousificación das mulleres, que, no ámbito dixital e das redes sociais, é cada vez máis habitual e está máis naturalizado e normalizado, e é unha forma tamén de violencia contra as mulleres. É iso que se considera micromachismos moitas veces, que son formas de violencia moi sutís, moi naturalizadas, moi normalizadas, pero que están na base desa pirámide, dese iceberg que representa, ou co que representamos tradicionalmente no movemento e no pensamento feminista, a violencia que se exerce contra as mulleres.

Foi obxecto de debate —ademais, moi interesante, desde un punto de vista teórico— na propia ponencia. Non se aceptou. Pero tampouco imos facer causa disto, xa o dixemos na propia Comisión, no debate do ditame da Ponencia. Nós, desde o BNG, non imos facer causa disto, pero si queríamos facelo constar no debate.

Alegrámonos de que puidésemos chegar a unha transacción, que se fixo aproveitando a emenda que presentou o noso grupo, o BNG, á exposición de motivos para incorporar precisamente nesa exposición unha referencia concreta —aínda que non expresa— ao caso que coñecemos no noso país como a Maruxaina de 2019, que foron esas mulleres gravadas sen o seu consentimento, ouriñando no espazo público, na rúa, e que as imaxes acabaron penduradas en webs de contido pornográfico. Nós tamén nos alegramos —como xa trasladamos ás mulleres da Maruxaina— desa decisión xudicial da Audiencia de Lugo de reabrir o caso para que se investigue como unha violación do dereito á intimidade que na propia xurisprudencia do Tribunal Constitucional vai máis alá do ámbito privado, e que tamén abrangue, polo tanto, o espazo público. Temos ese dereito á intimidade mesmo estando nun espazo público ou na rúa.



Non hai unha mención expresa e explícita ás mulleres da Maruxaina, quero dicir, pero si que quixemos recoller na emenda o seu caso ou a súa experiencia incorporando, polo tanto, tamén como forma de violencia dixital —insisto—, na exposición de motivos, a gravación e difusión de imaxes tomadas sen consentimento, for no ámbito público ou privado, que supoñan unha humillación ou vexación para as mulleres, así como a súa distribución en redes e plataformas.

Aquí abro un matiz —para ir rematando—. Necesitamos urxentemente a modificación da lexislación española porque nós non temos competencia —mal que nos pese, ao Bloque Nacionalista Galego— en materia penal e en materia xudicial; esa é unha competencia exclusiva do Estado español. E tomando como exemplo o caso das mulleres da Maruxaina en 2019, debemos ter a posibilidade de exixir a retirada desas plataformas, desas webs ou dos espazos virtuais nos que están instalados eses vídeos das mulleres ouriñando na festa da Maruxaina, porque non pode facelo a Xunta de Galiza, pero si podería facelo, neste caso, o Estado español, se a lexislación en materia de violencia machista no Estado se reformase dunha vez por todas xa e incorporase outras formas de violencia machista; esta dixital, pero tamén porque están moi atrasadas e ademais fóra completamente do marco normativo internacional, que é o Convenio de Istambul, no que a violencia contra as mulleres vai máis alá do ámbito das relacións de parella. Que o Estado español estea dicindo agora que a partir do ano que vén se vai contabilizar a violencia machista exercida fóra das relacións de parella no ámbito estatístico é que neste país iso xa é violencia hai máis dunha década, na Lei galega de 2007. Van moi tarde e o peor é que nos fan atrasarnos ás demais, mal que nos pese.

En definitiva, imos apoiar esta proposición de lei. Insisto, imos votala a favor porque é necesaria, porque é acaída, porque necesitamos actuar sobre todos os espazos onde a violencia machista se exerce. E, hoxe por hoxe, as redes sociais, internet, as plataformas dixitais son unha realidade e un feito, e cremos que imos na liña de seguir actuando e ademais de facelo colectiva e unanimemente todas as forzas da Cámara. Eu creo que esa é a mellor mensaxe que podemos lanzar: que os dereitos das mulleres son dereitos humanos e que son dereitos fundamentais que o conxunto da sociedade galega está aquí para garantir e para defender. E iso é o que fará que non deamos marcha atrás, independentemente de cal sexa a correlación de forzas en calquera momento.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías, imaxinen que teñen un fillo ou unha filla de entre 10 e 12 anos, e que cando van traballar a deixan soa na casa. Que o seu piso non ten porta nin para entrar nin para saír, que no seu edificio ningún dos pisos ten porta e que todas as portas do edificio están abertas.



Que no piso do lado vive un pederasta, na vivenda do piso de arriba vive un violador, na vivenda do piso de abaixo vive un estafador e un acosador de menores, que o rellano da esca-leira é un plató de cine pornográfico, que no baixo do edificio hai unha casa de apostas onde regalan chuches gratis aos rapaces e ás rapazas... Ben, pois isto é o que pasa cando nós poñemos nas mans dos nosos fillos e das nosas fillas un móbil con acceso a internet e moitas veces sen ningún control parental. Poden entrar e saír neses pisos sen ningún tipo de control todo este tipo de persoas, ofrecendo servizos e ofrecendo falsas promesas aos rapaces e rapazas que nel viven. Fai falta moitísima educación, moitísima sensibilización, pero tamén os pais e as nais temos a obriga de poñer controis e portas a todo iso, porque moitas veces fisicamente estamos moi pendentes de ter pechada a porta da casa, de que non entren, de acompañar o rapaz ou a rapaza ao colexio, de que non vaia só pola rúa, pero despois deixá-molos sós e soas nun mundo paralelo onde non hai ningún tipo de control. E os informes dos que se acaba de falar —dos que eu tamén falarei— dannos datos a verdade é que moi preocupantes para todos os adolescentes e todas as mulleres e homes de entre esas idades, sobre todo as máis perigosas, de entre 12 e 16 anos.

O outro día lin unha entrevista nun medio de comunicación dunha experta que advertía dos perigos —chamaba— «deste chupete tecnolóxico». As pantallas convertéronse nun chupete tecnolóxico para os nosos fillos. Os máis pequenos, os máis cativos, teñen o chupete de silicona ou de goma, pero a partir de determinada idade pois temos os fillos e as fillas entretidos con pantallas, con móbiles, con *tablets* —a televisión xa case é a que menos se utiliza habitualmente—... Por tanto, estamos ante novos desafíos que nos poñen diante as novas tecnoloxías. E, como dicía, toda esta realidade reflíctese en datos de informes e de estudos sociolóxicos recentes.

Eu falaba o outro día —e tivemos recentemente aquí o fiscal superior de Galicia— sobre os datos da Memoria da Fiscalía de Galicia. É arrepiante porque —por darlles uns datos— as investigacións sobre cibercriminos sexuais se incrementaron no ano 2020 un 145 %, incluso por riba das estafas cometidas en internet, que están nun 135 % —que non é pouco—. Pero todos os días o que lemos na prensa son estafas de que se o banco manda unha mensaxe, de que se mandan un enlace do *phishing...*, pero non lemos tanto sobre cibercriminos sexual a rapaces e rapazas. E os datos da Memoria din incluso que están ante delitos contra a integridade sexual cometidos contra menores de 16 anos. Son os que máis se incrementaron. E, por tanto, a conclusión é que se incrementan os delitos sexuais a través das novas tecnoloxías e ademais o aumento destes delitos sexuais é contra menores de 16 anos.

Pero hai unha cuestión que non está regulada na lei estatal e que resulta fundamental, que é que a violencia dixital sexa considerada violencia de xénero, un delito. Os delitos presenciais, segundo a Memoria da Fiscalía, diminuíron, pero os tecnolóxicos e a través da rede experimentaron un crecemento impresionante. E podemos pensar que, se isto estivese regulado, ese crecemento e eses datos da Memoria terían variado. Se polo menos se incluían todos os tecnolóxicos dentro dos delitos de violencia de xénero, seguro que, en lugar de baixar, se incrementarían.

Eu tamén vou facer referencia, señora Rodil, a ese informe recente de Unicef, porque a verdade é que dá uns datos que nos teñen que levar a unha reflexión importante. Non quero



repetir todos os que deu vostede, vou falar dalgún outro: o 9,8 % dos adolescentes recibiron propostas sexuais de adultos na rede. Cando eu falaba dese edificio de portas abertas, onde podían entrar e saír na nosa casa, isto demostra, efectivamente, que na rede os adultos están facendo propostas sexuais aos menores. Falamos dun estudo feito a 50.000 alumnos de 265 centros escolares de todo tipo, públicos, privados e concertados. Este informe é moi acaído porque nos dá un reflexo da realidade que estamos a vivir. E isto tamén demostra que no Parlamento de Galicia estamos traballando ben, estamos recollendo os verdadeiros problemas que están na rúa.

Falamos de estudantes de ESO de entre 12 e 16 anos. O 42 % dos participantes —como dixo a señora Rodil— recibiron algunha vez mensaxes de contido erótico-sexual. E sobre esas preguntas das que falaba a señora Rodil, eu vou poñer outras enriba da mesa: ¿que din os rapaces e rapazas que buscan nas redes? Pois buscan combater a soidade, buscan relacións positivas, diversión e comunicarse cos seus amigos. Hoxe a diversión e as relacións entre iguais está máis nas redes que nas rúas. Con todo, tamén hai unha cara escura, o 24,7 % admiten ter pasado medo nas redes sociais; angustia, un 19,7 %; e inquietude, un 27,9 %. E son os propios adolescentes os que identifican o ciberacoso, as extorsións ou o acceso a contidos inadecuados como os principais riscos que presenta a tecnoloxía.

Eu estou segura de que os que temos fillos nesas idades, cando eles teñan fillos, seguro que son moito máis controladores e máis proteccionistas con eles, porque coñecen de primeira man os riscos e os perigos que entrañan as redes. Por tanto, os pais e as nais tamén temos a obriga de implicarnos na educación tecnolóxica dos nosos fillos e das nosas fillas. Non é axeitado regalar un móbil con dúas instrucións vagas e non facer ningún tipo de control permanente dos usos que os rapaces e as rapazas fan do móbil, de internet e das redes sociais, porque se nos poden escapar moitas cousas e, ao mellor, cando chegamos, chegamos tarde.

E a Administración e os poderes públicos tamén temos a obriga de poñer en marcha os mecanismos suficientes para previr e combater este tipo de condutas. Xa o Pacto de Estado contra a violencia de xénero concluíu, no relatorio da subcomisión, cunha serie de propostas de actuación. A número 91 dicía: «...perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital». Pasaron catro anos dende a aprobación do Pacto de Estado e aínda non se lexislou neste sentido. E, a pesar de que cada día vemos como crecen estas condutas, o Goberno de España non fixo nada para impulsar un cambio lexislativo; e isto non o di o Partido Popular, dío o Consello Xeral do Poder Xudicial. No Observatorio contra a Violencia Doméstica de Xénero, do Consello Xeral do Poder Xudicial, na última reunión que fixo de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, a súa presidenta, a señora Ángeles Carmona, pediu que se realicen cambios no Código penal —e dicía concretamente— «para tipificar a ciberdelincuencia de forma máis específica ante a cantidade de denuncias de mulleres que sofren violencia no ámbito dixital e que en moitos casos encontran un baleiro legal e non poden ser sancionadas». Carmona falou das dificultades para encaixar nun tipo penal estas denuncias. Chegan aos xulgados denuncias de violencia de control, ameazas, violencia psicolóxica a través de móbiles e outros dispositivos dixitais, e consideraba que as redes sociais son caldo de cultivo para o control da vítima.



Nós, como dicía a señora Rodil, en Galicia non temos competencia nin para modificar o Código penal nin para modificar a Lei orgánica de violencia de xénero. Pero hoxe damos un paso adiante: incluímos un novo concepto, o da violencia dixital. Eu agradezo especialmente o traballo dos grupos parlamentarios para chegar a acordos e consensos. Nós, cando presentamos esta proposición de lei, facíámolo cun triplo obxectivo: describir as condutas delituosas cada vez máis en auge, sensibilizar a xente máis nova dos perigos destas prácticas e poñer en marcha políticas públicas e medidas de prevención para evitar que estas se produzan.

Pois ben, nós cremos que o primeiro texto orixinario que presentamos e rexistramos se enriqueceu co traballo feito na Ponencia coas emendas presentadas polos grupos, porque foron emendas positivas co fin de aportar e de mellorar o texto lexislativo. Nós, a través dunha autoemenda, como dicían as ponentes que me precederon no uso da palabra, melloramos un pouco tamén a definición de violencia dixital, xa que non só é violencia dixital a que se exerce a través das novas tecnoloxías, senón tamén todo acto cometido, instigado ou agravado. Incluímos como medio para cometer o delito os servizos de xeolocalización, e melloramos a redacción, incluíndo «discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima». É algo fundamental. E é que falabamos antes de que esa violencia fose sostida no tempo, pero coa emenda o que fixemos agora foi dicir que unha soa conduta é constitutiva de violencia dixital. ¿Por que? Porque non é preciso ter moitas condutas deste tipo para que sexa violencia dixital. O simple reenvío ou envío dun vídeo con este carácter xa é violencia dixital, porque, ademais, ao final, viralízase, ¿non?, e todos os que reenvían ese vídeo o fan unha vez, pero, ao final, o vídeo chega a milleiros de persoas.

Tamén coincidimos todas na necesidade de incluír no texto unha referencia lexislativa para evitar que no futuro volva suceder un acontecemento tan deplorable como o acontecido na festa da Maruxaina. Houbo consenso dende o minuto cero. Cando se plantexou na Ponencia, buscamos cal era o mellor encaixe, e, aproveitando unha emenda do Bloque Nacionalista Galego á exposición de motivos, consensuamos un texto transaccional que xa leu a señora Rodil, no que poñamos que «...tamén a gravación e difusión de imaxes tomadas sen consentimento fóra, no ámbito público ou no privado, que supoñan unha humillación ou vexación das mulleres».

Isto non deberíamos de ter que poñelo xa nunha lei, porque creo que xa o xulgado —e vanmo permitir— tiña mecanismos e ferramentas xurídicas suficientes para continuar a investigación, e así o viu a Audiencia Provincial, e por iso reabriu o caso. Nós estamos moi contentos de que iso se fixera porque consideramos que esas oitenta e pico mulleres que foron vexadas porque as súas imaxes de contido íntimo foron subidas a unha web pornográfica non terían por que ter pasado por esa situación, e cremos que é importante que se investigue. Sabemos que é difícil que se chegue a atopar os culpables pero, polo menos, que se abra a investigación e que se faga unha mínima actividade instrutora.

Hoxe demos un paso importante na loita contra a violencia de xénero no ámbito lexislativo na nosa comunidade autónoma. Insisto, agardamos que dende o Goberno de España se tome nota e que se fagan as modificacións legais suficientes para que isto se tipifique no Código penal.



As emendas que manteñen os grupos refírense á misoxinia. Ben, nós —xa se falou na Ponencia— non é que non quixeramos incluílo, senón que de momento vemos que non hai un concepto xurídico como tal. Consideramos que é importante, ao mellor a través desa lexislación estatal, que se inclúa, e nós aí estaremos de acordo, pero, de momento, como concepto xurídico, entendemos que non é o máis acaído.

Agradecemos a sensibilidade amosada por todos os grupos parlamentarios cando mostraron a admisión a trámite desta iniciativa, pero tamén o traballo xeneroso da Ponencia. Tamén quero agradecer a súa vontade de consenso, o debate construtivo, cun único fin, que era poñer a sociedade, as mulleres, por diante de calquera interese partidista.

Coa maioría absoluta do noso grupo sería suficiente para que este texto saíra adiante, sen o apoio da oposición, pero non nos conformamos. Dende o Grupo Parlamentario Popular aspiramos a que dende este Parlamento sexamos exemplo de unidade contra a violencia de xénero. É a mellor campaña que podemos facer de cara a este 25 de novembro. É o maior compromiso que podemos asumir: mandar unha mensaxe de unidade, de que contra a violencia de xénero, tolerancia cero, e de que todos e todas remamos na mesma dirección, sen fisuras ideolóxicas nin partidistas, que has hai, pero, cando temos un obxectivo común, somos quen de poñelas a un lado.

No pleno de hoxe vanse debater varias iniciativas contra a violencia de xénero e creo que a mellor homenaxe ás vítimas é que en todas teñamos este espírito de consenso e de poñer por diante de calquera cuestión partidista as mulleres, as vítimas, pero tamén as que non son vítimas. Podemos poñer o noso gran de area para conseguir que nunca o sexan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Iniciamos agora a rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

En primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Creo que aquí se falou xa neste debate da necesidade de que eses cambios se fagan tamén no Goberno do Estado, da necesidade dos pertinentes cambios normativos. Eu xa dixen que nós tamén consideramos dende o PSdeG que ten que ser así. Se non, isto tampouco tería demasiado sentido. E, ademais, así tamén o puxemos de manifesto. Pero volvo repetir que nos consta que si que están traballando nesta cuestión; agardemos que coa maior das celeridades, e nós tamén nos encargaremos de que así sexa.



Respecto das emendas, só quedaba unha, queda a nosa emenda, que mantemos, como xa dixemos, porque si que consideramos necesario que ese termo «misoxinia» apareza. É certo que pode ser que non teña cabida xurídica, pero a realidade é que nalgún outro parlamento autonómico si que aparece ese concepto cando se fala de violencia de xénero dixital, por iso o considerabamos acaído. E, por suposto, por coherencia, nós tamén apoiaremos a do BNG, que vai precisamente no mesmo sentido.

E nesta última quenda gustaríanos poñer o foco de novo en dúas cuestións. Unha, en que non queremos deixar de insistir en solicitar a maior das atencións para traballar na prevención e sensibilización deste tipo de violencia con accións dirixidas a mulleres e homes; tamén aos homes, que son sempre os grandes esquecidos das campañas de sensibilización E outra en que poñan o foco sobre todo na adolescencia. Eu tiña tamén os datos do último informe de Unicef, e non vou agora incidir no mesmo que se dixo, pero si que nel, en efecto, se pon de manifesto a necesidade de, como digo, poñer o foco na xente máis nova, na adolescencia, nos adolescentes. Tamén o fiscal superior de Galicia o outro día advertía do preocupante incremento deste tipo de violencia nas redes. E eu creo que iso tamén quedou de manifesto nas tres intervencións de hoxe aquí dos tres grupos parlamentarios. É moi importante sobre todo traballar, como estamos dicindo, nesa xente nova, porque, ademais, se non traballamos con ela, continuaremos perpetuando esta violencia de xénero dixital.

Queremos tamén, en último lugar, volver incidir, como digo, nos poucos estudos, porque é certo que é como algo bastante recente, aínda non hai demasiados estudos, e queremos incidir tamén en que socialmente estamos moito máis preparadas, moitísimo máis preparadas para prever o impacto das violencias analóxicas, porque para esas violencias si que coñecemos xa os nosos códigos de supervivencia ou os códigos cos que temos que comportarnos, pero non temos claras aínda as consignas para detectar ou para protexérmonos desas violencias dixitais.

Así que, por favor, poñamos todos agora mesmo todos os nosos esforzos, lexislando ou non lexislando, e facendo campañas de sensibilización para intentar atallar isto, porque, realmente, a situación é verdadeiramente preocupante.

Nada máis pola nosa banda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu moi, moi brevemente, porque creo que están as posicións moi claras e creo que, ademais, falamos en detalle das reflexións que cada un dos grupos tiñamos.

Ao final, é certo que a presenza maioritaria na rede de maneira normalizada, habitual e diaria corresponde ás xeracións máis novas, pero non só. Eu atrévome a dicir que a práctica tota-



lidade, se non todas as persoas que estamos aquí, temos conta nalgunha rede social, independentemente da nosa idade, e estou convencida de que aquí hai persoas maiores de 45 anos moi activas, cunha presenza total en Facebook, por exemplo. Pero é certo que non as usamos ou non se usan, en función da idade, da mesma maneira.

Eu para rematar o que quería é romper unha lanza —que isto tamén o debatemos moito na Ponencia—, non só con este proxecto de lei ou con esta proposta de lei, senón tamén con outras en materia de violencia machista, a favor das mulleres, especialmente das máis novas deste país, porque nunca tivemos unha xeración tan formada, tan informada e tan concienciada como a xeración máis nova e das mulleres máis novas deste país, ¡nunca! (*Aplausos.*) E iso tamén é un logro colectivo, social, desta lei de violencia machista do ano 2007, por exemplo. Nunca unha xeración como a máis nova que hoxe hai en Galiza tivo un grao de conciencia feminista tan grande, e iso víase —se estiveron— nas enormes e multitudinarias manifestacións dos últimos 8 de marzo ou 25 de novembro dos últimos anos antes da covid. E iso é reflexo tamén de que as cousas avanza. A sociedade avanza, e hoxe temos unha xeración que detecta moito antes todas as formas de violencia machista. Por iso tamén as estatísticas aumentan. Primeiro, porque se fan. Á xeración da miña nai seguramente nunca lle preguntaron ou falaban abertamente de violencia machista, nin na casa nin moito menos na escola. Hoxe facémolo, aquí ocupa unha parte importante do debate, da axenda política, do traballo de todos os grupos diariamente. Eu xa tiven, e teño, máis formación, máis información —estou convencida— e máis conciencia que a xeración da miña nai. E as que veñen por detrás son increíbles; é increíble o grao de formación que teñen, o grao de conciencia. E é certo, séguense reproducindo situacións de violencia, de acoso, de opresión e de discriminación, porque non imos acabar cunha opresión milenaria, que se sostén sobre un sistema de dominación social que o impregna e atravesa absolutamente todo, da noite para a mañá. Pero estou convencida de que coa mocidade e, sobre todo, coas mulleres máis mozas deste país, imos ser capaces de dar enormes pasos de xigante para construír unha sociedade que, no fondo, por ser máis feminista, é máis xusta e é máis democrática para o conxunto da poboación.

Máis nada. (*Aplausos.*)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Quero dicir que nas emendas que se manteñen polos grupos xa temos falado que fundamentalmente hai un concepto que é o que nos levou case a unha parte importante do debate, que é o tema da misoxinia. O posicionamento que tiñamos nós coa misoxinia era que non é un concepto xurídico definido en ningunha norma, nin estatal nin autonómica, aínda que aparece nun texto lexislativo —creo— na comunidade catalá.

Agardamos que no Estado se lexisle porque é imprescindible e é urxente que se faga esa modificación do Código penal e da Lei orgánica contra a violencia de xénero. É fundamental, porque sen iso non se pode combater ao cen por cento. Porque nós hoxe aprobamos unha modificación puntual do que é unha definición dunha forma de violencia de xénero nunha



norma que simplemente recolle cuestións meramente administrativas e de impulso de políticas públicas, de formación, de educación, de prevención, pero en ningún caso podemos sancionar nin condenar esas condutas a través da lei galega.

Polo tanto, creo que ese é o lugar axeitado para incluír ese novo concepto xurídico, se é que así se decide no Congreso dos Deputados no debate, e nós, unha vez que iso se produza, podemos dar aquí outra vez o debate, porque seguro que a nosa norma, que está viva, podemos actualizala con moitísimas outras cuestións.

Eu tamén me quero sumar a esa lanza que rompía a señora Rodil para a nosa xente nova. Efectivamente, as mulleres máis novas do noso país están moi concienciadas do que son os seus dereitos, de reivindicar os seus dereitos, e de cal é a liña rosa que non permiten que se pase. Pero tamén digo que, efectivamente, canta máis educación hai, canta máis formación hai, tamén detectamos moitas relacións tóxicas entre adolescentes, condutas non sei se opresoras, pero si controladoras sobre esas mozas, controis polas súas parellas de contrasinais de móbiles, de contrasinais de redes sociais, e iso é algo no que temos que seguir traballando día a día e polo que seguir loitando para que esas mulleres sexan libres deses controis que a ningún sitio nos levan.

Remato, agradecendo unha vez máis o traballo dos grupos, o traballo das ponentes da Comisión e a xenerosidade que tivemos as tres ponentes en representación dos nosos grupos para acadar este consenso que creo que hoxe é histórico en Galicia, porque creo que somos a primeira comunidade autónoma que incluímos na lei a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación.

Votación conxunta da emenda número 1, mantida polo G. P. dos Socialistas de Galicia, e da número 1, mantida polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da comisión coas emendas incorporadas, que neste caso son as da propia comisión.



Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Aplausos.)

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Paso agora a ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos con motivo do Día Mundial da Infancia no ano 2021, e que di:

«O Parlamento de Galicia únese a Unicef na celebración do Día Mundial da Infancia, un día para recordar que aínda temos retos pendentes de alcanzar na nosa comunidade autónoma para que os dereitos da infancia sexan unha realidade.

Os nenos, nenas e adolescentes enfróntanse hoxe a múltiples desafíos, como a pobreza, a crise climática, as desigualdades, as consecuencias da covid-19, etc.; desafíos que comprometen o seu nivel de benestar hoxe, mais tamén as súas oportunidades de desenvolvemento e supervivencia no futuro. Avogamos por unha visión en que o máis local e o global vaian da man na procura de solucións. Por iso, comprometémonos a impulsar medidas encamiñadas a:

1ª. Poñer no centro da nosa acción política os dereitos de nenos, nenas e adolescentes con estratexias e recursos a longo prazo para conseguir resultados tanxibles, tendo en conta a infancia e a adolescencia en todas as decisións, tanto na resposta ás crises como na recuperación no marco dos principios reitores da Convección sobre os dereitos da infancia.

2ª. Investir en saúde mental. A covid-19 contribuíu ao preocupante aumento dos trastornos de saúde mental entre nenos, nenas e adolescentes, polo que incidiremos co Goberno galego na necesidade de proporcionar máis atención a este problema destinando os recursos necesarios especialmente para os máis vulnerables.

3ª. Garantir o uso seguro, responsable e crítico da tecnoloxía. Tras a pandemia e coa chegada da educación a distancia apreciouse un aumento das competencias dixitais de nenos, nenas e adolescentes, mais tamén dos riscos. Por iso, comprometémonos a incidir en políticas para o acceso equitativo aos recursos tecnolóxicos, para mellorar as competencias dixitais, para promover o desenvolvemento dunha contorna protectora no ámbito dixital e a sensibilización de todos os actores implicados para promover o uso seguro e responsable.

4ª. Avanzar na escoita real e permanente de nenos, nenas e adolescentes. Aínda que están a darse avances na participación da infancia e adolescencia, incidiremos en fortalecer os mecanismos de escoita real, activa e permanente, tamén no ámbito parlamentario.



5ª. Abordar a crise climática. O cambio climático é un dos maiores desafíos a que se enfrenta a humanidade. Comprometémonos a promover a redución das emisións de CO₂, a aumentar o investimento na adaptación ao cambio climático, a impulsar unha mobilidade activa e sustentable, a promover a educación ambiental e a garantir unha recuperación verde da covid-19.

Finalmente, queremos felicitar a Unicef por este ano no que conmemora o seu 75 aniversario, polo seu incansable traballo para chegar aos nenos e ás nenas máis vulnerables, co obxectivo de que cada nena e neno gocen da súa infancia e teñan unha oportunidade xusta.

Seguiremos no camiño que nos marca a Axenda 2030, incidindo máis en situar a nosa infancia no centro da resposta a estes retos.

Santiago de Compostela, 23 de novembro do 2021.»

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora ao punto segundo da orde do día, de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Emprego e Igualdade, por petición propia, para facer balance das medidas e accións levadas a cabo en materia de emprego e igualdade durante este último ano e as previsións para o ano 2022

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia, ten, en primeiro lugar, a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo, efectivamente, aquí para facer balance das principais medidas e das principais accións que levamos a cabo neste ano 2021 por parte da Consellería de Emprego e Igualdade e tamén para dar conta dos principais plans, dos principais programas que están na estratexia da Consellería para o vindeiro ano 2022.

Vou dar comezo coas medidas e coas accións referidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero por tratarse, creo, das cuestións máis transcendentales e máis sensibles que levamos a cabo ou nas que temos competencia e responsabilidade nesta consellería.

Nesta semana, ademais, no mes de novembro, penso que ten un especial protagonismo, por suposto, a loita contra a violencia de xénero. Mirando cara a atrás, durante o período da pandemia, a loita contra a violencia de xénero fíxose máis intensa ca nunca, e así tiña que ser: reforzouse o Plan de atención ás vítimas de violencia de xénero; para garantir a súa se-



guridade, como xa coñecen, funcionaron con normalidade, coa condición de servizos esenciais, todos os servizos de atención telefónica, psicolóxica ou o punto de coordinación das ordes de protección e, por suposto, a atención que prestaban os CIM, os centros de información á muller. Pero reforzáronse tamén algúns servizos específicos e ampliáronse, como foi o caso do servizo do traslado das vítimas, que se proporcionou de acordo coa Federación Galega do Taxi, tamén se ampliaron os centros de acollida e ampliamos o Bono de alugueiro social, para asumir o cen por cento do alugueiro das vítimas. Todas estas actuacións levaron a rexistrar os seguintes datos no primeiro semestre do ano 2021, dos que paso a dar conta. Houbo 3.083 denuncias, o que supón un incremento de 197 respecto do mesmo período das do ano anterior, e 580 medidas de protección, que son 93 menos que no ano 2020. Foron concedidas axudas económicas a 573 mulleres, das cales 341 foron beneficiarias de axudas periódicas mensuais, 219 beneficiarias das de pago único, 12 beneficiarias no que vai de ano de indemnizacións e unha indemnización a unha muller gravemente ferida.

No ano 2021 cómpre sinalar que puxemos, ademais, en marcha dous programas novos: un programa de fomento á contratación das mulleres vítimas de violencia de xénero por parte de entidades sen ánimo de lucro —foron 33 as mulleres que foron contratadas a través deste programa— e, así mesmo, os apoios para facilitar a mobilidade xeográfica por razóns laborais das mulleres que son vítimas de violencia de xénero, dos que foi beneficiaria deste segundo programa unha muller.

Con todo isto, lamentablemente, neste ano contamos cunha vítima mortal de violencia de xénero na nosa comunidade; un número que, por suposto, representa, ademais dunha vida perdida, moitísimas outras machacadas por este sufrimento. Por iso, por suposto, temos que continuar traballando, e temos que facelo incansablemente ata que ese número sexa o número cero.

Estamos intensificando as nosas accións e desenvolvendo ao longo deste último trimestre do ano unha terceira edición do Plan de formación de persoal dos centros de información á muller, e temos previsto impulsar proximamente formación para as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

Estamos tratando de formar os profesionais, o persoal técnico e de informar e concienciar a toda a cidadanía con accións específicas tamén centradas nos xoves, con convenios de colaboración cos periodistas, a través da súa asociación e do colexio profesional, con accións específicas para mulleres no rural, para mulleres con discapacidade, con novas actuacións centradas en focos concretos de violencia de xénero, porque sabemos que así se precisa, como son a violencia vicaria, a violencia sexual ou a violencia dixital, da que acabamos de falar agora mesmo.

Temos, por suposto, temas, como digo, que non son novos para este parlamento, porque en moitas ocasións xa chegamos a acordos e a consenso para dar respostas ás demandas urgentes neste eido; como digo, esta aprobación que se acaba de facer desa reforma en materia de violencia dixital, pero tamén a violencia vicaria, que contou xa co respaldo desta Cámara o pasado 13 de xuño para recoñecer lexislativamente a transcendencia que ten este tipo de violencia, e dándolle, polo tanto, rango de lei a unha cuestión que a Xunta xa dende o ano



2015 pois estaba recoñecendo *de facto* ao facer partícipes dos servizos e as axudas que teñen as vítimas de violencias de xénero as vítimas de violencia vicaria.

No ano 2022 destinaremos á loita contra a violencia de xénero 18 millóns do noso presuposto, un 22 % máis de incremento respecto do destinado no exercicio anterior. Isto permitiranos, por suposto, manter todos estes servizos e prestacións e recursos xa existentes, pero tamén amplialos e reforzalos.

Temos que insistir moitísimo —e así o imos facer— no fomento da contratación e da inserción laboral das vítimas da violencia de xénero, porque entendemos que soamente a independencia económica pode realmente facer saír a vítima desa situación. Por suposto, imos manter e reforzar todas as axudas directas, as de pago único, as axudas periódicas mensuais e tamén as indemnizacións económicas, que son claves para as vítimas cando tratan de saír desta situación, e continuaremos con todas as colaboracións con concellos, coas entidades do terceiro sector, coas universidades.

Imos desenvolver dous novos recursos ou dous novos servizos: uns son os catro centros de atención as vinte e catro horas para as vítimas de agresións sexuais, un en cada provincia, no marco dos fondos transferidos polo Ministerio de Igualdade, e imos traballar tamén por ampliar o proxecto Fénix, que é un proxecto de intervención con menores que manifestan condutas violentas a todo o territorio da Comunidade Autónoma. E tamén destacar que imos elaborar para este ano o primeiro plan galego contra a trata e a explotación sexual, no que se prevé incorporar medidas novidosas para a loita contra esta lacra na nosa Comunidade.

Todas estas actuacións, actuacións pasadas, e tamén as actuacións futuras que pensamos realizar, son proba —penso— que non só, por suposto, do compromiso desta consellería, senón tamén de todos os departamentos da Xunta de Galicia, de todo o Goberno galego, pero tamén —e o que é máis importante— son proba tamén do consenso e da cohesión política que existe nesta materia, da cohesión territorial e da cohesión social arredor dun asunto que considero que é prioritario para todos nós como sociedade.

Neste eido da igualdade, gustárame tamén falar da reforma que imos facer da Lei de igualdade autonómica; levamos meses traballando neste texto da reforma e presentáremola proximamente na Cámara, coa finalidade de modernizar a regulación que temos actualmente en Galicia, adaptándonos ao contexto sociolaboral actual, anticipándonos naqueles aspectos en que entendemos que debemos incidir, como digo, como é, por suposto, o eido da igualdade laboral.

Pretendemos, con esta nova regulación, conseguir o maior consenso posible en Galicia e pasar a regular cuestións e visibilizar cuestións como a discriminación múltiple, ampliar as medidas para loitar contra o teito de cristal e mellorar o benestar laboral da muller.

Trátase dunha reforma que tratará de impulsar a independencia económica das mulleres e o seu desenvolvemento profesional, ao tempo que incide na necesaria implicación que ten que ter o tecido empresarial galego nesta consecución.



No relativo á promoción da igualdade, continuaremos desenvolvendo todas as actuacións e os programas habituais que temos coas axudas aos concellos, ás entidades locais e tamén ás federacións e ás confederacións das ANPA.

Pero si me gustaría destacar dúas cuestións neste ámbito de promoción da igualdade: un é o programa Emega —xa coñecido—, de apoio ao emprendemento e ao autoemprego. Por dar datos do ano 2021, bateu récords históricos nas solicitudes, foron 1.500 solicitudes, e co crédito dispoñible este ano, que eran un pouco máis de 3 millóns de euros, puidemos atender a 234 novos proxectos empresariais e crear ou manter 512 postos de traballo femininos. Este programa, debido ao éxito que estamos vendo que ten ano tras ano, para o ano 2022 contará cun novo incremento; son 4,2 millóns de euros, co cal duplicamos o orzamento no que vai de lexislatura.

En segundo lugar, dentro da promoción da igualdade, gustaríame tamén facer un aparte á conciliación. Dentro da conciliación temos a liña ordinaria para compensar a redución de xornada e fomentar a corresponsabilidade. Neste ano 2021 imos chegar con esta axuda a 2.860 persoas beneficiarias. Pero dentro dos apoios á conciliación, incorporamos, ademais das axudas ás entidades locais galegas para o fomento da conciliación, que se manteñen, as axudas que se dan dende a Dirección Xeral de Relacións Laborais para fomentar os acordos laborais que se levan a cabo en materia de flexibilidade, en materia de fomento do teletraballo e tamén para a adquisición de equipos informáticos que fomenten esta conciliación. Tamén as axudas á conciliación que se dan ás persoas traballadoras autónomas; tiveron 26 beneficiarios o ano pasado. E, por último, este ano levaremos a cabo, cos fondos que transfire o Ministerio de Igualdade, o Plan Corresponsables. En total, son apoios á conciliación por valor de 16 millóns de euros para o exercicio 2022.

Na área de relacións laborais, no ano 2021, penso que temos que destacar que puxemos o foco principalmente na igualdade de oportunidades e na non discriminación dentro do ámbito laboral. E fixémoslo con accións formativas creadas *ex novo* este ano 2021. Puxemos en marcha cursos de igualdade laboral por primeira vez na Comunidade Autónoma, cursos que van dende un moi pequeno de oito horas ata outro de trinta e cinco horas, que pretenden facilitar ao tecido empresarial galego os coñecementos mínimos sobre o procedemento de negociación dos plans de igualdade no seo das súas organizacións.

Puxemos tamén en marcha un curso teórico-práctico de dez horas de duración sobre a prevención e o tratamento do acoso sexual e por razón de sexo no traballo e outro sobre a aplicación dos rexistro retributivo nas empresas, sobre o traballo a distancia, sobre a corresponsabilidade e a conciliación.

Son 3.000 persoas neste ano 2021 as que obtiveron o certificado de aproveitamento vinculado á formación en igualdade laboral ofrecida de maneira gratuíta pola consellería. Galicia é a primeira e a única comunidade autónoma en toda España que ofrece este tipo de certificados e que, ademais, ofrece esta formación específica en igualdade laboral de modo virtual. Isto é posible porque, debido ao éxito destes cursos, puxemos xa no mes de outubro un campus virtual de igualdade laboral, un espazo dixital —como digo— de teleformación, dirixido a informar, a formar, a sensibilizar e a dotar de recursos a sociedade galega, en xeral, e, por suposto, o tecido empresarial no eido da igualdade entre homes e mulleres nas empresas.



A través deste campus no ano 2022 vanse programar un total de dez talleres temáticos, tres talleres transversais, seis talleres complementarios e un curso —que penso que é o máis importante de todo o que estou sinalando— especializado en materia de auditoría retributiva e valoración dos postos de traballo, que conta con cento catro horas de formación.

Darase información en temas tan novidosos como a prevención da violencia de xénero nos plans de igualdade, a aplicación do principio de igualdade nos protocolos de desconexión dixital e de teletraballo, a igualdade de trato no emprego público e a protección social, ademais doutros propios da negociación dos plans de igualdade, como os procesos de selección e contratación nas empresas, a promoción profesional, o exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal e familiar e laboral en relación cos plans de igualdade.

Ademais, por suposto, neste ano 2022 continuaremos coas subvencións, que xa levamos tres anos levando a cabo, tanto aos axentes sociais como aos empresariais para crear eses gabinetes técnicos que axudan en materia de igualdade laboral e asesoran as empresas e os sindicatos nesta materia, e tamén subvencións ás empresas —como dicía antes—, tanto para levar a cabo actuacións de conciliación, fomentando eses acordos de teletraballo, eses acordos de flexibilidade horaria, como tamén para apoialos na elaboración e na implantación dos plans de igualdade.

Na planificación para o ano 2022 está tamén previsto realizar a Estratexia galega de responsabilidade social e empresarial 2022-2024, continuando coa anterior estratexia que está agora mesmo a piques de rematar.

Dentro do ámbito desta Dirección Xeral de Relacións Laborais, tamén me gustaría destacar un proxecto moi ambicioso que se está levando cabo cos axentes sociais, que é un proxecto a tres anos, o proxecto Empreganav, que comezou neste ano 2021, e aínda ten dous anos, polo tanto, de andadura. O proxecto céntrase na inserción laboral das persoas desempregadas na industria auxiliar da construción naval en Galicia, a través dun deseño dun plan integrado de medidas que está adaptado a estas persoas traballadoras afectadas. Conta con oitenta e dúas actividades formativas de recualificación profesional, que poden estar dentro ou fóra do propio sector e que tamén pretende fomentar o autoemprego e a recolocación destes traballadores. O proxecto —como dicía— comezou este ano, levamos 455 persoas adheridas e ten un orzamento para o ano 2022 de 1,8 millóns de euros.

O ano 2022 pretendemos poñer en marcha o programa de inserción laboral e tamén o desenvolvemento de accións formativas para mellorar o emprendemento destas persoas e tamén a inserción laboral.

Por último, reservamos tamén para o ano 2022 3 millóns de euros para continuar apoiando os traballadores que aínda seguen en ERTE en Galicia, actualmente 8.431, e, se é o caso, traballadores que poidan estar afectados por posibles ERE.

Hai un ano tiñamos 176.574 persoas en paro e hoxe temos 154.045. Galicia recuperou emprego perdido durante a pandemia e ten menos persoas desempregadas mesmo que hai dous anos. Contamos hoxe con 27.262 persoas desempregadas menos que hai un ano, que é unha



caída superior ao 15 %, temos un incremento de afiliacións en 20.633 persoas e tamén un incremento da contratación indefinida e a tempo completo de máis dun 17 %. Saíron dun ERTE un total de 156.607 traballadores e traballadoras, o que supón un 94,89 % do total que rexistramos en abril do ano 2020. Pero por suposto que temos que seguir enfrontándonos ao futuro con absoluta prudencia, temos que seguir traballando para axudar as 90.388 mulleres e os 19.027 mozos que se atopan en paro, e dentro destes os 76.219 parados de longa duración. Temos que seguir traballando polos colectivos prioritarios que requiren un apoio específico dos gobernos e das administracións á hora de integrarse no mercado laboral.

Dende hai pouco máis dun ano nesta consellería funcionamos con ese principal obxectivo de consolidar o emprego en Galicia, de manter, de crear o emprego en Galicia, nun marco de igualdade de oportunidades. Por iso neste ano 2022 a Xunta de Galicia apostou por presentar uns orzamentos expansivos para esta Consellería de Emprego e Igualdade, un orzamento que medra en 32 millóns de euros, un 9,2 %, é dicir, máis de 2 puntos porcentuais por riba da media, con 380 millóns de euros, que é a maior contía da serie histórica para emprego e igualdade.

Pero si me gustaría destacar que no que vai de lexislatura, é dicir, entre o ano 2021 e o 2022, o incremento para as partidas autonómicas destinadas a emprego e igualdade é de 130 millóns de euros, é dicir, un 52 % de crecemento nos orzamentos.

Ao longo do ano 2021 para soste o emprego nos momentos máis difíciles da pandemia, especialmente naqueles sectores e naquelas actividades económicas que se viron máis afectadas pola covid-19, articulamos e executamos —como saben— catro plans de rescate. Os dous primeiros plans articulámoslos en nove meses escasos, destinamos 180 millóns de euros e atendemos 80.000 solicitudes, 180 millóns de euros que foron ingresados nas contas dos autónomos, das autónomas, das pequenas empresas da Comunidade Autónoma nese tempo récord e poñendo á disposición fondos propios da Comunidade Autónoma.

Do mesmo xeito, estamos sacando adiante os outros dous plans de rescate cos fondos estatais, que na actualidade —dígolles— reflicten os seguintes datos: no terceiro plan, 5.912 solicitudes rexistradas, vai abonado o 80 % destas solicitudes; e no cuarto plan, do que aínda está aberto o período de solicitudes ata o 31 de decembro, van ata o de agora 5.428 solicitudes presentadas. Todo isto se tramitou e se levou a cabo a través da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, pero non cesou esta dirección xeral, por suposto, de levar a cabo as súas funcións ordinarias a través das actuacións dirixidas a crear emprego e a consolidar o emprego existente. En total, con todas as axudas que á vez que estes plans de rescate tramitou a dirección xeral, ata finais de outubro creamos 2.781 empregos e beneficiáronse 1.861 empresas galegas. Para o ano 2022 para as áreas de emprego, traballo autónomo e economía social destinaranse 147 millóns de euros; son 45,3 millóns de euros máis que o ano anterior, é dicir, un crecemento de máis dun 44 %.

Dentro desta área gustaríame fundamentalmente referirme a dúas cuestións. Por unha banda, un proxecto novo, que son os polos de emprendemento rural, e, por outra banda, os plans de emprego que temos deseñado para os colectivos especialmente vulnerables en canto a emprego, cales son a muller e os xoves e as persoas con discapacidade en risco de exclusión social.



Os polos de emprendemento é un proxecto ambicioso que pretende dividir Galicia en doce zonas, en doce comarcas socioeconómicas, e analizar en cada unha desas zonas os sectores que poden dar emprego, os sectores que aínda non teñen ou precisan de emprendemento nesas comarcas, de forma que o que imos é identificar as oportunidades emerxentes en cada unha das comarcas e fomentar o emprendemento en calquera das súas fórmulas, ben sexa como autónomos ben sexa con fórmulas de economía social; e todo isto facilitando ao tempo a transferencia da tecnoloxía e do coñecemento mediante a colaboración coas universidades e cun programa, por suposto, de axudas para a posta en funcionamento e o mantemento e a consolidación destas pequenas empresas nas súas orixes.

Como digo, trátase de doce polos de emprendemento. Imos comezar no ano 2022 coa implantación dos catro primeiros, un en cada provincia, e tamén dun centro coordinador, o Centro de Orientación, Emprendemento e Innovación, que estará situado aquí na capital galega. O investimento para o ano 2022 para estes cinco polos ascende a máis de 12 millóns de euros. Como dicía, quería destacar, por unha banda, este proxecto.

En segundo lugar, eses plans específicos que deseñamos para os colectivos prioritarios que atopan maiores dificultades e que atopan maiores obstáculos á hora de encontrar emprego, e que, polo tanto, é aí onde as administracións e onde os gobernos temos que centrar os nosos esforzos. Por unha banda, o Plan Emprega muller, con apoios integrais para o acceso ao emprego pero tamén para o mantemento e a consolidación e a promoción profesional do colectivo feminino. Este plan conta con cinco programas específicos exclusivos de nova creación. Por unha banda, o programa de mellora das capacidades dixitais para as mulleres que residen no medio rural. Este plan conta con 10,4 millóns de euros e está destinado ao reforzo das competencias dixitais e á cualificación profesional das mulleres residentes no medio rural. Contamos con que poidamos beneficiar 20.000 mulleres no ano 2022.

Por outra banda, programas integrados de emprego exclusivamente destinados a mulleres. Imos destinar 4,8 millóns de euros e prevemos contar con 1.100 mulleres beneficiarias.

En terceiro lugar, unidades formativas en empresas con subrepresentación feminina. Imos destinar 2 millóns de euros para financiar o 100 % da formación que impartan aos traballadores e ás traballadoras as empresas, apoiando ao mesmo tempo as empresas nas contratacións. Prevemos chegar a 1.200 mulleres.

En cuarto lugar, o programa Muller 22, dotado con 6 millóns de euros para facilitar e apoiar ao longo do ano 2022 a incorporación de 1.000 mulleres no mercado laboral, contando para isto cun incentivo de 6.000 euros por contratación.

E, en quinto lugar, o programa de relevo xeracional Empresa muller, 1 millón de euros. Ten por finalidade favorecer a substitución nos cadros de persoal das empresas das persoas traballadoras próximas á xubilación por mulleres. As contratacións de remuda realizadas ao abeiro deste programa incentivaranse cunha axuda de 7.500 euros por cada contrato realizado.

Neste Plan Emprega muller, ademais destes cinco programas novos, incluímos por suposto os tres programas xa coñecidos, que son o programa Son executiva, de promoción do lide-



rado feminino; o programa Emprega Galicia, na liña específica destinada a mulleres, que son 5 millóns de euros; e o programa Omega, que xa comentei. Co cal poñemos á disposición, a través destes programas específicos, no Plan de Emprega muller para o 2022, 34,3 millóns de euros para o emprego feminino.

En segundo lugar, o Plan Emprega xuventude ten tres programas específicos de nova creación. En primeiro lugar, o programa Talento 30, son 22 millóns de euros para chegar —contamos— a 1.620 mozos e mozas, subvencionando tanto contratos en prácticas como contratos de formación e aprendizaxe nas empresas. O programa Investigo, para a xeración de emprego xuvenil no eido da investigación, da tecnoloxía e da innovación, 13 millóns de euros, con apoios destinados ao financiamento dos custos laborais das contratacións por conta allea con calquera modalidade de contrato cunha duración mínima de doce meses e máxima de vinte e catro para o desenvolvemento e execución de iniciativas de investigación e de innovación.

Un terceiro programa, primeira experiencia profesional nas administracións públicas, 11,2 millóns de euros, que ten por obxectivo promover a contratación de persoas mozas para a adquisición de experiencia profesional nas entidades do sector público autonómico de Galicia. Serán 386 contratos en prácticas, divididos en tres categorías: unha categoría de emprego verde, na que se pretende realizar máis de 100 contratos; unha de competencias dixitais, con 70 contratos; e outra de emprego en xeral, máis de 200 contratos. Estes programas únense aos obradoiros de emprego para mozos, de todos os anos, e contarán con 3,5 millóns de euros para o ano que vén. E tamén a liña específica de 2 millóns de euros do programa Galicia emprega; este ano contamos con chegar a 350 mozos. En total, o Plan Emprega xuventude contará con 51,8 millóns de euros para o exercicio 2022.

E, en terceiro lugar —como dicía—, o terceiro colectivo que cremos que temos que apoiar firmemente dende o Goberno, por tratarse dun colectivo especialmente vulnerable, é o relacionado coas persoas con discapacidade e tamén coas persoas en exclusión social. Temos no ano 2022 dous programas específicos de nova creación para o apoio á formación e á integración laboral destas persoas con máis dificultades para acceder ao mercado de traballo. Un novo programa para mellorar a empregabilidade, en colaboración coas principais entidades de representación autonómica do colectivo, que posibilite a posta en marcha dun servizo de intermediación avanzado para as persoas con discapacidade; 5,5 millóns de euros para financiar este servizo de intermediación. E logo un novo programa de posta a punto para o emprego, dotado con 2,3 millóns de euros, en colaboración coa entidade máis representativa do ámbito da loita contra a pobreza en Galicia, na procura da capacitación integral para a consecución dun emprego para as persoas perceptoras de Risga; pretendemos beneficiar con este programa máis de 2.700 persoas.

Continuaremos, por suposto, co programa piloto, que xa se iniciou o pasado ano, de formación dual para as persoas con discapacidade intelectual, onde alterna o emprego e a formación. Incrementamos un 3,8 % as axudas para a creación e o mantemento dos postos de traballo nos centros especiais de emprego. E tamén un 25 % as axudas á creación e mantemento do emprego en empresas de inserción laboral. Deste modo, sumamos 38,4 millóns de euros neste Plan de emprego discapacidade e exclusión social para o ano 2022.



Por último, non me gustaría rematar esta parte da comparecencia relativa ao emprego sen facer unha mención específica tanto á economía social como aos autónomos e ás autónomas de Galicia e á economía social. Porque estamos vendo —e así ademais o din todos os organismos e as institucións— que a economía social se está convertendo nunha fórmula de emprendemento que é moitísimo máis resistente —e foino durante a crise— que calquera outra fórmula de economía, e, ademais, é unha fórmula especialmente proclive en Galicia, está moi vinculada á contorna, é absolutamente respectuosa co medio ambiente e pon os intereses colectivos por diante dos intereses individuais. E por esta razón cremos dende o Goberno que temos que continuar apoiánda. No ano 2021 apoiamos 281 entidades de economía social e 458 postos de traballo neste sector, e no ano 2022 crecemos ata 35 millóns de euros, máis dun 6 % en economía social.

Destacar dous programas novos para o ano que vén no eido da economía social. Un, que é o programa Es-Próxima, que xorde coa finalidade de definir un selo de identidade da economía social en Galicia. E un segundo programa, que é o programa Es-Factory; este é un programa de aceleradoras de emprendemento vinculadas á economía social, co que se orientará e se acompañará ás persoas promotoras de proxectos empresariais baixo estas fórmulas; e pretendemos con isto contribuír á creación de 75 *startups* da economía social e apoiar 300 persoas.

En segundo lugar —como dicía—, gustaríame facer unha mención ao colectivo de autónomos da nosa Comunidade Autónoma. É un colectivo que constitúe, xunto coas súas microempresas, practicamente a totalidade do tecido empresarial na Comunidade Autónoma, un 97 %. Son proxectos empresariais que sosteñen a economía das familias galegas, foron os que peor o pasaron economicamente e laboralmente durante toda a crise da pandemia. Pero, aínda así, en Galicia penso que demostraron a valentía que teñen os autónomos, porque, se comparamos os datos do mes de outubro e a situación actual coa de hai un ano, pois atopamos unha evolución favorable dos autónomos en Galicia. Hai 1.259 novas altas, cun ritmo de crecemento dun 0,61 %; e ademais este ritmo de crecemento é unha tendencia que se está acusando por sétimo mes consecutivo en Galicia.

Por esta razón, evidentemente, no ano 2022 temos que seguir mantendo a totalidade dos apoios habituais que se presentan, ademais, demandados como efectivos. E neste 2021 apoiamos, ademais dos plans de rescate por suposto, 3.700 autónomos e autónomas nos seus proxectos profesionais.

E gustaríame simplemente sinalar que para o ano 2022 imos comezar as bases da definición da nova Estratexia do emprego autónomo en Galicia. E farémolo, por suposto, como facemos todos os programas, dialogando coas tres asociacións de autónomos que están presentes na Comunidade Autónoma e na Mesa do Emprego Autónomo de Galicia. E destacar tamén un proxecto novo para os autónomos para o ano 2022, que é o proxecto Empresa dixital. Este proxecto pretende prestar apoio á hora de abordar os cambios tecnolóxicos, os cambios informáticos, de transformación dixital, nas empresas na nosa Comunidade Autónoma, nas pequenas empresas. O que imos facer é apoiar o custo mensual dunha persoa que traballe na propia empresa, que terá que ir formando e capacitando o persoal desa empresa, os autónomos e as persoas que teña contratadas, de xeito que a transformación dixital sexa un proceso continuo dentro do seo da propia empresa.



Ben, ao longo deste ano —pero penso que xa con vistas ao ano que vén— estase mostrando como absolutamente necesaria unha firme aposta pola adaptación aos novos contornos laborais, ás novas maneiras de traballar, tecnoloxías emerxentes. Isto exige unha nova proposta formativa, unha nova proposta de cualificacións que dea resposta á demanda existente relativa á transformación que está experimentando o mercado de traballo.

Xa neste ano 2021, e con este obxectivo na cabeza, puxemos en marcha o campus virtual; é un servizo á disposición de todas as entidades de formación para o emprego, tanto públicas como privadas. Consequimos que en Galicia lideremos en España esta formación en materia dixital, e ao remate deste ano prevemos que sexan un total de 15.000 os alumnos e as alumnas que participen no Plan de formación para o emprego en Galicia e que se beneficien desta plataforma dixital. Para o ano 2022 a cifra esperamos que se duplique e que sexan preto de 33.000 as persoas beneficiarias desta oferta formativa.

No ano 2022 facemos penso que a maior aposta na área de formación e colocación, porque incrementamos o seu orzamento nun 53 %; son 184,4 millóns de euros destinados, en síntese, ás seguintes actuacións. Por unha banda, ao Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma, cunha renovación do servizo, por unha banda, das propias oficinas de emprego tanto en equipamento e obras de mellora como en adquisición de novas infraestruturas. Este ano adquirimos xa o local para o traslado da oficina de Ourense no barrio da Ponte e estamos tramitando agora a adquisición dos locais das oficinas de emprego de Monforte e de Vigo-Calvario. En canto a obras de mellora, rematáronse neste ano as obras da oficina de emprego de Vigo-Navia e están en fase de tramitación e inicio as obras das oficinas de emprego de Pontearreas, Cangas, A Coruña-Monelos, Cee, Verín e Lugo. Como digo, unha renovación do servizo de emprego tamén coa implantación do novo software de xestión da información relativa á oferta e á demanda de emprego da nosa Comunidade, logrando unha maior eficacia dos recursos dispoñibles na Comunidade Autónoma, e destinando para este fin no orzamento do ano 2022, 5,7 millóns de euros. E tamén na mellora na formación do persoal traballador do Servizo Público de Emprego en Galicia contamos cunha partida de 348.600 euros para no primeiro trimestre do ano 2022 levar a cabo estas accións formativas.

Un dos puntos clave da reforma da formación que imos levar a cabo a partir do ano que vén está na Axenda galega de capacidades para o emprego, que comezou a súa andadura o pasado 9 de novembro. Con isto pretendemos, por suposto, mellorar a formación dos traballadores e das traballadoras galegas pero tamén captar e reter o talento e mellorar a competitividade das empresas e, polo tanto, mellorar a eficiencia no emparellamento entre a demanda e a oferta dos empregos. Para isto temos articuladas nove mesas de traballo específicas por sectores, que paso a sinalar.

Unha, relativa á construción. Outra, *blue economy*, que inclúe os sectores de pesca, naval, enerxías renovables mariñas e metal mecánico vinculado ao mar. *Green economy*, que inclúe o sector forestal, a produción alimentaria terrestre e as enerxías renovables terrestres. *Silver economy*, automoción e aeronáutico, que inclúe o metal mecánico vinculado. Loxística, que inclúe os sectores de téxtil *retail*, distribución mariña e distribución terrestre. Turismo, hostalaría e comercio. Economía dixital, que inclúe os sectores TIC e audiovisual, xunto cos ha-



bilitadores da transformación en pemes. E outra relativa aos colectivos vulnerables, que está centrada nas necesidades específicas no ámbito da discapacidade e da pobreza.

Nestas mesas e co traballo colaborativo entre o ámbito público o ámbito privado, a través de todas as entidades representativas, tanto por suposto do diálogo social como dos autónomos, as entidades de economía social, das entidades de discapacidade, das entidades de pobreza, clústeres, etc., o que pretendemos é deseñar os novos contidos e os novos módulos formativos que se amosan máis precisos nestes primeiros nove sectores, que consideramos estratéxicos, para dar unha resposta efectiva ao mercado laboral e dar unha resposta efectiva en definitiva aos traballadores e ás traballadoras e á formación que precisan e, por suposto tamén, ás empresas, que necesitan eses traballadores.

Este traballo penso que tamén vai servirse do estudo sobre tecnoloxías emerxentes que encargamos a finais do ano pasado. Os resultados definitivos estarán no próximo mes de decembro, pero xa temos certos resultados que podo avanzar aquí. O estudo —recórdolles— tratábase de analizar as novas tecnoloxías en quince sectores estratéxicos da nosa Comunidade para dar resposta axeitada á transformación que debe darse en determinados postos de traballo, en determinados perfís profesionais que van vinculados a estas novas tecnoloxías.

Este informe analizou eses quince sectores estratéxicos e, dende logo, por suposto, parte da base da necesaria e progresiva incorporación de todos os perfís tecnolóxicos e da formación dixital de xeito transversal. Pero, en particular, reconece unha serie de novas competencias vinculadas a tres ámbitos: o *blockchain*, a *big data* e a realidade aumentada. Identifica tamén o proceso de automatización e robotización cunha menor exixencia de man de obra nunha serie de subsectores da economía, pero tamén representa isto unha oportunidade para xerar postos vinculados a este fenómeno cunhas determinadas cualificacións e formacións profesionais, postos que exixen por suposto maior formación pero que tamén van retornar nun emprego con máis calidade.

Ben, no ano 2021 no Plan galego para formación para o emprego participaron 16.500 alumnos e alumnas e, por suposto, no ano 2022 continuamos cun novo plan de emprego, 24,7 % máis de orzamento que no ano anterior. Continuaremos coas accións específicas para traballadores ocupados e desempregados, co recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional e con unidades formativas en empresas con compromiso de contratación.

Destaco aquí que imos destinar máis de 8 millóns de euros a bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións de formación para o emprego.

Por concluír, entendemos a igualdade penso que no Goberno e, por suposto, na consellería como un obxectivo transversal e como un obxectivo interseccional. Trátase dunha premisa que se demostra con como levamos xestionando, con como levamos traballando na igualdade nestes últimos anos, por suposto no ano 2021, e tamén coas novas accións estratéxicas que estamos presentando aquí.

Trátase de anticiparnos ás necesidades e, sobre todo, penso que de involucrarnos coa sociedade, de falar, de dialogar co tecido empresarial e cos sindicatos e cos autónomos para lograr



acertar coas medidas e cos programas que poñemos á disposición da cidadanía, introducindo —como digo— medidas de fomento da igualdade laboral, do emprendemento feminino, de apoio á conciliación, accións fronte á discriminación múltiple ou programas de fomento da incorporación das mulleres vítimas da violencia de xénero ao mercado laboral.

Entendemos que o noso compromiso é para que esa Galicia sexa máis igualitaria e, tamén, por suposto, traballar nun dos piares desta sociedade que é o emprego, con máis emprego e, sobre todo, poñendo o acento naqueles colectivos, naquelas persoas que por elas mesmas teñen máis dificultades para incorporarse ao mercado laboral, e, por suposto, tamén buscando un mellor emprego.

Soamente capacitando mellor os nosos traballadores conseguiremos que as empresas sexan máis competitivas, que os traballadores conten con empregos de máis calidade e, por suposto, conseguiremos apoiar os autónomos e as pequenas empresas para que poidan continuar medrando dentro da Comunidade Autónoma, impulsando un tecido empresarial que se posicione como competitivo e un emprego que goce dunha cualificación profesional que estea adaptada ao mercado laboral presente pero tamén con garantías para o futuro.

Nada máis, quedo á súa disposición e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Na rolda dos grupos parlamentarios, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas, señorías.

Señora conselleira, benvida.

Hai case un ano que comparecía nesta cámara, a petición propia, e hoxe celebramos que o volva facer. E, en materia de igualdade, seguimos dicíndolle o mesmo: precisamos de medidas novas, de maior calado e de avaliacións. Continuar a cegas non nos leva a ningunha parte. Así, non combateremos a desigualdade estrutural do noso país, unha batalla que non estamos gañando.

Di vostede que van crear os catro centros provinciais contra a violencia sexual, con atención as vinte e catro horas. Pero é que aínda non temos cuberto o noso territorio cos centros de información á muller.

Levan tempo incorporando nos seus discursos conceptos como racionalizar horarios ou compartir responsabilidades. Creo que non é máis que corresponsabilidade. E nos orzamentos para o ano 2022 reducen brutalmente o programa para tal fin, sendo unha das partidas



de todos os orzamentos que sofre un dos maiores recortes. (*Aplausos.*) Ou sexa, no século no que debemos centrar todos os nosos esforzos na corresponsabilidade, primeiro chanzo da ansiada igualdade, vostedes recortan sen miramentos esa partida. É intolerable.

Claro que tampouco levaron a cabo a actualización do Plan de conciliación e de corresponsabilidade, mandatado por certo por este mesmo parlamento, que agora remata. Suspenso rotundo nesta materia, señora conselleira.

Por último, non queríamos deixar pasar de darlle a oportunidade de ofrecernos unha explicación razoable co que aconteceu coa gala de aniversario do programa Emega, para o que Xunta de Galicia empregou os datos de contacto pero non das mulleres que se beneficiaron dunha axuda noutros anos, senón das que tiñan solicitada unha convocatoria deste ano, que aínda non se publicara a pesar de estar resolta.

¿Parécelle a vostede correcto xogar coas expectativas de máis de 1.500 mulleres, que se sentiron presionadas cunhas chamadas dunha empresa privada de organización de eventos, nas que lles suxería que as axudas se coñecerían nese mesmo acto, como así foi finalmente? ¿Como foron quen de empregar estes datos achegados para optar a unha axuda pública? Eu creo que é un auténtico escándalo, (*Aplausos.*) denunciado polo Grupo Parlamentario Socialista e pola compañeira que leva esta materia de igualdade.

E dicía que celebramos a comparecencia en materia tamén falando de emprego, porque despois do verán o paro desembaucou a pandemia como principal problema dos galegos e galegas segundo a enquisa de Sondaxe, na que o desemprego, cun 41,1 %, o consideran os galegos e galegas a súa preocupación máis relevante ao ser interpelados por cales son os problemas de Galicia neste momento.

E temos outro dato a resaltar. O segundo motivo da preocupación, cun 26,3 %, é a calidade do emprego en Galicia, é dicir, o temor a que os contratos se sigan precarizando, e o sector poboacional máis preocupado por esta circunstancia da calidade do emprego son as persoas entre 30 e 44 anos, pois moitos deles, como sabe, se incorporaron recentemente ao mercado laboral.

O sector que máis inquietude mostra pola calidade do emprego son os autónomos, circunstancias derivadas de que en Galicia hai traballos precarizados que obrigan o empregado a facerse autónomo. Por iso alabamos a aprobación polo Consello de Ministros do pasado 16 de novembro dun plan estratéxico da Inspección de Traballo e Seguridade Social coa intención de modernizar a inspección e reforzando a actuación fronte á fraude na contratación temporal de falsos autónomos en plataformas dixitais; tamén creando a Oficina de loita contra a discriminación e ampliando a utilización de ferramentas de loita contra a fraude en ámbitos como a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Nesa ocasión, ao igual que na primeira comparecencia de orzamentos, tendémoslle a man e seguimos a facelo, aínda que, pola contra, vostedes desbotan — máis ben o grupo que sustenta o Goberno —, señor Balseiro, cada iniciativa que presenta este grupo parlamentario, como, a título de exemplo, unha solicitude dun plan de emprego en relación cos mozos e



mozas, porque só un 30 % da xuventude ten traballo e un 56,8 % teñen un contrato temporal en Galicia. Parece que hoxe anuncia unha serie de programas para o vindeiro 2022. Estaremos atentos ao seu desenrolo.

Non podo deixar tampouco, conselleira, de amentar as declaracións que atribuíu o paro xuvenil á falta de vocación entre os xoves. ¿Pero non será debido á falta de dinamismo do mercado laboral galego e da precariedade que o caracteriza, señoría, e ás condicións laborais que lles ofertan?

Tamén votaron en contra dun necesario plan de choque para parados de longa duración tanto en formación como en políticas activas de emprego. Hoxe non escoitei ningún plan neste tipo; igual o relata na segunda comparecencia.

Tamén sobre o necesario e urxente fortalecemento do SEPE de Galicia, que o leva anunciando dous anos, pero non se leva a cabo, co fin de que se converta nun verdadeiro intermediador e punto de apoio das empresas para solicitar empregados aptos para as necesidades de contratación.

Tamén falabamos de que Galicia —falabámolo no último pleno, nunha pregunta que lle formulaba este grupo parlamentario— leva tempo sufrindo escaseza de man de obra. Esta preocupante realidade vén causada polo importante desfase entre o sistema educativo de formación profesional galego e a realidade empresarial, pero tamén por causas imputables á súa consellería e á súa xestión.

En primeiro lugar, por unha falta de diagnose; a consellería hoxe carece dun instrumento necesario de estudo do mercado laboral e das súas necesidades, basicamente porque desbotou o que tiña o Bipartito cando chegou ao Goberno o señor Feijóo. Segundo, pola carencia de políticas activas pero que sexan encamiñadas a reverter as carencias do noso mercado laboral; por iso alabamos o reto que se emprende nesta etapa do 2022 establecendo esas rutas de políticas activas novas, porque parece que agora deixamos de facer funcións do Igape que viña desenrolando para centrarnos no emprego. E, sobre todo, tamén a falla de execución presupostaria, que xa é un clásico na súa consellería. 1.540 millóns de euros en materia de emprego sen executar dende o ano 2009 ao 2020. É incomprendible que tivésemos que esperar a este ano para escoitalle a vostede e a Feijóo o 9 de novembro que se creaba a famosa Axenda de capacidades para o emprego, coa que estamos de acordo na súa creación, pero chega un pouco tarde, porque fixa o horizonte temporal da próxima primavera. Recorde que no 2020 anunciaba un reforzamento do Servizo de Emprego de Galicia; aínda non está implementado e agora anuncia unha axenda de capacidades para encasillar a oferta con demanda e anuncia que a primavera que vén estarán esas necesidades estudadas. Esperemos que sexa así.

Pero tamén non podo deixar de expresar unha decepción deste grupo parlamentario pola manipulación que fixeron durante este ano dos datos do paro. A consellería decidía unilateralmente non respectar o acordo de renovar de forma automática as demandas de emprego, como fixeron o resto de comunidades autónomas. Dirá que o podían facer de forma dixital. Sabe que moitas desas persoas non accedían a este sistema e ían ás oficinas, e si, conseguiron



que 88.000 persoas se deran de baixa por este motivo pero non por colocación. E, non obstante, Feijóo saía vendendo o milagre laboral de Galicia. *El País*, xa dicía, neste titular: os datos oficiais —que estaban contrastados, obviamente— contradín a idea do milagre laboral de Galicia que reivindicaba Feijóo.

Feijóo sabía desta utilización tramposa dos datos, o que ao meu entender é unha actuación desprezable. Pero o que non dicía Feijóo é que os ERTE protexeron 197.000 empregos e evitaron un desplome salarial en Galicia; do Goberno do Estado non din estas cousas; 197.000 empregos evitan un desplome salarial en Galicia. *(Aplausos.)*

Galicia necesita un novo marco laboral que reverta o abuso da temporalidade e a pausalidade involuntaria, á vez que se recupere un marco de negociación colectiva máis equilibrado pero tamén necesario e a consellería acometa unha profunda reforma do sistema de políticas activas de emprego, tendo en conta que o actual funciona de forma incompleta, non situando os desempregados e desempregadas no centro das súas preocupacións. De feito, os orzamentos presentados pola Xunta de Galicia en materia de emprego, segundo tamén indican os sindicatos, móstranse pequenos en relación cos fondos propios da Xunta, os fondos propios aportados, porque o emprego debería ser unha das claves da recuperación.

Falando do que acontece entre créditos vixentes e o gasto realizado, o grao de execución orzamentaria vemos como no 2020 pasou algo similar ao ano 2019: deixan sen executar un número que lles gusta moito, 135.058.000 euros, cando en 2019 eran 135.024.000 euros.

A porcentaxe de execución...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...foi en —si, xa remato, presidente— 2020 do 66,8 % e en 2019 de cinco puntos menos. A pelota dos fondos de emprego segue sen gastar e segue crescendo. Esperamos que os programas que hoxe anuncia sexan executados pola consellería, polo ben de todos os parados e paradas.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todo o mundo.

Bo día, conselleira.



Nós imos centrar estes dez minutos de intervención que temos desde o BNG nos asuntos ao redor da área de igualdade que vostede leva, sobre todo ás portas do 25 de novembro, do Día Internacional para a Eliminación da Violencia Machista. E eu comezaría por dúas cuestións previas. Unha, o anuncio que vostede facía de reforma e actualización da Lei de igualdade de 2004. Alegrámonos —e dígollo con toda a franqueza, con toda a honestidade— e poñémonos arreo xa a traballar no Grupo Parlamentario do BNG para facer achegas e aportacións. E tamén lle digo que nos alegamos porque na pasada lexislatura o BNG propuxo neste parlamento, neste pleno, en varias ocasións, que se abrisen espazos de diálogo e mesas de traballo con colectivos sociais, con organizacións feministas, para abordar a necesaria actualización e reforma desa lei, que xa está en vigor no noso país desde hai máis dunha década, que necesitamos actualizala. Votouse por parte do Partido Popular reiteradamente en contra, así que dámoslle a benvida, saudamos esa reforma que vostede anuncia. E, ademais dese saúdo, fágolle un rogo: pediríalles, ademais de traela, tramítala e aprobala, que a cumbran.

Porque vostedes, ademais de goberno, son empregador. A Xunta de Galiza ten unha cantidade enorme de traballadoras e traballadores públicos. Teñen a obriga desde hai catorce anos de ter un plan de igualdade, que non teñen aprobado, que nin sequera aprobaron. (*Aplausos.*) Entón, eu pídlle: actualicemos esa Lei de igualdade pero cumpramos coa lexislación, e a empezar por dar exemplo o propio Goberno —insisto—, non só nas políticas públicas que desenvolve, senón tamén nas súas propias obrigas como empregador, neste caso dunha cantidade enorme de poboación do noso país. Esa é unha cuestión.

E a outra: estamos tramitando os orzamentos xerais da Xunta de Galiza para o ano 2022. Nós insistimos —estamos no proceso de tramitación das emendas parciais— na necesidade tamén de incrementar o orzamento destinado aos programas exclusivos e específicos de loita e prevención contra a violencia machista. Nós seguimos defendendo que é necesario investir un, un, de cada cen euros, que nos parece que non é tanto para un dos maiores retos e problemas sociais e políticos que temos na sociedade actual, un de cada cen euros, para esa loita e prevención contra a violencia machista.

E fío aquí coas tres cuestións nas que queriamos centrar desde o BNG esta comparecencia, porque necesitamos recursos económicos, humanos e materiais se queremos enfrontar esas violencia machistas.

E o primeiro, a primeira cuestión é que as administracións, os gobernos —vostedes tamén— non poden caer na rutina, na monotonía ou na inercia a que nos pode levar esta loita, que é unha carreira de fondo —a min gústame moito o atletismo—, é unha carreira moi de fondo e exige altura de miras e todo o esforzo económico que poidamos. Nese sentido, nós pedimos e, ademais, nestes pleno o BNG defende unha iniciativa para reforzar e ampliar os servizos de atención ás mulleres en situación de violencia machista, especificamente unha rede, que entendemos é fundamental, é unha rede clave tamén para a prevención, a loita e o apoio, asesoramento e acompañamento das mulleres en situación de violencia machista, que son os CIM.

Actualmente, nós temos unha normativa que os limita no orzamento que pon a Xunta de Galiza para o seu mantemento e a súa creación en 45.000 euros. Iso para que nos fagamos



unha idea, eses son os que son. Un único concello, un CIM un concello. Sobe ata 120.000 se é mancomunado. Pero a inmensa maioría dos CIM que existen hoxe e operan en Galicia son dun único concello. Temos ese tope máximo de 45.000 euros, e iso significa practicamente unha traballadora a xornada completa e outra a xornada parcial, non máis.

Non se ten nin sequera en conta o volume de poboación a que atende, non se fixan ratios específicos; tanto ten que falemos dun CIM de Vigo, que pode atender máis de mil mulleres nun ano, como que falemos dun centro de información de mulleres pois de vilas intermedias ou concellos rurais.

Nós o que facemos hoxe aquí, na proposta que defenderá con posterioridade a miña compañeira Iria Carreira, desde o BNG, é ir máis alá, dar un paso máis tamén nesa rede, ampliála, reforzala, e tendémoslles a man para reformar, en primeiro lugar, o decreto que o regula desde o ano 2016, que incrementemos a achega da Xunta de Galiza para dotar do persoal necesario esa rede de CIM, para que poidan contar con novos perfís profesionais, por exemplo técnicos ou técnicas administrativas, porque ten unha carga burocrática enorme a xestión, por exemplo, ou a xustificación da subvención que o sostén diante do financiamento da Xunta de Galiza, e tamén para que se poidan incorporar outros perfís profesionais máis dinamizadores, para que se poida dedicar unha parte importante tamén do traballo que se desenvolve por parte do persoal dos CIM a traballos de formación, de actividades, de prevención da propia violencia machista.

Porque os datos que temos do informe máis recentemente publicado, que é o informe da Fegamp, o que nos din é que o groso do financiamento que teñen os centros de información a mulleres vai destinado ao sostemento do propio servizo, tanto para pagar as nóminas do persoal como os gastos que pode ter o propio centro, e que apenas o 5 % do orzamento dos centros de información ás mulleres vai dedicado a esas actividades de prevención e de formación, que son esenciais cando falamos de loita contra a violencia machista.

Ampliar, incrementar, polo tanto, a achega económica, ampliar o persoal, establecer ratios, para que poidan reforzarse, especialmente aqueles que asumen unha maior carga de traballo, ben porque atenden unha poboación potencial maior —estou falando abertamente das sete cidades, que é onde se concentra o groso da poboación deste país—, pero tamén para que poidan atender aqueles que hoxe están asumindo a ausencia destes centros en moitos concellos, especialmente da franxa oriental do noso país, da Montaña de Lugo fundamentalmente, para que poidan contar con máis profesionais para asumir esa carga de traballo, non sendo mancomunados.

Porque pónolle o exemplo da cidade de Lugo. A cidade de Lugo está asumindo pois toda a Montaña: A Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz, Becerreá, Baralla, A Fonsagrada, Meira, Pol, etc. Non temos desde Ribadeo ao Barco de Valdeorras, toda esa franxa oriental do país, non ten até a cidade de Lugo-Vilalba un centro de información a mulleres.

Necesitamos, polo tanto, tamén garantir a presenza destes centros, desta rede en todos os concellos, ou dar a máxima cobertura ao conxunto do territorio, porque é, entre outras cuestións, unha obriga legal, como establece a Lei 11/2007, de loita contra a violencia machista.



Igual teñen pois a tentación de dicirnos que, ben, que poñan máis diñeiro os concellos. Ben, realmente é que non poden, entre outras cousas por unha asfixia económica imposta pola lexislación que puxo enriba da mesa o Partido Popular, coñecida como a lei Montoro. Necesitamos tamén tomar esa lexislación e permitir ter maior capacidade de contratación por parte das administracións locais.

Centro de Información a Mulleres, pero tamén mesas de coordinación local. Vostede falaba de que van desenvolver un programa de formación para os axentes que constitúen ou integran esas mesas de coordinación local. Nós no BNG pedimos un informe á Secretaría Xeral de Igualdade recentemente para valorar o grao de implantación e o grao de funcionamento, como estaban funcionando estas mesas de coordinación local, nas que se busca sentar todos os axentes implicados na loita contra a violencia machista, o ámbito sanitario, os policía, o ámbito educativo, o ámbito xudicial, a propia Administración local.

E o que di o propio informe —insisto— da Xunta de Galiza é que nas mesas que hai constituídas, que non son moitas —a min sáenme 59 despois de constituírse a de Barreiros, igual hai algunha máis—, hai, primeiro, unha falta de coordinación grande como unha das principais eivas do seu funcionamento. En segundo lugar, que hai unha falta de recursos humanos que imposibilita o seu correcto funcionamento —para min aquí volvemos ao de antes: é o CIM quen debería ser tamén motor a través do seu persoal técnico deste tipo de mesas de coordinación institucional— e tamén unha falta de formación.

En terceiro lugar, entón, para nós benvido sexa ese plan de formación pero necesitamos dotas dos recursos necesarios.

E para rematar, que non me queda moito máis tempo, as propostas que lles facemos, ademais destas dúas cuestións, é cambiar un pouco o enfoque vinculado ao que lle acabo de dicir, un pouco o enfoque desde o que traballamos as administracións públicas ou traballan as administracións públicas na loita contra a violencia machista: pasar dunha posición un tanto reactiva, que vaíamos movéndonos en función do coñecemento que imos tendo dos casos, para ter unha actitude moito máis activa na detección e na prevención da violencia machista.

Necesitamos adiantarnos ás denuncias, porque o que nos din as estatística é que apenas se denuncia o 20 % dos casos. Dito doutra maneira, oito de cada dez casos de violencia machista non os coñecemos pola vía da denuncia policial ou xudicial. Entón, necesitamos reforzar e ampliar esa rede de servizos públicos, para que a Administración poida acompañar, detectar, asesorar, apoiar esas mulleres antes de que decidan presentar, se é que o deciden finalmente, esa denuncia.

E aí xoga un papel determinante a sanidade pública. Todas ou todos até o momento —agora non é tanto así— necesitamos recuperar a presencialidade, todas pasamos pola nosa médica ou médico de cabeceira. Podemos detectar nas consultas en atención primaria, recuperando a presencialidade, casos que non son visibles hoxe de violencia machista. E aí fai falta profesionais, tempo de atención no centro de saúde e tamén formación específica dos profesionais sanitarios.



E logo, por último —con isto remato, presidente—, outra mudanza no enfoque. Se hai mulleres vítimas, se hai violencia, se hai discriminación, é porque hai quen agride, hai quen discrimina, e hai que falarlle a esa parte da poboación que son os homes. Necesitamos mudar tamén o enfoque e cumprir o que di a Lei de violencia machista neste país desde hai máis dunha década, no artigo 6.4: campañas específicas dirixidas aos homes, *(Aplausos.)* para que fagan vostedes unha reflexión sobre cal é o papel que deben xogar nunha sociedade libre de violencias, nunha sociedade xusta e democrática.

Hoxe o Bloque, ademais, presenta a súa campaña con motivo do 25-N con esta orientación, interpelando directamente aos homes: «E ti, como home ¿que vas facer?»

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, presidente.

Señora conselleira, señora Lorenzana, en nome do grupo maioritario da Cámara, do Grupo Popular, quero poñer en valor que teña solicitado esta comparecencia ante o pleno do Parlamento, a petición propia, para facer balance das accións, das iniciativas do Goberno galego nun dos ámbitos de maior relevancia sempre, pero especialmente no actual contexto, como son o emprego e a igualdade.

Pero, como cuestión previa, antes de entrar no fondo do asunto, quero aproveitar a súa presenza para pedirlle que traslade a nosa felicitación e o noso recoñecemento ao traballo feito no último ano por todo o equipo da consellería, e moi especial ás empregadas e aos empregados públicos dos servizos de emprego e dos servizos de atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade. Estiveron ao pé do canón, garantindo o bo funcionamento destes servizos públicos, moitos de xeito presencial, outros de garda, atendendo teléfonos ou traballando nos seus despachos. Estou pensando nas oficinas de emprego, no persoal que financia a Xunta dos centros de información á muller, os que redactaron as guías coas recomendacións do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Todas e todos foron tamén, xunto ao persoal sanitario, o persoal das residencias, o persoal de axuda no fogar ou os operativos de emerxencias, traballadores esenciais, e creo que neste parlamento non sobra unha mención ao papel que desempeñaron durante os meses máis duros da pandemia. Merecen, en cada intervención, o recoñecemento dunha sociedade, a sociedade galega, agradecida polo seu compromiso e o seu traballo. Grazas a todas e a todos. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, ninguén pode negar que vostede e o seu equipo ten un cometido moi importante por diante, e o tivo nos últimos meses. O seu acerto, moi especialmente nestes tempos de incerteza na esfera laboral, redunda en beneficio de todas e de todos os galegos. E aquí atopamos a primeira diferenza cos grupos da oposición, que xeralmente aplican esa



máxima de que canto peor lle vai a Galicia, mellor lles vai a eles. E, por iso, señoría, permítame darlle, desde a humildade, un consello: non faga tampouco demasiado caso das propostas que lle trasladan os grupos da oposición... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se preocupen, non se adianten, esperen. E non é porque nós teñamos algo en contra do consenso, senón todo o contrario; estamos abertos sempre, como seguro está vostede, a impulsar conxuntamente calquera iniciativa construtiva que poidan trasladar os grupos da oposición no ámbito do emprego ou no ámbito da igualdade. ¿Non ve como se adiantan? E neste mesmo pleno e noutros anteriores tivemos bos exemplos.

Esta cámara impulsou por unanimidade a reforma da lei para introducir novos conceptos que sirvan para ampliar a acción protectora a carón das mulleres maltratadas e das súas familias. Falo da violencia dixital ou da recente reforma sobre a violencia vicaria. Polo cal, o consenso é posible, sobre todo cando hai propostas razoables para chegar a ese consenso.

Cando se fala do ámbito laboral, a oposición, eu diría que moitas veces, ben, señora Rodríguez Dacosta, eu creo que se tambalean vostedes entre o catastrofismo en Galicia e todo está mal, ou directamente planteando propostas que supoñen retroceder nos avances que no ámbito do mercado laboral se levan producindo nos últimos anos. Digo catastrofismo porque claro que hai moitas persoas en Galicia que aínda a día de hoxe queren traballar e non poden facelo. De calquera cifra da que falemos sempre serán demasiadas cando non encontran traballo. Pero tamén son —e así nos consta con feitos— a principal preocupación da Xunta de Galicia, do Goberno de Galicia, como tamén o son os que ven perigar o seu posto de traballo.

Pero coincidirán comigo en que hoxe Galicia está en moito mellor posición que o resto de España. E tamén coincidirán comigo en que isto non debe ser por casualidade. Nese diferencial positivo para Galicia son moitas as persoas, con nomes e apelidos, que probablemente estarían no paro se en Galicia aplicásemos as políticas que as forzas da esquerda promoven noutras comunidades autónomas ou desde o Goberno de España.

É dicir, que o Partido Socialista —sábeno vostedes, que así toda a historia o di— é un perigo para a industria; estámolo sufrindo en carne propia, sófreno os homes e as mulleres de Alcoa, das Pontes, de Vestas, de Ence, e poderíamos continuar. Ven como decisións políticas erradas do Goberno de Sánchez están levándoos a unha situación neste momento insostible.

E o Partido Socialista dicía antes que era un perigo para a industria e agora digo que é un perigo para o emprego. E o Bloque Nacionalista Galego son os seus cómplices necesarios, que gobernan en moitos concellos, que gobernan en tres das catro deputacións, e os nacionalistas galegos, ademais, deron a cambio de nada, a cambio de nada, señorías do Bloque Nacionalista Galego, o voto de investidura ao señor Sánchez en Madrid.

Polo cal, señora conselleira, o que lle pedimos desde o grupo maioritario é que evite aplicar esas políticas nefastas do Goberno central en Galicia. Porque aí están os datos. Vostedes, señora Rodríguez Dacosta, poderán retorcer as cifras, pero o que non poden é vostedes manipular a realidade.



A última enquisa de poboación activa, é dicir, o terceiro trimestre do ano 2021, pon de manifesto que a taxa de actividade de Galicia creceu en case medio punto con respecto á de hai un ano.

Aumenta a poboación activa da nosa Comunidade. Galicia ten na actualidade 1.239.200 persoas activas, 10.100 máis no mesmo período do ano pasado. Este incremento de actividade en Galicia reflíctese en todos os indicadores do mercado laboral. Entre os mozos e mozas menores de 25 anos tamén creceu a taxa de actividade no último ano.

No que se refire á evolución actual dos parados de longa duración, Galicia reflicte un descenso de 1.100 persoas, o que supón unha baixada da poboación parada de longa duración do 1,89 %. Este dato contrasta co que sucedeu no conxunto de España, onde se rexistra un incremento notable dos parados de longa duración, en concreto de 302.100 persoas máis, o que supón un 22,60 % máis.

En definitiva, en Galicia o incremento da poboación activa e da taxa de actividade veu acompañado dun incremento da ocupación e dun descenso do paro, señorías.

Polo que respecta á precariedade —medímolaa fundamentalmente pola temporalidade— e á parcialidade, pois ben, no que se refire á temporalidade, segundo a última EPA, do terceiro trimestre de 2021, os salarios indefinidos soben con respecto aos do ano pasado, en concreto ascenden a 3.800 persoas. Ademais, sobe en Galicia tamén o emprego indefinido.

En canto ao emprego feminino, o número de mulleres paradas galegas diminuíu no último ano concretamente en 10.600 paradas menos, isto é, un 14 % menos. Esta evolución positiva é máis intensa que a que se produce no conxunto de España: Galicia, o 13,97 %; España, o 7,95 %. Galicia conta cunha proporción inferior de parados: Galicia: o 51,54 %; España, o 52,95 %. A taxa de mulleres paradas sitúase nun 11 %, son máis de 5 puntos de diferenza que a taxa nacional: Galicia, o 11,06 %; España, o 16,36 %.

E por todo isto, señora conselleira, Galicia non merece retroceder nin tampouco aplicar esas receitas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que, por exemplo, nos intentan convencer de que é imprescindible a reforma laboral. É preocupante, señora conselleira, que o Goberno Sánchez queira derrogar unha reforma que foi clave para que España saíra da última crise e que creou tres millóns de postos de traballo. En Galicia, desde a súa entrada en vigor, o desemprego descendeu en 120.630 persoas. E nós, desde o grupo maioritario, desde o Grupo Popular, pensamos que debemos manter esas bases nas que se sustenta a lexislación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...do 2012, de flexibilidade, de equiparación ás lexislacións europeas.

Conclúo, señor presidente, conclúo, señora conselleira. Siga aplicando con acerto políticas que están demostrando que funcionan, céntrese en adoptar medidas como os plans Emprega, que nos acaba de explicar...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...que creen empregos de calidade e axuden a mellorar a competitividade do tecido produtivo.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

Vou empezar en relación cun tema, señora Rodríguez, que si me gustaría aclarar, do que vostede dixo, porque, ademais, de verdade que creo que non ten os datos, porque non é propio de vostede o que acaba de sinalar aquí, que é sobre o acto do programa Emega; ademais, digo publicamente que me sorprende moitísimo o comunicado do Partido Socialista. Nada do que dixo vostede é así, non son nin cincocentas as mulleres que se invitaron ao programa Emega nin se lles comunicou no acto que eran beneficiarias, nin dependía —por suposto— a concesión dunha subvención; é que é unha acusación gravísima e que si creo que teño que aclarar ben.

A resolución, digo a resolución última, non por suposto a acta do comité de valoración, que é previa, nin a proposta de resolución, senón a resolución de concesión da axuda, que ten firma electrónica, ademais, é de data 4 de novembro, e o acto foi o 19 de novembro. O único que faltaba —é certo— é a publicación no DOG da axuda, que se deu ese propio 19 de novembro. Entón, o que están vostedes insinuando é que hai unha serie de funcionarios públicos, que son os que son responsables da comisión de valoración e os propios que fan a proposta de resolución e a resolución de concesión, que están, dalgún xeito, dependendo o que firman desas chamadas que se fan por parte dunha empresa. O único que se fixo é invitar as concesionarias, que eran 215, da subvención deste ano, e que saía, precisamente, o propio día de celebración do vinte e cinco aniversario, se querían tamén incorporarse ao acto, porque eran xa emegas.

Como digo, a resolución estaba firmada, e firmada dixitalmente. Polo tanto, non hai posibilidade de falsear, non é que se acomodase a firma, hai unha firma dixital e, por suposto, está á vosa disposición e á súa disposición se quere pedir o expediente.

Entón, dígoo porque realmente creo que si ten que estar mal informada, porque non é propio de vostede facer unha acusación que creo que ten esta relevancia para min mesma e para os funcionarios que traballan alí. ¿Que foi máis ou menos acertado invitar as emegas deste ano? Pois non o sei, eu penso que estaba ben, invitaron as emegas dos últimos vinte e cinco anos



e as emegas deste ano, non tiña máis cuestión que esta, eran 215, que son os 215 proxectos que saíron beneficiados este ano, 9.500 mulleres, e non se chamou ningunha das solicitantes que non era concesionaria.

En relación coas partidas de conciliación, a ver, claro que é certo que recordamos ese 0,5, pero é que nas partidas de conciliación aumentamos 10 millóns de euros e en total dótase de 16 millóns de euros as partidas de conciliación. Entón, si é certo que hai un programa de 3 e pico millóns de euros e baixa a 0,5. Pero que se estea dicindo cando é todo o contrario, cando creo que este goberno e esta consellería está apostando moitísimo pola igualdade laboral no seu máis amplo sentido, polo benestar nas organizacións tanto a nivel lexislativo do que imos facer como dende o punto de vista das axudas.

A conciliación non é soamente esa orde que efectivamente fomenta —e como ben dicía a señora Rodil— a corresponsabilidade e que fomenta a conciliación, cando é o home o que queda na casa, senón que son moitísimas cousas máis que creo que estamos a facer. Entón, resumir que o Goberno de Galicia non está apostando pola conciliación porque hai un programa que si se tivo que reducir porque son fondos que non tiñamos máis —é así de claro—, 0,5, cando aumentamos 10 millóns nun total de 16 millóns de euros, pois, ¡home!, non me parece ben.

Imos ver, os centros de información á muller. Ambas —tanto a señora Rodil como a señora Rodríguez— coinciden en que non temos cuberto todo o territorio. Ben, si hai que aclarar unha cousa. Señora Rodríguez, vostede dicía que nós poñemos en funcionamento eses centros de atención integral ás vítimas de violencia sexual cando... Ben, eu non podo matizar como destino eses fondos. Eu creo que xa dixen que se poñían en funcionamento con fondos do Ministerio de Igualdade. E creo que xa o dixen tamén, con ocasión de expoñer os orzamentos. Seguramente se eu non tivese tan marcadas as finalidades dos orzamentos que recibo tanto do Ministerio de Traballo como do Ministerio de Igualdade, as políticas que levaría a cabo non serían exactamente estas. Pero é que a postura que ten o Goberno central neste momento, o Goberno da nación, é dicirnos exactamente ás comunidades autónomas a que temos que destinar os fondos.

Entón, claro que eu —se vostede mo pregunta— preferiría continuar crescendo na rede de centros da información á muller, na rede de centros que temos na Comunidade Autónoma, con ese diñeiro, pero non podo, porque me exixen que se cree un centro específico con esta finalidade, que, por suposto, se vai poñer en marcha e que considero que é necesario. Pero, probablemente, tendo en conta a peculiaridade de cada comunidade autónoma, sería desexable que o ministerio permitise crecer nesas políticas de igualdade adaptándonos ao que xa temos, aos servizos que xa temos.

E enlace aquí, señora Rodil —e collo o guante—, coas cuestións que menciona, porque son cuestións lóxicas e que, por suposto, temos que estudar, que van vinculadas, por suposto, tamén ao orzamento. O orzamento temos que destinalo da mellor maneira posible. Non estou de acordo en que digan que non investimos o suficiente, tendo en conta os orzamentos da Xunta, os orzamentos da Consellería de Igualdade. Vostedes falan desa utopía —digamos—, dese investimento dun euro por cada cen; eu penso que, na situación socioeconómica que



temos agora mesmo, os orzamentos de Igualdade na Xunta de Galicia son uns orzamentos moi potentes. Pensen vostedes que respecto do ano 2021 crecemos un 14 % e respecto do ano 2020 en Igualdade crecemos un 20 %. Son 31,4 millóns de euros soamente na secretaría. Eu por primeira vez este ano estou destinando fondos de emprego, fondos da Dirección Xeral de Relacións Laborais, 2 millóns de euros, á igualdade laboral. Co cal, ¿que estou de acordo con vostede? Claro. Todo o euro que se invista en igualdade, todo euro que se invista en loita contra a violencia de xénero, é un euro ben investido.

Por suposto que a proposta que está facendo temos que analizala —é moi razoable—: incrementar os perfís profesionais e ter en conta tamén o número de clientes de cada centro de información. Non é o mesmo un centro de información da muller nunha gran cidade que un centro de información da muller nunha pequena vila rural.

Respecto dos traballos de formación, si que me gusta dicir que si estamos formando os traballadores e as traballadoras dos CIM, e non co orzamento que figura como transferencia aos CIM. Entón, a maiores dese orzamento destinado aos CIM —que, efectivamente, vai fundamentalmente para as nóminas dos traballadores e as traballadoras—, si estamos facendo plans de formación dos CIM. Entón, niso penso que si estamos na liña que vostede nos estaba indicando.

Señora Rodríguez, sobre o plan estratéxico de Inspección de Traballo falaba vostede de que non alabamos a aprobación polo Consello de Ministros. Eu por suposto que si alabo, e publicamente, a Inspección de Traballo, nunca tiven a oportunidade de falar disto, pero a Inspección de Traballo é unha competencia compartida entre o ministerio, no caso de Galicia, e nós. E a min paréceme fantástico ese plan de loita contra os autónomos fraudulentos e todo o incremento que se está facendo na Inspección de Traballo. Non son sospeitosa de non congratularme por isto.

Parece ser que eu dixen nalgún momento ou falei de falta de vocación dos xoves, pero é que eu me estaba referindo exactamente ao mesmo que dixo vostede aquí, que é unha escaseza de man de obra. Porque, efectivamente —isto penso que non o digo eu, díxo todo o sector empresarial—, hai determinados traballos en que actualmente hai demanda por parte das empresas e, non obstante, non hai oferta dentro da man de obra. O que eu estaba dicindo —que ao mellor non me expliquei ou non foi moi acertada a miña expresión— é que necesitamos que os xoves teñan vocacións precisamente onde hai emprego. E dende logo que nisto ten moito que facer o Goberno, claro que si. Temos que intentar ofrecer formación respecto deses oficios, respecto deses traballos que efectivamente as empresas están demandando. Polo tanto, aquí estou totalmente de acordo e ao mellor non foi moi acertada a expresión.

Agora, non estou para nada de acordo no que dixo, textualmente, de que levo dous anos anunciándoo. ¿Como vou levar dous anos anunciándoo se non levo dous anos de conselleira? Quero dicir: o ano pasado eu anunciei unha modificación profunda —e creo que dixen a medio ou a longo prazo— de todo o Servizo Público de Emprego. Isto non se fai nunha modificación que se faga de hoxe para mañá, non é unha orde de axudas, é unha modificación da totalidade do sistema informático, con todos estes procedementos que se fala da intelixencia artificial e *big data*. Levamos todo o ano traballando coa Amtega para elaborar o prego



de prescricións técnicas. Eu conto con que o poidamos licitar incluso como anticipado de gasto e por iso vai esa reserva de crédito de 5,6 millóns de euros para o ano que vén. Pero a reforma inclúe isto, inclúe por suposto toda a aula dixital —que xa está posta en funcionamento— e inclúe a Axenda de capacidades.

E di que a Axenda de capacidades que a anunciamos agora o presidente e mais eu e que chegamos tarde a isto. Foi aprobada a Axenda europea en xullo do ano 2020. Penso que hai soamente outra rexión europea, ademais de Galicia, que ten posto en marcha a súa Axenda de capacidades. Está enviada ao comisario europeo de Emprego e tennos felicitado por ser a propia directora xeral unha das primeiras rexións en Europa por poñer en marcha a Axenda de capacidades. Entón, eu de verdade penso que ten que rectificar nisto. Eu non chego tarde coa Axenda de capacidades nin levo dous anos anunciando unha reforma do Servizo de Emprego. Levamos traballando ano e pico.

Evidentemente, hai moitísimas cousas. ¿Que podemos ser máis eficaces e máis rápidos? Por suposto. Pero precisamente nisto penso que temos orientada toda a reforma que hai que facer do Servizo de Emprego e da formación en Galicia, como está pedindo Europa e como actualmente o mercado está demandando.

Eses primeiros resultados que se dixeron —penso que con prudencia e dun xeito razoable— van chegar a mediados deste ano, porque son nove mesas —como vostede veu— de traballo, e teñen que analizar; ao mellor é que tamén eu non dei eu suficientes datos na primeira intervención.

Para comezar os traballos, nós elaboramos unha plataforma informática, e é a primeira vez que se pon nun sistema informático á totalidade das especialidades formativas que temos na Comunidade Autónoma. Entón, son 4.200 as especialidades formativas que hai en Galicia, e o traballo desas mesas é en cada especialidade que ten que ver con eses sectores analizar se realmente está actualizado. Imos dar de baixa seguramente moitas especialidades formativas, hai que actualizar os currículos de moitas outras e hai que solicitar a alta ao ministerio doutros certificados de profesionalidade e doutras especialidades formativas que sexan acordes co que cada sector a través das súas representacións demande. Entón, penso que seis meses para facer un traballo digno en relación con isto non é un prazo tan longo de tempo.

Di que temos falta de instrumentos de diagnose, porque desbotamos os instrumentos do Bipartito. Nin sei agora polo miúdo cales eran os instrumentos do Bipartito nin me vou poñer a analizalo, porque vostede ten que darse conta de que dende o Bipartito ata agora, por moi bos que fosen os instrumentos, é imposible que se adapten á realidade actual. Se estamos nun momento onde estamos utilizando a intelixencia artificial, ¿como imos coller os instrumentos do Bipartito?

Entón, ¿temos falta de instrumentos de diagnose? Pois penso que todos os que estamos poñendo sobre a mesa, dende ese estudo de tecnoloxías emerxentes que comentamos ata a propia Axenda e esa reforma do Servizo de Emprego, son instrumentos de diagnose que están á altura do momento actual e que intentan dalgún xeito diagnosticar o emprego e a economía en Galicia dun xeito idóneo.



Despois, sobre os ERTE, é que nós non dixemos en ningún momento que o Goberno do Estado evitou o desplome do emprego cos ERTE, eu si o dixen; entón, creo que ten aí que repasar. Eu creo que máis dunha vez teño manifestado que para min o instrumento dos ERTE e como se organizou e como se presionou dende o Ministerio de Traballo é un absoluto éxito e é un exemplo de éxito. Entón, unha cousa non ten nada que ver coa outra. Os ERTE funcionaron extraordinariamente ben e por suposto que salvaron moitísimos empregos, non soamente en Galicia senón no resto de España; entón, pouco diría de min se eu digo que os ERTE funcionaron mal. Houbo ao principio, evidentemente, un colapso que tería calquera administración cando comeza cunha situación deste calibre, pero os ERTE funcionaron e funcionan ben. O éxito dos ERTE estará en saber facer esa transición cos empregos que quedan aí pendentes. Pero —volvo dicir— eu recoñezo plenamente que o Goberno do Estado acertou cos ERTE.

Sobre a falta de execución orzamentaria e os fondos propios que aporta o Goberno ao emprego, que é outra teima que ten o Partido Socialista con este tema, eu creo que puxen o exemplo —que vou volver poñer aquí— cando expliquei os orzamentos. Nós temos todos os anos entre autorizacións e compromisos de gasto, é dicir, o que é fase D en contabilidade dentro da Xunta, chegamos ao 80 e tantos por cento nos fondos de emprego ano tras ano. Dende que chegou este Goberno aquí esa fase D, ese compromiso do gasto, chega ao 80 %. Iso quere dicir que hai un 80 % dos fondos que están ou que se reverten en concesión de axudas, porque nós a meirande parte dos fondos os empregamos en concesión de axudas.

Son miles de persoas —acabo de dar conta dos beneficiarios destas axudas, entre autónomos, entidades de economía social, mulleres, todo tipo de cidadáns e cidadás galegas— que teñen concedidas axudas por millóns de euros. Imaxine vostede se ese 80 % dos fondos que nós temos concedidos non os pagamos durante anos e anos e anos. A mellor mostra de que os fondos se executan é que a xente o diría, teríamos unha auténtica revolta social se a totalidade dos fondos de emprego non se pagan. Os fondos de emprego teñen unha única especialidade, que son fondos finalistas, e o que exige do Estado é o compromiso do gasto ano tras ano para logo ilos executando no primeiro semestre do ano seguinte. E así se fai, e faise con normalidade.

Galicia non é sospeitosa dunha mala execución dos fondos de emprego. Pode vostede pedir os datos tamén se os quere. É máis, actualmente nas conferencias sectoriais repártense os fondos tendo en conta a execución dos anos anteriores. E Galicia ocupa os primeiros postos; creo que actualmente é a segunda en mellor execución dos fondos. E a modalidade de financiamento que teñamos nas partidas orzamentarias de emprego vén derivada do propio sistema de emprego no Estado español. Actualmente sabe que os fondos están no Estado, pero é que eses fondos parte son fondos das comunidades autónomas, entre outros as cotas de formación, que proceden dos propios traballadores. E o sistema está dende o momento das transferencias concibido como que parte deses fondos se transfiren ás comunidades autónomas. Entón, non é que Galicia non aporte fondos propios, é que é como está concibido o sistema de financiamento do emprego. Nós estamos aportando fondos e a evidencia é que estamos crescendo —como lle dicía— un 52 % nesta lexislatura. Dende que eu cheguei de conselleira temos crecido entre emprego e igualdade máis dun 50 %.



Logo falaba tamén, señora Rodríguez, da manipulación dos datos do paro co acordo, que tamén é outra teima que teñen, de renovar a demanda automática. O acordo de renovación da demanda automática fíxose nun determinado momento, e fíxose precisamente con razón da covid dende o estado de alarma. Entón, desaparecida a covid do estado de alarma, desapareceu esa demanda automática, o cal non quere dicir que o traballador —ou o desempregado, neste caso— teña que ir á oficina, senón que existe un sistema dixital a través do móbil co que pode renovar a demanda.

Non é certo que somos a única comunidade autónoma que deixou de ter a demanda automática. O País Vasco, dende logo, eu teño coñecemento —non podo dicir de máis— de que cesou nesa demanda automática. E logo si hai unha cousa. Non quero mentir, pero creo que ronda o 80 % das saídas do paro que precisamente no momento en que deixou de haber a demanda automática foron por ocupabilidade. Entón, isto amosa... (*Murmurios.*) —Si, si, si—. Digo 80 % e ao mellor é o 78 %, non o sei, pero ronda esa cifra.

Despois, señora Rodil, eu agradezo de verdade as súas palabras en relación coa reforma e actualización da Lei de igualdade, de verdade que tomo a palabra. Nada me gustaría máis, de verdade, que esa lei sexa unha lei de consenso, que poidamos lograr xuntar o traballo de todos os grupos e do Goberno, e que realmente Galicia se presente en España, se presente ao mundo cunha lei que realmente funcione e unha lei que realmente sexa innovadora e sexa moderna e nos aporte na sociedade e neste eido tan importante como é a igualdade. Así que lle tomo tamén a palabra neste sentido.

E logo xa un último apuntamento para rematar sobre estes temas últimos dos que vostede falaba na intervención en relación coa igualdade tanto sobre as campañas específicas que dicía que hai que dirixir aos homes como, en xeral, sobre que tiñamos que cambiar un pouco a posición que estamos desenvolvendo respecto da loita contra a violencia de xénero e pasar un pouco da reacción á acción, unha conduta un pouco máis activa.

Si é certo, e podo estar de acordo con vostede en moitos destes puntos. Penso que en algo estamos indo nesta liña xa. Estamos traballando niso; paseino antes por riba pero paro agora un pouco máis. Cos periodistas estamos traballando precisamente niso. Por iso estamos facendo unha formación para os periodistas que están colexiados no colexio oficial e tamén temos un convenio de colaboración coa Asociación de Periodistas de Galicia, porque entendemos que moito do que se pode facer pasa tamén polos medios de comunicación e seguramente esoutra maneira de enfocar a través dos homes.

E, sobre todo, e polo que eu estou máis preocupada, os xoves. Creo que hai que aprender a chegar aos xoves e a sensibilizar e a formar os xoves. Estamos traballando cos colexios, con materiais didácticos tamén. As campañas intentámolas —penso eu— adaptar á linguaxe e á forma de ser e de coñecer dos xoves.

E tamén estamos traballando cos médicos. Existe xa un protocolo de actuación nos centros e estamos formando os profesionais de atención primaria para que saiban como recoñecer os casos de violencia de xénero e tamén que saiban non soamente como recoñecer, senón como reconducir e como tratar estes temas. Estamos poñendo aí o acento. Co cal penso que estamos traballando nesa liña.



Eu si creo que hai dous elementos fundamentais nos que estamos insistindo, e espero estar acertando. Un dende logo é a independencia económica das mulleres, a inserción laboral, que pasa dende logo primeiramente por unha inserción social e un adecuado tratamento da violencia; pero a independencia económica e a independencia laboral é a única clave, polo tanto, na loita contra a violencia de xénero. E o segundo é a sensibilización de toda a cidadanía e a educación dos nenos, das nenas e dos xoves, e niso estamos centrados.

Polo de agora, nada máis, moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

E, en primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señora conselleira, en relación co que comentaba no inicio da miña intervención co programa Emega, en ningún caso se falaba de responsabilidades de funcionarios, en ningún caso; falabamos de responsabilidades políticas pola utilización duns datos que aínda non estaban publicados no DOG; nunca, nunca de responsabilidades dos funcionarios. *(Aplausos.)*

E temos que insistir en que no ámbito da igualdade e logo dunha pandemia cremos indelicado que recorten ese 25 % no orzamento destinado á corresponsabilidade, porque xa estamos acostumadas ao cinismo do Goberno, pero o noso deber é denunciálo, habida conta de que a crise da covid-19 puxo de manifesto que fomos as mulleres as que sufrimos en maior medida esa situación, fundamentalmente porque a corresponsabilidade é aínda un soño e nos corresponde a nós traballar para que sexa unha realidade; a vostede tamén, señora conselleira.

Mágoa que esta sexa unha nova oportunidade perdida para implementar medidas que teñan o propósito claro de conseguir a igualdade real entre homes e mulleres. *(Aplausos.)* Logo non se estrañen de que os grupos da oposición non creamos realmente o seu compromiso coa igualdade. O fomento e consecución da corresponsabilidade é o primeiro chanzo para conseguila e non percibimos que sexa unha preocupación real para este goberno, máis aló da posta en marcha, si, de accións de pouco calado pero sen continuidade no tempo.

E falando de emprego, señor Balseiro, voulle dar un dato concreto, porque falaba dunha situación bastante idílica, aínda que di que nós somos catastrofistas. Nós dicimos o que din as fontes como o Foro Económico de Galicia e outros foros. Decía que en 2009 había en Galicia, xoves galegos de 16 a 34 anos, 186.600 empregados, pero no ano 2020 só 208.300, un 46,1 % menos de xoves en Galicia traballando. Creo que ese é un dato a ter en conta.



Tamén falabamos das políticas de emprego e dos fondos sen gastar. Encontrámonos cun ano, concretamente do 2013 ao 2016, no que non estaba vostede, que eran 417 millóns sen executar, pero que obedecía a que o Goberno do Estado, nese momento Rajoy, aportaba menos cartos a Galicia; en concreto, aportaba 1.342 millóns fronte aos 3.061 do Goberno de Zapatero. Pero ben, 146.172 parados de media no ano 2020, señoría, e non buscaron a maneira de vincular, mediante políticas activas, que estas persoas desempregadas puideran ter unha compensación, unha contratación, sobre todo aquelas que carecían de prestación por desemprego e tiñan cargas familiares.

Os datos din que no promedio dos últimos catro trimestres, dende o cuarto do 2020 ao terceiro do 2021, Galicia perde o 10,5 %, señor Balseiro, das horas habitualmente traballadas en relación co igual período do 2009, o que supón o equivalente a 125.000 empregos a tempo completo. Este é o verdadeiro comportamento do traballo se propician traballos a tempo parcial, simula un maior número de empregos; a riqueza creada sempre é proporcional ás horas traballadas.

E a meirande eiva atopámola no sector primario. Desaparece o equivalente a un de cada tres postos de traballo, ao redor de 36.000 postos. Fronte ao 33,2 % de perda en Galicia, a media do Estado —que falaba vostede de comparativas— é soamente dun 2,2 %, coas mesmas condicións nuns e noutros sitios. É obvia a ausencia de políticas que impulse neste sector a Consellería de Traballo, pero tamén a de Medio Rural e a de Pesca.

A industria perde peso, ao contrario que noutras comunidades. A industria alimentaria pasa de supoñer un 9,2 % a un 8 %. A industria téxtil e de confección perde a metade do seu peso no Estado; se en 2009 era dun 11,2 %, en 2021 redúcese ata un 5,7 %. A industria química pasa dun 3,3 % a un 2,5 %, e así sucesivamente.

Os diferentes gobernos de Feijóo tiveron moi claro que non importaban as políticas, senón as propagandas, como nos orzamentos. Entón, a conclusión é bastante clara: nós, conselleira, queremos que eses plans que anuncia este ano se leven a cabo, queremos que sexan executados eses presupostos, queremos que se cree un emprego de calidade, que o escaso dinamismo que tamén —como din os sindicatos de clase— está a impregnar este mercado laboral mude, e ten unha responsabilidade niso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ten esa responsabilidade —xa remato— en encamiñar esas políticas aos parados de longa duración, aos mozos e mozas, e á igualdade efectiva entre homes e mulleres. Alabamos esa reforma para adaptalo aos novos tempos e aí estaremos para as aportacións que haxa que realizar.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu agradézolle o ton, conselleira, sobre todo esa posición máis seria e respectuosa que o portavoz do Partido Popular. Eu non vou entrar aí, creo que temos un debate agora moi importante que debe centrar a nosa atención.

Algunhas cuestións sobre aspectos que fomos sacando nós e que foron saíndo no debate.

Eu non creo que dedicar o 1 % do orzamento á loita contra a violencia machista, aos programas específicos de loita contra a violencia machista e á súa prevención, sexa unha utopía. É unha necesidade. E digo que é unha necesidade porque nos vai a vida niso. (*Aplausos.*), pero literalmente que nos vai a vida niso.

Eu lembro unha entrevista da xuíza Paz Filgueira, que estivo moitos anos traballando na súa carreira profesional no xulgado específico de violencia machista, que dicía: os dereitos custan cartos. A min como que me causou así un pouco de impresión inicialmente cando lin o titular, pero é certo. Os dereitos non caen do ceo, non os regalan, é o resultado de moita loita —as mulleres sábemolo ben—, pero sobre todo garantir eses dereitos exige investimentos e recursos públicos.

E a nos parécenos que ese horizonte, e seguimos e pelexaremos e seguiremos traballando por el, e cando alcancemos o 1 % seguiremos pedindo máis. Creo que —isto dicíao ao comezo— é unha carreira de fondo, que nos vai exixir moito esforzo en todos os ámbitos. Creemos que o mínimo dese 1 %, dese euro por cada cen, é o que nos vai permitir reforzar e ampliar a rede de servizos públicos coa que temos que traballar día a día para erradicar todas as formas de violencia machista.

E ligado a isto, eu doulle a razón en algo. Coincidimos —témolo expresado aquí moitas veces desde o BNG— en que eses fondos do Estado, moitos deles ligados tamén ao Pacto contra a violencia machista do ámbito estatal, que son finalistas, que están enormemente condicionados cara a onde deben dirixirse, son o exemplo perfecto de que o centralismo político para este país é nefasto.

E collo o exemplo que vostede poñía deses centros de atención integral a vítimas ou mulleres que sofren violencia sexual. Porque prevese a creación de catro, porque o Estado financia un por provincia, e iso en Galiza significa que unha muller por exemplo que fora agredida sexualmente en Burela seguramente vai ter que ir a Lugo, ou unha persoa, unha muller que sufra unha agresión sexual ou un abuso sexual no Barco de Valdeorras teña que ir a Ourense. Iso é estar completamente fóra da realidade do noso país, descoñecer absolutamente como ocupamos o territorio, como vivimos aquí en Galiza, e é un exemplo perfecto tamén de como non se ve máis alá da M-30.

Que Galiza non é Madrid iso é unha realidade palpable, que se queremos despreparar unha rede de servizos públicos forte, se ademais queremos englobar todas as formas de violencia



que se exercen contra as mulleres polo simple feito de sermos mulleres —e a violencia sexual é unha máis—, o que temos que reforzar é a rede que xa temos hoxe aquí no país e ampliála para que chegue de maneira próxima e accesible ao conxunto das mulleres do noso país.

E non é certo que vostede non poida reforzar os CIM porque lle condicionen eses fondos que veñen do Estado. Pode facelo con fondos propios da Xunta de Galiza e pode facelo con fondos europeos. Eu agardo —dígollo con sinceridade— que apoiem hoxe a proposta do BNG, que defenderemos ao longo da tarde, de ampliación e reforzo dos centros de información ás mulleres e que tamén poidamos chegar a un acordo nas próximas datas nas que traíamos esa proposta de modificación do decreto dos centros de información ás mulleres de 2016, para ampliar os perfís profesionais, para mellorar o seu financiamento e para que poidamos reforzalos, sobre todo porque hoxe cóstanos —e a vostede estou segura de que tamén— que sobre todo os do ámbito urbano e de vilas intermedias teñen unha carga de traballo enorme.

Entre outras cousas, porque vostedes, o Partido Popular —vostede aínda non era conselleira, pero xa parte do Goberno noutras áreas—, cambiaron ese decreto do ano 2016 para ampliarlles competencias, por exemplo baleirando os centros Quérote, que debían de atender os dereitos e liberdades no ámbito das orientacións sexuais, das liberdades sexuais, para que teñan tamén os CIM que asumir ese apoio, ese asesoramento a persoas LGBT, que nós entendemos debe ser asumido polos centros Quérote, que para iso foron pensados.

E, para rematar, unha última cuestión sobre esa reforma da Lei de igualdade. Insisto: nós traballamos xa, porque ademais ía no programa electoral do BNG esa modificación, esa actualización. Decía que agardaba que fose unha lei de consenso. Nós sempre estamos aquí, o BNG traballa sempre, pero sempre haberá consenso cando Galiza e eses acordos aos que poñamos chegar sirvan para avanzar, para facer deste un país máis feminista, máis xusto, máis equitativo, máis democrático e sobre todo con máis dereitos, non para un colectivo, para a metade da poboación deste país e do conxunto da humanidade.

Pola miña banda, máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, sinto que non lle gustase o meu discurso, pero é certo que tamén, cando o fixen, non o fixen pensando que lle puidera gustar a vostede; simplemente eu barallei datos. Téñolle que dicir que o seu hoxe tampouco me desgustou, vira sinceramente moitas máis veces máis desacertada que hoxe, jeh!, a maioría das veces, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, a maioría das veces.



Pero si, se mal non entendín, na súa intervención primeira, cando se referiu aos CIM, se mal non entendín, porque vostede e mais eu somos da provincia de Lugo, co cal eu a provincia de Lugo coñézoa bastante ben, e supoño que vostede tamén, eu entendín que vostede, se mal non entendín, dixo que non había ningún CIM desde Ribadeo ata Lugo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Porque, se non, aí esta o CIM de Mondoñedo e está o CIM de Vilalba, calquera dos dous. Dígoo porque podía ser.

E, señora conselleira, chámame a atención da señora Rodríguez Dacosta, á cal lle agradezo unha vez máis o ton e ademais que é das persoas coas que se pode debater, que vostede lle dixera á señora conselleira que quería que volvera ás políticas do Bipartito. ¡Oia!, señora Rodríguez Dacosta, a vostede, que é unha persoa seria, que nos consta que é unha persoa seria, que nos consta que non di tonterías no debate, pero iso non llo podemos admitir.

Mire vostede, o paro rexistrado, cando estaba o Bipartito, aumentaba, agora baixa. Último ano do Bipartito: 50.900 parados, incrementabamos o 31,9 %. Último ano do Partido Popular: 23.520 parados, baixamos o 13,3 %. As afiliacións caían co Bipartito, e agora aumentan. Último ano do Bipartito: 50.800 afiliados menos, baixaba un 4,7 %. Último ano do Partido Popular: 26.676 afiliados máis, sobe un 2,2 %. ¿Vostede quérenos volver a estas políticas? ¿Vostede quere que volvamos caer en afiliacións á Seguridade Social? ¿O Partido Socialista quere que volvamos incrementar o paro? Con iso comprenderá que non podemos estar de acordo.

E falou vostede de paro xuvenil, e, ademais, referiuse a min. Mire, a taxa de paro xuvenil, de 25 anos, é do 33,7 %, 4,7 puntos menos que a media española, que é do 38,4 %. Pero hai once comunidades autónomas con máis paro xuvenil que Galicia. Canarias, Partido Socialista: o 52,4 %; Estremadura, Partido Socialista: o 44,4 %; Valencia, Partido Socialista: o 41,6 %; Castilla-La Mancha, Partido Socialista: o 40,6 %; Asturias, Partido Socialista: o 38,6 %. ¿Que di destes datos? Se non lle valen os datos de Galicia, ¿que di dos datos onde vostedes teñen responsabilidade de goberno?

Señora conselleira, sabe vostede que conta co grupo maioritario desta cámara, e nós vemos, ademais, moi acertado que a Xunta teña previsto impulsar eses plans específicos con apoios integrais para o acceso e consolidación e promoción profesional do colectivo feminino, do colectivo de mozos e mozas e dos sectores máis vulnerables que temos na nosa Comunidade Autónoma, e pensando tamén, como vostede dixo aquí, na Galicia rural, porque sabe vostede que Galicia non se entendería sen o seu rural, sen o noso rural.

Falo dos polos de emprendemento no rural, unha fórmula para a xeración de emprego. E vostede explicouno. O reto está en identificar novas actividades económicas, con potencial no noso territorio, e tamén novas oportunidades de formación da man dos que xa traballan neste ámbito e coñecen de primeira man como mellorar.

Será todo un acerto, por suposto, a Axenda galega de capacidades para o emprego, que centrará a formación na demanda real que existe en cada territorio.

Pero tan importante como o futuro é o presente, e por iso quero rematar facéndome eco dunha demanda recorrente, de centos de persoas que se manifestaron a semana pasada con-



cretamente nas rúas da Mariña. Non hai futuro sen industria — dicían alí —, non hai futuro sen industria.

E diríxome especialmente ás bancadas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, e preguntolles,... (*Murmurios.*) por suposto, e vostede un deles (*Murmurios.*): ¿a que esperan para cumprir o prometido? Digo eu: ¿a que esperan vostedes para intervir Alcoa? ¿A que esperan para evitar o peche inxustificado de Ence? ¿Non aprenderon ningunha lección aínda da necesidade de recuperar a central térmica das Pontes, a cal pecharan non hai tanto tempo? ¿Seguirán vostedes poñendo obstáculos aos proxectos eólicos en Galicia, que levan ao peche das empresas que fabrican os compoñentes, como é o caso de Vestas?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ¿Seguirán vostedes poñendo obstáculos? E despois vostedes van ás manifestacións á Mariña e agárranse ás pancartas, (*Murmurios.*) chegan aquí ao Parlamento ás poucas horas e queren un plan de industrialización para A Mariña. O mellor plan de industrialización para A Mariña ¿saben cal é? Que non peche Alcoa e que non peche Vestas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Ese é o plan mellor de industrialización para A Mariña. Non, iso é así. E ¿saben quen llelo di? Díllelo un mariñán..., (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(*O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para dúplica ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Agradecer, en primeiro lugar, por suposto, ao señor Balseiro as súas aportacións e agradecer tanto á señora Rodríguez como á señora Rodil o ton construtivo como a realidade que sempre é no debate.

Algún apuntamento, señora Rodríguez. No ano 2020-2021 dicía que non buscabamos solucións para os parados. ¡Home!, eu penso que a mellor solución que buscamos para manter o emprego foron os plans de rescate e penso que niso fomos rápidos e xestionamos rápidos mentres esperabamos que o Goberno do Estado chegase. Chegou tarde, e chegou, como se di coloquialmente, tarde, mal e arrastro, cuns plans absolutamente fóra da realidade socioeconómica dende logo de Galicia, cuns plans para empresas grandes, para axencias de viaxes, para aeroliñas, nada que ver co mantemento do emprego que aquí necesitabamos,



que era manter os autónomos e os pequenos empregos que os autónomos dan á nosa Comunidade.

Polo tanto, si penso que estivemos á altura do que necesitaba o emprego en Galicia na época da pandemia, e si lle recoñezo —digamos— que as administracións laborais salvaron o emprego grazas aos ERTE pero tamén grazas a estes apoios. E isto non se deu dende logo dende a Vicepresidencia Económica do Goberno da Nación, que parece aínda que está tratando de entender a realidade económica e social de Galicia e —dígollo sinceramente— penso que como doutras comunidades autónomas. Así que neste sentido non creo que o Goberno do Partido Socialista poida dicir que estivo á altura das circunstancias durante a pandemia, polo menos respecto das microempresas e dos autónomos; todo o contrario.

Respecto da análise que fai vostede dos postos de traballo que desaparecen, onde menos se xera emprego, a realidade é tal cal a está contando. Isto ten unha dobre faceta —digamos—. Galicia recuperouse moi ben, extraordinariamente ben, respecto do emprego e respecto da época da covid. E precisamente por iso onde máis creceu o emprego foi onde máis estivo afectado na época da pandemia, que foi no sector servizos e fundamentalmente en sectores como o turismo, a hostalaría particularmente e o comercio. Polo tanto, crecemos moito no sector servizos, pero tamén é certo que o sector servizos diminuíu moito, tiña moitísimos traballadores en ERTE e incluso moitos máis parados durante a época da pandemia.

Penso que unha das razóns polas que pretendemos analizar por sectores na Axenda de capacidades é precisamente por isto. E xa non vou entrar eu en máis detalles, pero creo que o señor Balseiro o expuxo perfectamente. O caso industrial vai moi aparelado á política de transición que está levando a cabo o Goberno do Estado e está afectando dunha maneira especialmente aguda en Galicia.

Pero hai outros sectores como o primario que non é por falta de políticas no medio rural, senón porque necesitamos realmente identificar ben que postos de traballo necesitamos no sector primario, as tecnoloxías que ten que aprender esa xente, e orientar a formación e a oferta e a demanda laboral nese sector. Polo tanto, aí estou de acordo: hai determinados postos, igual que oficios, por exemplo, que están moi demandados e que temos que intentar formar e orientar a poboación cara a alí.

Por finalizar e por sintetizar un pouco, penso que hai un certo consenso no sentido de que os plans que estamos poñendo en marcha orientados a mulleres, orientados a xoves e orientados a esas persoas con discapacidade, con exclusión social, é algo que hai que facer. Penso que o labor que ten calquera goberno na área económica e na área de emprego é, por unha banda, apoiar a quen máis dificilmente poida encontrar emprego, poida chegar a un emprego de calidade, porque para quen o atopa ou o atopa rápido xa non temos que estar nós aí. Esa é a razón de apostar especialmente por estes colectivos, e creo que o estamos facendo.

E o segundo labor que penso que temos como goberno é apoiar a quen xera riqueza, a quen xera economía e a quen xera máis empregos no territorio, e dende logo que estes son os autónomos na nosa Comunidade e tamén son as cooperativas, tamén son esas entidades de economía social que —como digo— están crecendo moito na Comunidade e se están fortalecendo moito.



De aí o noso papel de apoialos continuamente, de intentar adaptalos tamén con ese proxecto de Emprega dixital para que poidan adaptarse ás novas tecnoloxías, e de aí o proxecto dos polos de emprendemento rural. Porque cremos realmente que, para continuar crescendo en Galicia, por suposto hai que apostar polo mantemento, o crecemento na parte industrial, e nas empresas máis grandes, pero tamén temos que apostar por apoiar os pequenos proxectos e os proxectos que asentan a poboación no rural.

E para isto temos que coñecer moi ben todo o tecido socioeconómico, temos que coñecer en cada comarca as diferenzas que ten coa do lado, e as posibilidades de emprendemento. E aí si que creo que o Goberno e as administracións podemos facer moito para favorecer e para axudar os cidadáns nese emprendemento.

No eido da igualdade —xa está dito— eu conto de verdade con que poidamos dialogar e poidamos sacar adiante esa nova Lei de igualdade en Galicia co consenso e coas aportacións de todas e de todos. Volvo insistir en que creo que estamos traballando e investindo cada vez máis recursos na loita contra a violencia de xénero e na promoción da igualdade. Pero si é certo que todo euro, toda aportación que se faga aquí é pouca. Temos aínda un problema sobre a mesa, e temos que avanzar e continuar ata que haxa cero vítimas na nosa comunidade.

Estamos traballando en educación —como dicía—, en concienciación e en sensibilización. Estamos traballando por lograr esa inserción laboral das vítimas e tamén moitísimo na parte de igualdade laboral, no que si me gustaría destacar que debemos de ser das poucas comunidades autónomas —se non a única— que ten cursos de formación en igualdade laboral; pero cursos realmente serios —cun certificado— que intentan, dalgún xeito, que vaia calando pouco a pouco nas empresas todo o que teñen que coñecer para que o plan de igualdade non soamente sexa un mandato lexislativo —que o é— senón para que ese plan se teña que cumprir e se teña que executar. Porque, se non, de nada vale que obriguemos a empresa a ter un plan de igualdade se realmente non ten persoas, persoal, tanto na parte sindical como na parte empresarial, que coñezan os plans e que saiban dalgún xeito cada un dos extremos que ten que aplicar.

Por último, hai que destacar, de verdade, a Axenda de Capacidades, porque penso que é un proxecto que para nada chega tarde. Creo que estamos cumprindo a axenda europea, e, á súa vez, penso que, se logramos —e isto non é soamente a Consellería de Emprego senón todo o tecido social e económico de Galicia— facer un pacto polas capacidades en Galicia, estaremos na axenda de reconducir dalgún xeito non soamente a formación, senón tamén de mellorar o emprego dos galegos e mellorar a competitividade que teñen eses autónomos e ese pequeno tecido produtivo en Galicia, porque contarán con maiores profesionais e con profesionais que están centrados e que teñen coñecemento e competencias nesas novas tecnoloxías, nesas oficinas, nesas aspectos que agora mesmo está demandando o tecido produtivo.

Polo tanto, o único que lles podo dicir é que, dende logo, o Goberno galego e a Consellería de Emprego imos seguir loitando para dar resposta e para intentar anticiparnos ás necesidades emerxentes en materia de igualdade, por suposto, pero na contorna laboral, e intentar



superar as discriminacións que hoxe segue tendo a muller pola única razón de ser muller. E tamén hai que tratar de adaptarnos ás singularidades deses colectivos máis vulnerables en canto ao emprego na comunidade autónoma e ás singularidades do territorio, ás singularidades do medio rural en Galicia, intentando flexibilizar cada vez máis os requisitos, os procedementos, e intentando gañar axilidade e cercanía ao cidadán, que o cidadán poida comprender máis facilmente os apoios, as axudas e os procedementos que ten á súa disposición, e cunha visión espero que estratéxica a medio e longo prazo para garantir un futuro estable en Galicia en canto ao emprego e en canto á igualdade.

Así que, moitísimas grazas por escoitarme.

Bos días.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora ao punto tres da orde do día, o de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción, presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Normalizar a asistencia en Atención Primaria impulsando, cando menos, as seguintes actuacións: a) Atención presencial para o 100 % das persoas que o precisen e soliciten, con todas as medidas hixiénicas e sanitarias que garantan un entorno seguro. b) Atención telefónica para o 100% das persoas que o precisen e soliciten. c) Reabrir, sempre e cando se cumpra co protocolo establecido relativo á prevención fronte á covid-19, os consultorios que foron pechados ao inicio da pandemia. d) Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder ao aumento exponencial da demanda.

2.- Aprobar e publicar as conclusións das comisións de traballo do Consello Técnico de Primaria. 3.- Poñer en funcionamento as axendas con procesos finalistas de cada profesional, que recoñezan o mapa de competencias de cada categoría. 4.- Elaborar con urxencia o Plano de Ordenación de RRHH, para identificar as necesidades de persoal de cada colectivo e proceder a súa cobertura, en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PAC».)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Despois da interpelación realizada no pasado pleno, temos que seguir insistindo na necesidade de tomar medidas diante da situación da atención primaria, porque o Partido Popular leva doce anos desoíndo os avisos sobre a situación desde a atención primaria, desoíndo os avisos da necesidade de reforzar este nivel asistencial, desoíndo os avisos sobre a necesidade de garantir o cambio xeracional, desoíndo os sinais de socorro sobre a saturación e o colapso da atención primaria. Son doce anos de descapitalización, de desmotivación, de vaciamiento de profesionais. E a consecuencia é que temos a atención primaria na UCI, practicamente desahuciada. E non é alarmismo, é a realidade que viven todos os días os galegos e as galegas e os centos de profesionais que nela traballan.

Dende logo, vemos con tristeza como parece que os aplausos da pandemia quedaron en nada. Podemos ver como a atención primaria é moi querida nos discursos da Xunta de Galiza e moi esquecida nos recursos que ten que poñer en marcha para que se acompañen deses discursos. Moito discurso e moi poucos recursos, esa é a realidade da política sanitaria do Partido Popular a respecto da atención primaria.

Para exemplo están os orzamentos, están os orzamentos para este ano. Para o vindeiro ano 2022 recórtase aínda máis o orzamento destinado á atención primaria, e non só non sei vai aproximando ao 25 % necesario —e que todo o mundo di que é a contía precisa para que a atención primaria teña os recursos necesarios para ser ese auténtico alicerce do sistema sanitario—, senón que se alonxa. Para o 2022, dous millóns de euros menos aínda que no ano 2021, 47 millóns de euros menos que no ano 2009 —é dicir, doce anos despois—. E se aplicásemos o IPC, teño que insistir en que estaríamos falando, como mínimo, de 277 millóns de euros menos. Porque ás veces din: «Non, non, é que estamos cerca, ou case no nivel, do ano 2009». Pero, claro, o que se facía no ano 2009 con esas cantidades non é o mesmo, evidentemente, que o que se fai no ano 2022. Parece lóxico, ¿non?

E esta situación de menos orzamento vén sumarse a anos de ninguneo e á ausencia de aposta orzamentaria pola atención primaria, que dá como resultado que Galiza estea á cola no investimento en atención primaria de todo o Estado español, dous puntos por debaixo da media do Estado español, que xa é estar moito por debaixo.

O problema fundamental é que a atención primaria sae da crise da pandemia da covid de 2019 moito máis debilitada do que entrou, e vemos que a intención e toda a folla de ruta do Partido Popular vai na dirección de volver á vella normalidade dunha atención primaria secundarizada e falta de recursos. (*Aplausos.*) Esa é a folla de ruta: a vella normalidade. Se a atención primaria esmorece —e temos que seguir insistindo niso—, esmorece o sistema sanitario e, con esa deterioración, esmorece o dereito á protección da saúde, o dereito a unha sanidade pública universal, gratuíta e de calidade, que é, dende logo, o obxectivo do Bloque Nacionalista Galego.



E diante do clamor que demanda recursos, atención e máis profesionais para a atención primaria, o Partido Popular, en vez de atender esa necesidade, o que fai é volcarse en poñer en marcha manobras de distracción en vez de volcarse en aportar solucións.

E solucións hainas, alternativas hainas. Hoxe, con esta moción que presentamos aquí, o BNG —volvo insistir— trae cuestións de mínimos, pero de mínimos factibles para poñer en marcha se hai, iso si, vontade de apostar pola atención primaria. É dicir, son medidas factibles, son medidas de mínimos, pero claro, hai que partir dunha premisa básica, que é crer que a atención primaria ten que estar no centro das políticas sanitarias. Esta moción que presenta o BNG vén reclamar pasar das reunións, pasar dos plans, pasar das expectativas, para poñer en marcha esas actuacións.

E o primeiro que demandamos é normalizar a asistencia en atención primaria. E ¿por que o pedimos? Porque segue sen estar normalizada. Segue sen estar garantido o acceso aos centros de saúde, segue habendo persoas que teñen que esperar fóra dos centros de saúde para poder acceder a eles, segue habendo listas de espera, segue habendo demoras de días e de semanas para ser atendidos en atención primaria, segue sen estar garantida a atención presencial para todas as persoas que a demandan en atención primaria. E, dende logo, no BNG seguimos a demandar un xeito claro que ten que haber atención presencial para todas as persoas que a precisen, ningunha porcentaxe, ¡todas as persoas que a precisen! (*Aplausos.*) Esa ten que ser a situación.

Seguimos a demandar que a atención telefónica ten que quedar para cuestións complementarias. Non se pode diagnosticar a distancia nin por vía telemática nin por teléfono. O teléfono e a telemedicina teñen que quedar para cuestións colaterais, para renovar receitas, para informes de saúde, de dependencia, ou para partes de confirmación, para cuestións complementarias pero nunca para o diagnóstico. E neste momento esa atención presencial e ese diagnóstico presencial segue sen estar garantido.

¿Que máis demandamos nesta moción? Pois a aprobación e publicación das conclusións das comisións de traballo do Consello Técnico de Atención Primaria, constituído hai dous anos e que, dous anos despois, segue ofrecer as conclusións deses quince grupos de traballo. Non hai documento que recolla as propostas destes grupos de traballo, non hai carteiras de servizos que recolla o mapa de competencias de cada categoría profesional, ou non hai negociación do plan de ordenación de recursos humanos. Por iso demandamos tamén un plan de recursos humanos, poñer en funcionamento as axendas con procesos finalistas e que os profesionais poidan exercer as competencias que teñen recoñecidas por titulación, profesionais con capacidade para facelo, con capacidade recoñecida para desenvolver as súas competencias de xeito autónomo e sen tutelas. ¿É posible facelo? Si. ¿Permíteo a lei? Si. ¿Por que non sei fai? Porque non hai vontade política para facelo.

Igual que demandamos que se incorporen novas categorías profesionais, necesarias, precisas, para unha mellor atención á poboación. ¿Hai profesionais suficientes para incorporar esas categorías? Si. Hai psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadores sociais, podólogos... ¿Por que non se incorporan? Porque non hai vontade política para facelo. Aquí non hai a escusa de que non temos médicos, aquí non hai a escusa de que non



temos médicos de familia, aquí non hai a escusa de que non temos pediatras. Hai profesionais. ¿Por que non sei fai? Porque non hai esa vontade política de querer solucionar os problemas de atención primaria. Por iso o BNG vai seguir insistindo nestas cuestións e por iso o volvemos traer hoxe aquí nesta moción.

¿Que máis demandamos? Pois rematar coa política de precariedade e explotación na contratación que fai o Sergas. E ¿por que o dicimos? Porque resulta que o Sergas, en vez de planificar e organizar recursos humanos, segue coa improvisación e a falta de respecto aos profesionais á que nos ten acostumados. Resulta que chega a pandemia, danse conta de que hai un problema estrutural de falta de profesionais brutal e contratan 1.200 profesionais ao abeiro dese Plan de continxencia covid. Iso si, 150 son por un ano, e outros 1.050 son só por seis meses, non fora ser que se fixeran os contratos máis alá desta precariedade. Fan eses contratos pero, ¡ah!, vai pasando a pandemia e ao Partido Popular este morno avance que supón unha contratación por seis meses e algunhas por un ano resulta que xa lle parece que non, xa lle parece que isto non pode ir por esa vía. Parécelle demasiado e xa volven ás andadas.

Resulta que o presidente da Xunta, Feijóo, dixo aquí, neste Parlamento, que ían manter o 80 % —xa non o 100 %— destes profesionais. Xa se verificou que non son suficientes pero dixo aquí solemnemente que ían manter o 80 % destes contratos tras a fin da emerxencia sanitaria. E resulta que pasou o titular, esqueceuse do compromiso e xa nin sequera é o 80 % —que é insuficiente, porque faría falta o 100%—, senón que xa quedan no 60 %. Resulta que xa só manteñen 738. Iso quere dicir que a 462 non lles renovan o contrato a pesar de seguir sendo necesario manter estes profesionais. Resulta que do 80 % xa baixaron ao 60 % e daquel titular non quedou practicamente nada. E co resto volve ás andadas dos contratos por días, dos contratos por semanas, da precariedade absoluta. Esa é a consideración que ten o Partido Popular con eses profesionais que deron todo para manter a sanidade pública cun mínimo de calidade durante a pandemia. *(Aplausos.)* Ten a caradura o Partido Popular de chamarlle «estabilización no emprego» a este tipo de contratos. Polo tanto, pedimos tamén un plan de recursos humanos para rematar con esta política de precariedade.

O último que pedimos é que se retire ese novo contrato, esa nova categoría, de médico de familia que sacaron da manga vía lei de acompañamento dos orzamentos, pola porta de atrás de novo, sen negociación, sen diálogo e que non vén solucionar absolutamente ningún problema...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... —remato, presidente— que é que unha única persoa faga dous traballos, que atenda nos centros de saúde e que, cando acabe no centro de saúde, pase a facer gardas no PAC. Iso non vén solucionar absolutamente ningún problema. O que crea é inequidade. É unha chapuza. É desvestir un santo para vestir outro. Polo tanto, o que pedimos é que se retire desta lei de acompañamento e, se algo teñen que facer, como mínimo, que o negocien cos profesionais.

De momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Señorías, hoxe de novo vimos debater sobre a política da Xunta en materia de atención primaria. E teño que dicirles que, evidentemente, é unha cuestión que require debate e entendemento. Nesta Cámara, en sesión plenaria, tivemos a oportunidade de escoitar en moitas ocasións o conselleiro, que veu aquí falar de atención primaria —mesmo no último pleno, na interpelación pola que hoxe estamos debatendo esta moción—. Pero tamén na Comisión 5ª, nos seis meses que leva de directora xeral a doutora Estrella López Pardo, veu dúas veces comparecer por petición propia —a última foi o mesmo xoves pasado—.

Non sería acertado deixar de recoñecer que existe un problema coa atención primaria, un problema que transcende as nosas fronteiras e que é común e compartimos con outras comunidades e con outros países.

Eu sinto e lamento dicirlle, señora Prado, que parece que o entende pouco. E isto é grave porque vostede leva moitos anos de portavoz de sanidade e, aínda que soamente fose de oído, pois algo lle tería que quedar. Parece que non escoita, ou non quere e segue querendo embarrar.

Eu teño que dicir que en Galicia afrontamos esta problemática que afecta a atención primaria dun xeito valente, dun xeito proactivo. Fíxose unha diagnose, un amplo estudo no que se contou con facultativos de diferentes ámbitos, con sindicatos, con colexios profesionais así como con asociacións de pacientes. E, señora Prado, na UCI podía estar, pero asegúrolle que da UCI vai saír e que estes cambios se implementaron e se empezaron a facer xa no ano 2018. Neste momento estanse implementando xa as solucións a todos e cada un dos problemas que padece a atención primaria; unha atención primaria que levaba décadas sen mudar o seu funcionamento mentres estamos nunha sociedade que cambiou. Temos unha poboación moi avellentada e iso en medicina exige cambios porque vemos moita máis patoloxía crónica e hai que ir a novos modelos.

Pero o que deberían de recoñecer —e son incapaces de facelo— é a intensa transformación en positivo que experimentou a sanidade na nosa comunidade, con presupostos cada ano máis elevados. Houbo un esforzo moi salientable na transformación das infraestruturas do Servizo de Saúde —en doce anos melloráronse un total de 92 centros de saúde, cun investimento ata a fecha, desde o inicio do goberno Feijóo, duns 120 millóns de euros—. Houbo un gran esforzo en materia de recursos humanos —temos que dicir que o Sergas é o maior empregador de toda Galicia, con entre 40.000 e 45.000 empregados, dependendo da época do ano, e que son, señorías, 6.000 empregados máis que cando vostedes gobernaban—. Desde o ano 2012 convocáronse máis de 8.000 prazas. Neste ano 2021 incrementouse o capítulo de persoal con 154 millóns, un 8,5 % respecto do ano pasado. E, señorías, todo isto é unha realidade que ningún de vostedes debería negar, o medible non é interpretable.



Se falamos do aumento do cadro de persoal nos centros de saúde entre os anos 2019 e 2021, tal e como se recolle no Plan galego de atención primaria, creáronse máis de 300 prazas deste nivel asistencial entre médicos de familia, pediatras, enfermeiras, fisioterapeutas, traballo social e farmacéuticos. E, así mesmo, nos orzamentos do 2022 inclúese a incorporación de 109 prazas novas, así como tamén se está estabilizando o emprego cos novos contratos de continuidade.

Creáronse novas categorías profesionais. Galicia foi a primeira comunidade autónoma de toda España en crear prazas de enfermeiras especialistas en enfermería familiar e comunitaria, e tamén en enfermería pediátrica. Na actualidade hai máis de 150 enfermeiras e enfermeiros especialistas nos centros de saúde de primaria. Neste ano 2021 a atención primaria dotouse de psicólogos clínicos e estase ultimando a creación da categoría profesional de dietista e nutricionista.

E, miren, eu non o entendo, porque por un lado, piden; por outro, non están de acordo. Onte mesmo volvíamos escoitar ao conselleiro de Facenda o que previamente tamén nos transmitira o conselleiro e a directora xeral confirmando a incorporación na Lei de medidas da creación desa nova categoría profesional de facultativo especialista de atención primaria co obxecto de dar resposta adecuada ás necesidades actuais que ten esta atención primaria. Hai un esforzo sen precedentes que vostedes tamén puideron facer cando gobernaban en Galicia, que ou ben non quixeron ou ben non tiveron a vontade de levalo adiante. E non quero deixar de recordar aquí o que nos dixo o xoves pasado a directora xeral, a doutora Estrella López Pardo. Dixo que nas vindeiras semanas van iniciarse as negociacións coas organizacións sindicais sobre o Plan de ordenación de recursos humanos para a atención primaria.

Mellorouse a carteira de servizos, mellorouse en equipamentos, en tecnoloxía de vangarda, que poñen a sanidade pública galega —mal que lles pese— nos mellores lugares da sanidade española. En resumo, señorías, fronte aos argumentos de agoireiros que vostedes non deixan de repetir aquí —negacionistas da realidade e negacionistas das melloras experimentadas no Servizo Público de Saúde en Galicia—, aquí temos datos, hai probas, hai realidades que dan testemuño do moito que avanzamos. O que está claro, señorías, é que a Consellería de Sanidade cumpre e traballa para potenciar a atención primaria ata acadar o desenvolvemento pleno dese novo modelo organizativo e asistencial que dea unha mellor resposta aos problemas e necesidades de todos os galegos e galegas. Isto é incuestionable. Pero ademais é que Galicia está a ser pioneira no conxunto de España e é exemplo para o resto das comunidades pola profunda transformación que está acadando a atención primaria. E comprenderán que resulta curioso que o que se está acadando, o que está facendo que Galicia se tome como mostra, por exemplo, e que apareza en documentos de aplicación como boas prácticas para todo o Sistema nacional de saúde —e incluso que forme parte do Plan de implementación do Ministerio de Sanidade do Estado—, aquí reciba críticas do Partido Socialista e do BNG. Son tan absurdas algunhas das súas críticas que nin as cren os seus compañeiros do PSOE do Ministerio e os compañeiros nacionalistas do BNG noutras comunidades autónomas. Non podemos ser exemplo polo bo e vostedes ver todo en negativo. Isto non é cribre.

E, dito isto, eu non pretendo caer na autocompracencia, e moito menos en temas de saúde. Sempre hai marxe de mellora, os cambios son complexos e temos que ser conscientes de



que, debido precisamente a esta complexidade, algúns destes cambios non desprepararán os seus efectos a curto prazo, pero outros si que o farán ao estar dirixidos especificamente á mellora da accesibilidade aos centros de saúde, ao aumento da súa capacidade resolutiva e á optimización dos fluxos de traballo dos profesionais sanitarios ordenando as súas axendas de traballo.

A Xunta traballa. Desde a Consellería estanse cumprindo os prazos, cumprindo o que se prometeu facer. Pero, señorías, teñan a valentía de recoñecer que, a cada un, o seu. E, miren, na mellora da sanidade o Goberno central tamén ten a súa responsabilidade, e nós imos cansos de pedir máis prazos de medicina de familia, a eliminación da taxa de reposición e a creación da medicina de urxencias. Vostedes aprobárono en Santiago, pero desde Madrid néganse. Desde a Consellería de Sanidade remitiuse ao Ministerio de Sanidade a solicitude de 64 novas prazas MIR de medicina para pasar de 142 a 206. Pero a decisión final non é de Galicia, é do Goberno de España. A Xunta está disposta a pagar eses soldos. O Goberno central só ten que autorizar a formación. E, pese a iso, ¿que obtemos? A calada por resposta. En Galicia convócanse o cen por cento das prazas que nos permite o Estado. ¿Queren ser útiles e axudar a Xunta a dispoñer de máis persoal sanitario? Pois deixen de vetar desde a Moncloa o que por unanimidade se aproba nesta Cámara.

Señorías, nós presentamos unha emenda de substitución, polo que verán que hai posibilidade de acordo con vostedes en moitos puntos. Pensamos que é importante chegar a acordos e que é importante sumar. E, se queren chegar a un consenso en materia sanitaria, teñan a vontade de facelo, porque xa lles digo que estamos dispostos a votar favorablemente a gran parte dos puntos que propoñen e que se reflicten de xeito literal na nosa emenda —con algún matiz, señora Prado, porque xa sabe que nós estamos de acordo en poñer as teleconsultas—. Señora Prado, no que non podemos concordar é en limitar as consultas telefónicas ou telemáticas porque vostede sabe que, cando se chama a un centro de saúde, o médico e o doente son os que deciden se se precisa ir ou non se precisa ir, se precisa unha receita ou se precisa que se vexa o paciente. A medicina ten que ser visual, o médico necesita ver ese paciente, pero moitas veces é o paciente o que require ao mellor que lle poña unha receita ou unha consulta que se pode resolver de forma telemática. E bendito Telea, señora Prado, ¡bendito Telea!, que nós xa o tiñamos implementado na nosa comunidade desde hai moito tempo e que nos salvou de que na pandemia moitos pacientes estivesen na súa casa atendidos de forma telemática.

Pero, mire, nós tamén somos inconformistas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

Se dunha vez por todas son capaces de desbotar os seus prexuízos partidistas, se de verdade estas iniciativas recorrentes teñen por obxecto buscar medidas construtivas para seguir mellorando a sanidade pública galega, poden demostralo aprobando a nosa emenda e chegando a un acordo. A sanidade galega merece este esforzo...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora AMIGO DÍAZ: ... —termino xa— e unanimidade para acadar unha atención primaria mellor.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara proceden a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Como di o señor Balseiro, vou intentar facelo rápido, que é hora de comer. Para unha vez que estamos de acordo con isto...

Unha das aprendizaxes que amosa a psicoloxía habitualmente é que os estados de frustración ou decepción —e outras valoracións anímicas no momento— teñen moito máis que ver coas expectativas que cos resultados en si. Cando un axusta ben as expectativas, o natural é que se produzan moitos menos desaxustes na valoración dos resultados e que sexan máis acordes á realidade. Isto é o que pasa habitualmente cando debatemos co Partido Popular. Un chega a decepcionarse pouco porque sabe o que se espera.

É certo que nalgún punto —dende o noso grupo—, intentando buscar eses puntos de acordo —o que aquí moitas veces se di—, pídese o acordo insultando a oposición —que iso está moi ben—: «Tedes que acordar con nós... ¡Malditos fulanos e tal...!»». Está moi ben iso—. Pero unha das cuestións que nos levou a entender que podía existir un punto de acordo é que, por exemplo —xa que citou a portavoz do Partido Popular as comparencias recentes sobre atención primaria na Comisión de Sanidade—, neste Goberno a esa nova directora xeral —á que nós lle demos a benvida neste Parlamento— lle trasladamos desde o noso grupo que compartiamos parte das súas análises que publicara sobre atención primaria, porque compartían a nosa análise—. E, por certo, eran demoledores coa política sanitaria da Xunta, ¡demoledores! Pero podía enfocar as cousas dunha maneira na que podían existir algúns acordos.

O problema está —xa que agora se falou da última comisión— en que na última comisión escoitei: «Certo é, pero agora a miña posición é distinta». E isto vén dicir que, si, que daquela dicía aquilo, pero que agora, que ten que gobernar, xa non o pensa e pensa outra cousa. Ou como foi —ou como entendemos— na última comisión, que literalmente dixo: «O meu primeiro obxectivo é desmentir a oposición». É unha cousa interesante dos gobernos que o seu primeiro obxectivo sexa desmentir a oposición.

E isto choca —e por iso vén o das expectativas— coa tendencia a que nestes debates repetidos sobre a atención primaria polas iniciativas que trae o Bloque Nacionalista Galego e



traemos os socialistas —non porque o Partido Popular traia moitas, a verdade sexa dita— haxa unha cuestión que é moito máis importante que entrar no asunto da cuestión, e que debería ser o fundamental. E é que respectemos os debates. Porque aquí basicamente hai un discurso, un relato, construído sobre o de «vostedes desprestixian», «vostedes atacan», «vostedes confrontan», «vostedes non están sumando»... Ben, está ben como intento de relato. Pero, mire, eu vou intentar facer un repaso sobre algunhas das cuestións concretas que se plantexan nestes debates e a realidade da nosa visión —que pode non ser completa— sobre como se debaten.

Hai moito tempo que nós defendemos a inclusión da saúde mental en atención primaria. O Partido Popular votou sistematicamente en contra. Nós defendemos unha conexión da saúde mental cos centros de saúde, e o Partido Popular vota sistematicamente en contra. Recentemente o Partido Popular introduce psicólogos en atención primaria, introduce poucos, e para nós é importante o grupo completo, o equipo completo, porque, se non, iso rompe o concepto de especialidade e primaria que temos no noso sistema. Por tanto, aquilo que votaban en contra empezan agora timidamente a facelo.

Nós defendemos a incorporación de profesionais para facer o labor de triaxe, e o Partido Popular desbotouno, votou en contra sistematicamente e agora empeza a falar do labor de triaxe. Nós defendemos a inclusión de administrativos en atención primaria como maneira de desafogar os profesionais —sobre todo os facultativos—. Houbo intentos incluso de ridiculizar esa proposta aquí neste Parlamento, de rirse de que nós propuxeramos que os administrativos contribuirían a unha mellor sanidade, e contribúen. E agora escoitamos o Partido Popular falar diso.

Nós falabamos moitas veces da discriminación positiva de prazas de difícil cobertura. Propuxémolo aquí en hospitais comarcais, en centros de saúde no rural. O Partido Popular dicía que esa non era a solución, que a cousa era culpa dos socialistas, que sempre... Agora empezan a falar diso, pero aínda non concretaron nada.

Nós defendemos que as novas categorías laborais poden ser unha solución pero que hai que negociarlas cos sindicatos, aos que lles presentaron a última proposta o 19 pola tarde cando o 20 pola mañá se rexistrou aquí no Parlamento cos orzamentos. Polo tanto, moitas ganas de negociar non había.

Nós falamos da presencialidade no seu momento como un acordo entre profesional e paciente. E defendemos —porque é algo que é absolutamente lóxico— que, se podemos estar falando do cen por cento de persoas nun estadio de fútbol, non é lóxico que aínda non teñamos recuperada a presencialidade prepandemia nos centros de saúde.

Todas estas cousas estamos defendéndoas. Pero defendemos máis. Defendemos dende hai tempo que temos que aspirar a cubrir todas as prazas de MIR en Galicia —por exemplo, falando de atención primaria—. ¿Por que o dicimos? Porque, a pesar de que agora se poida dar aquí un debate sobre que estamos solicitando máis prazas MIR, ¿cal é a realidade coas prazas MIR en Galicia? Nos gobernos Feijóo hai 150 profesionais de medicina familiar e comunitaria que non temos porque Galicia renunciou a formalos. Estaban as prazas e non se



pediron. ¿Cantas prazas convocou en Galicia calquera goberno Rajoy en atención primaria, para médicos de atención primaria, en todos os seus anos? Nunca chegaron a 100, ¡nunca! ¿Cantas temos hoxe? Máis de 140. E resulta que temos que escoitar que son insuficientes, que a culpa é do Goberno do Estado. Piden moitas máis das que nunca convocaron, renunciaban a convocalas todas despois e, aínda así, a culpa debe ser do Goberno de España. E a verdade é que é sorprendente que un teña a capacidade de defender isto.

Miren, hai algunhas cuestións que eu creo que hai que respectar. A emenda do Partido Popular a verdade é que non me resisto a comentala. Correspóndelle ao Bloque Nacionalista Galego aceptala ou non. Pide o Grupo do Partido Popular —é fascinante— «elaborar con urxencia o plano de ordenación de recursos humanos do Sergas» —primeiro dato—. Debe de ser que non hai. Pero permítanme pedirllas a súa atención antes de ir comer. «Elaborar con urxencia o plano de recursos humanos do Sergas», elaborar con urxencia... Novembro de 2021, doce anos de goberno, e a emenda do Partido Popular é elaborar con urxencia o plano de recursos humanos... ¡Home!, moita présa parece que non tiñan, ¡eh! ¡Moita présa non tiñan! (*Aplausos.*) Se tivésemos unha escala —galega, por suposto— de «jetómetro», o PP rebentábaa toda. (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Rebentábaa toda! Disparaba o jetómetro para arriba —galega, por suposto, non se me alporicen—. ¡Sí, sí!, porque ademais o jetómetro en Galicia ten outras medidas que non ten noutro lado.

Nunca, nunca, piden todas as prazas MIR, convocan menos ca nunca e, agora que chegan máis ca nunca, dicimos que a culpa é do Goberno do Estado. «Pedimos que se faga con urxencia o plano de ordenación de recursos humanos». ¡Que malos deben ser os que levan doce anos gobernando que non o fixeron! —faltóullelo poñer na emenda—. En fin...

Taxa de reposición, un fantástico debate. ¿Sabe o que pasa? Que da taxa de reposición di o Partido Popular que é un problema do Goberno do Estado. Pero en Galicia, no Sergas, practicamente o 90 % da eventualidade non ten que ver, practicamente, coa taxa de reposición. Porque ten que ver basicamente con que, en lugar de contratos que podían ser de seis meses, se fan seis contratos dun mes. E iso, que é humillante para o traballador, non ten que ver coa taxa de reposición. Empecemos por aí.

Pero, respecto da taxa de reposición, eu lembro os anos nos que o goberno de Rajoy tiña a taxa de reposición no 10 %. É dicir, que, de cada dez médicos, enfermeiros ou calquera profesional que se xubila, se contrata un. De cada dez, contrátase un. ¿Saben cal é a proposta dos orzamentos deste ano? Que de cada dez se contraten doce, multiplicada por doce. Pero para o Partido Popular non vale. ¿Por que? Porque o único que importa neste debate é confrontar. É do 120 %, é dicir, que imos contratar máis dos que se xubilan. Por suposto que sería fascinante que se puidese eliminar. ¿Fíxoo algunha vez algún goberno do Partido Popular? ¡Nunca, nunca! E non hai ningunha constancia —eu levo anos pedíndoo— de que o Partido Popular llo pedise ao goberno de Rajoy —ningunha, a pesar de que foi aprobado aquí—. E este ano temos o 120 %. Poden aprobar os orzamentos. Xa dixeron que non. Piden mellorar a taxa de reposición e, cando se mellora a taxa de reposición —que é nos orzamentos do Estado—, votan en contra. Por certo, xa sabemos que non van ser o único grupo desta Cámara que non o van apoiar. Comprarlle o marco ao PP..., ¿que pode saír mal? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Moi ben!, ¡eh! Está moi ben, pero nada, comprémoslle o marco ao PP de que a culpa é toda do Goberno do Estado. En fin...



Son 120 contra 10. Claro, isto podía resolver moitas cousas. E as vai resolver, porque para iso é un goberno que está contratando máis. Por certo, que tamén ese debate implica que, se se cumpríu a lei, matematicamente é imposible que haxa 6.000 profesionais máis no Sistema galego de saúde que hai dez anos, é imposible. De feito, é tan imposible que no orzamento non o din. Porque, se hai 6.000 máis, hai 6.000 que non están cobrando. Iso sería fantástico xa para o Sergas; é dicir, precariedade absoluta. Témolos e non lles pagamos. Pero, non, son incapaces de dicir a verdade nin sequera cos seus propios datos.

Polo tanto, é importantísimo que respectemos o debate, porque non é nada doado o problema que temos na atención primaria. Hai unha posible vía de solución coa multidisciplinariedade, hai que formar máis médicos, evidentemente, pero hai que contratalos mellor. Hai que ter a capacidade de disolver todos os problemas entre varias persoas e non centralalos nos facultativos, que é o que existe agora. E hai un montón de problemas que non van ser fáciles e que, dende logo, teñen difícil solución pero posible, polo menos para encamiñalos. Pero non os imos resolver nunca se o único discurso que temos no debate é: ¡Que malos son vostedes, que son vostedes un desastre!, e vir aquí pedirlle ao Goberno que faga urxentemente, ¡urxentemente!, un plan de recursos humanos.

En fin, a ver se, despois de tanta publicidade, temos un pouco de diálogo. Porque así podería ser que se aprobase algunha iniciativa —por exemplo, a do Bloque Nacionalista Galego de hoxe—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Nós imos aprobala. Aínda que temos algúns matices, nós imos aprobala. Vostedes abstéñense en Madrid das cousas importantes. Nós aquí imos aprobala. A pesar das discrepancias, somos un grupo dialogante. Pero tamén é certo que ao PP hai que dicirlle que *un poquito menos de confrontación e un poquito máis de solución...*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...que así poderíamos chegar a un acordo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Ben, señora Amigo, primeiro teño que dicirlle que non insulta quen quere, senón quen pode. Vostede vén aquí a dicirme a min, como representante do BNG, que non entendo nada. *Igual se debería aplicar un poquito el cuento.* (Aplausos.) ¡Un chisquiño, un chisquiño!, ¡eh! Porque non sei se se deu conta de que as propostas que vén traendo aquí sistematicamente o BNG —desde hai tempo— estanas demandando aí fóra os profesionais,



os galegos, todo o mundo. O único que non entende nada é o Partido Popular, que non está entendendo nada do que está pasando aí fóra, ¡nada!, ¡absolutamente nada! (*Aplausos.*)

E, mire, volve vostede dicir que, claro, que veñen aquí continuamente o conselleiro e a señora directora xeral. O conselleiro vén porque o obrigamos. Por vontade propia, *poquitas veces*. E sistematicamente veñen aquí falar da atención primaria. A falar, si; a dar solucións, nin unha, ¡nin unha! A falar van vindo, pero a dar solucións, absolutamente ningunha.

¡E que vostede teña a valentía de vir aquí a dicir algunhas cousas...! ¡E queda tan tranquila! Queda gravado, e eu dígoo porque..., non sei, hai cousas que ao mellor... A hemeroteca aguántao todo ata certo punto. Que veña aquí e diga que en atención primaria hai 6.000 profesionais máis que no 2009... ¡E queda tan tranquila vostede! Agora, non di onde nin cantos nin en que sitios. Néganse a que haxa un sistema de identificación de prazas para que poidamos contrastar semellante aseveración. ¡E quedan tan tranquilos! ¡Hai 6.000 máis! Para o día seguinte poden subir a aposta, é dicir, 7.000, 10.000... E quedan tan tranquilos. ¿Hai verificación desa afirmación? Ningunha. ¿Hai mecanismo para que poidamos verificalo o resto dos humanos? Ningunha. Pero o Partido Popular, para o titular... Igual que Feixóo: «Imos manter, como mínimo, o 80 %». Nin o 80 % nin o 70 %, o 60 %, e con contratos — a maioría deles— de tres meses. Pero acabado o titular, pois xa está. Así é como levan vostedes gobernando a sanidade pública deste país, a golpe de titular. ¿Realidades? Absolutamente ningunha. E a verdade que é ben triste, porque estamos falando da saúde dos galegos e das galegas.

O BNG leva aquí traendo propostas, igual que o levan facendo os profesionais e miles de galegos e galegas, para pedir un novo modelo de atención primaria, pero un novo modelo que a mellore, non que volva á vella normalidade dunha atención primaria bonsai, recortada; un novo modelo con medidas para melloralas, non para empeoralas, no que os profesionais poidan facer o seu traballo con dignidade, no que a poboación reciba atención de calidade. E diante diso vostedes parece que non están.

A atención primaria si que segue na UCI. E cando alguén está na UCI, con aspirinas e con tiritas vai ser que non vai remontar, con aspirinas e con tiritas vai ser que non vai remontar. E o que se precisa cando alguén está na UCI —e a atención primaria de Galicia está na UCI— é unha abordaxe integral e que se actúe con todo o arsenal ao alcance para curar, non para adormecer a dor senón para curar. (*Aplausos.*) ¡Para curar, para curar! E vostedes, o Partido Popular, apenas están con coidados paliativos para paliar a dor. E así non sae adiante un doente con estas dimensións.

Non están tomando medidas para solucionar a grave situación e o que fan é botarlles a culpa a outros, evidentemente, botarlles a culpa a outros. Persisten en anunciar medidas, en reorganizar. ¡Pero é que non é posible reorganizar absolutamente nada se non hai máis profesionais para facer o traballo! ¡¿Como temos que dicírllelo?! (*Aplausos.*) ¡Non é posible reorganizar nada se non hai máis profesionais, se non hai máis profesionais! (*Aplausos.*)

E o que estamos dicindo é que non queda ninguén por dicírlles que, así, non. Dínllelo os profesionais e os colexios médicos por aquí e por alí, dixéronllelo miles de persoas nas rúas



de Santiago hai uns días. Non queda ninguén por dicirlles que, por aí, non. E vostedes, diante diso, non queren tomar absolutamente nota.

Polo tanto, estas medidas contempladas nesta moción do BNG —insisto— eran unhas cuestións mínimas. Agradezo o voto favorable manifestado polo Partido Socialista. E non podemos aceptar a súa emenda. Primeiro, evidentemente, por unha cuestión, porque vostedes o que pretenden é aquilo de «parecer que tomamos medidas», ¿non? Entón, da iniciativa do BNG quitan máis profesionais. ¿Para que? Entón, máis profesionais, non; traballo digno, non; ¿acabar coa precariedade, contratar todas as persoas?... Resulta que non hai profesionais e agora permítense o luxo de, como mínimo, deixar a catrocentos e pico sen renovarlles o contrato porque resulta que non fan falta. Entón, traballo digno, non; garantir a atención presencial, non; que a atención telefónica sexa só para temas complementarios, non; eliminar este contrato que quitaron da manga; non. E pretenden que aceptemos esta emenda co tema de «collemos *unas cositas* para que pareza que si, pero non imos ao fondo das cuestións». Evidentemente, vostedes pódense facer trampas ao solitario con vostedes mesmos. Eu aí non me vou meter. Agora, o BNG non vai entrar nese marco para que pareza que vostedes aceptan propostas que traemos aquí cando o único que intentan é coller as cuestións máis inocuas para —insisto—parecer que fan cando non fan nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Eu laméntoo de verdade, porque a atención primaria si que necesita auténticas medidas de choque e vostedes non están dispostos. Esa é a realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Reiniciamos a sesión, co punto terceiro de mocións.

Pasamos agora á moción 3.2, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas e para formular a moción ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Boa tarde a todos e a todas, deputados e deputadas.

Hai quince días interpelabamos a Xunta de Galicia, neste caso a responsable de Política Social, que foi quen compareceu, en relación cos datos preocupantes que teñen que ver co incre-



mento do índice de desigualdade en Galicia nos últimos anos. Facíámolo, ademais, nun momento onde se tramitaban no Parlamento de Galicia as contas públicas e onde se están tramitando os orzamentos, que son, en si mesmos, por definición, o instrumento fundamental da acción política dun goberno, que permite basicamente establecer as prioridades de gasto e, en consecuencia, dar saída ás necesidades que teñen os cidadáns en tantos ámbitos.

Incidiamos naquela interpelación en que os orzamentos tiñan que estar orientados, e deben selo, os do ano 2022, á corrección das desigualdades existentes para que en Galicia haxa máis cohesión económica, máis cohesión social e, dende logo, máis cohesión territorial.

Sen dúbida —isto xa se dixo— son orzamentos expansivos, un pouco máis elevados que os do ano pasado, aínda que isto é discutible, evidentemente, máis alá da propaganda da Xunta de Galicia, que incorporan achegas importantes, tanto do mecanismo de recuperación e resiliencia como da propia achega do Estado, e, por tanto, permiten marxe para actuar, dende o punto de vista da política económica, na corrección das desigualdades económicas que hoxe vimos denunciar e intentar buscar, co apoio loxicamente do conxunto da Cámara, algún tipo de solución ou posibilidade de solución ao que está acontecendo no país.

Faciamos referencia naquela interpelación a distintos estudos económicos que puñan de manifesto que, ao longo dos últimos vinte meses, en Galicia se evidenciaron tres fendas importantes.

Unha tiña que ver co empeoramento das rendas como consecuencia da perda prolongada de salarios, relacionada loxicamente co período de pandemia. Doulles un dato: no ano 2019 o 19,8 % dos galegos gañaba menos de 9.500 euros e no ano 2020 o 21,1 % gañaba menos desa cantidade. O propio índice de Gini —que vostedes coñecen, que é un índice que marca ou mide a desigualdade existente— pon de manifesto que en Galicia a desigualdade se incrementou nun punto e medio, sendo unha das comunidades autónomas, en relación co conxunto da media do Estado, na que máis aumentou.

Este tipo de cuestións, evidentemente, poñen de manifesto que a xente con menos capacidade de ingreso, é dicir, cos salarios máis baixos, ten menos capacidade de gasto, e, tamén, que as persoas con menos capacidade de ingreso, as rendas máis baixas hoxe, engloban unha categoría de traballadores que coñecemos como traballadores pobres.

A segunda fenda que evidenciaban estes estudos económicos tiña que ver fundamentalmente cos sistemas educativos, que, lonxe de garantir a igualdade de oportunidades, subliñaban novos índices de desigualdade. E non axuda, evidentemente, que neste orzamento do ano 2022 haxa oitocentos docentes menos no sistema educativo galego.

E a terceira fenda que evidenciaban estes estudos económicos ten que ver coa política fiscal da propia Xunta de Galicia, que, lonxe de afondar na equidade e na progresividade, puña de manifesto basicamente —e así o expuxemos ao longo de onte no debate orzamentario— que a política da Xunta, basicamente, beneficia na política tributaria, neste caso, as rendas altas.



En paralelo á desigualdade e ao empeoramento da distribución das rendas, temos que os índices de exclusión social aumentan en Galicia. Coñeciamos hai pouco —hai un mes aproximadamente— o informe da Rede galega contra a pobreza sobre o estado da pobreza en Galicia, que evidenciaba datos de exclusión social bastante elocuentes: 694.000 galegos están en risco de pobreza, 38.000 máis que no ano 2019, e 2,7 puntos máis que no ano 2018. Ademais, ese informe evidenciaba que a pobreza está feminizándose, é dicir, aumenta con máis impacto nas mulleres galegas que nos homes galegos, en concreto 2 puntos porcentuais de diferenza.

Cando interpelamos a responsable de Política Social, falabamos tamén de que en Galicia había 254.000 persoas, o 9,4 % da poboación, en situación de pobreza severa, é dicir, que gañan menos de 535 euros ao mes.

Falabamos tamén da taxa de pobreza relativa, que aumentou, situándose por riba da media do Estado español, e que está aproximadamente no Estado español nun 21 % por cento. En Galicia no ano 2020 estaba nun 22,1 %, 2,1 puntos máis que no ano 2019; é dicir, 598.000 galegos ingresan menos de 800 euros de media ao mes.

Un dos indicadores que marcaba e que marca fundamentalmente os datos de exclusión social ten que ver coa vivenda, co acceso á vivenda e coa dificultade que teñen os mozos e mozas en Galicia para acceder á vivenda. Un dato elocuente é que 320.000 mozos na franxa de idade de entre 15 a 34 anos non teñen acceso á vivenda; seguen sen estar emancipados, polo tanto vivindo na casa dos seus pais. Outro dato tamén importante, con relación á vivenda e ao estado da vivenda no que viven os cidadáns, amosaba que 61.400 fogares están en risco de inseguridade.

Polo tanto, sería bo que dende a Xunta de Galicia se fixesen políticas de acceso á vivenda e, cando menos, se executasen os orzamentos que se planifican anualmente. No orzamento do ano pasado —se non me equivoco— quedou sen executar na partida de política de acceso á vivenda o 64 %.

En paralelo a esta situación de empeoramento e distribución das rendas e do aumento da exclusión social, temos que Galicia, evidentemente, ten unha sociedade envellecida, con moitísimos pensionistas, onde as pensións —como todos sabemos— están por debaixo da media do Estado. Pero é que, ademais das 767.500 pensións contributivas que hai en Galicia, o 52,8 %, é dicir, 404.000 galegos, están por debaixo do limiar da pobreza, e o 22,1 % dos pensionistas galegos están por debaixo da pobreza severa.

Diante desta situación, a maiores, atopámonos con que existe unha brecha salarial importante entre traballadores homes e mulleres en Galicia. As mulleres en Galicia gañan de media un 42 % e o 42 % das mulleres en Galicia teñen menos ingresos do salario mínimo interprofesional, é dicir, gañan o 21 % menos de media que os homes en Galicia; comparado coas mulleres do resto do Estado, gañan un 8,4 % menos e, se as comparamos coas mulleres traballadoras do País Vasco, as diferenzas salariais son abismais. En todo caso, hai unha situación de desigualdade tamén no mercado laboral entre homes e mulleres.



Hai unha situación de desigualdade salarial na percepción de pensións e de prestacións, hai tamén unha desigualdade en función do territorio no que se viva, dentro da propia comunidade autónoma, como reflicten os datos da propia Axencia Tributaria, que poñen de manifesto que os cidadáns galegos e galegas que viven en concellos de menos de cinco mil habitantes ingresan de media uns 7.000 euros menos que aqueles que viven nunha cidade ou nunha vila grande.

Ante esta situación, nós entendemos que hai que reaccionar. Por iso, xuntamos unha moción —eu creo que non é nada do outro mundo— na que solicitamos, en relación coas cuestións que teñen que ver coa exclusión social, basicamente, que se estableza un incremento das transferencias ás familias que están en risco de exclusión, que se dote unha partida de 8 millóns —no orzamento hai 4 millóns consignados, se non me equivoco—, que se modifique a Risga e se permita a súa compatibilidade co ingreso mínimo vital...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...que se faga unha política fiscal distinta, que se fortaleza o sistema educativo, no sentido de recuperar a contratación dos oitocentos docentes expulsados do sistema educativo, que se incremente o investimento en I+D+i...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...—remato xa— e que basicamente se faga un plan de vivenda adecuado e accesible que permita, cando menos, establecer un parque de vivenda pública...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...de alugueiro social que triplique o actual.

Isto é o que pedimos e é o que sometemos á súa consideración.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Eu quería comezar por poñer o foco, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, nunha cuestión que nos parece fundamental e que non ten a suficiente atención



por parte da Xunta de Galiza ou que máis ben é unha cuestión na que a Xunta ten unha actitude —digamos— omnisciente, na que practica unha omnisciencia consciente —por así dicilo— como é a pobreza.

Aínda que evidentemente é un problema de dereitos humanos e un grave problema social, é tamén un problema económico, ou máis ben, dándolle a volta, é a consecuencia dun modelo económico que, en lugar de combater as desigualdades, o que fai é alimentalo. E a Xunta —insisto— evita recorrentemente dar o debate da pobreza no marco do debate sobre o modelo económico, que conduce precisamente a un agravamento das situacións de pobreza. E iso vímolo no pleno anterior de forma moi clara. Non é a primeira vez que acontece.

Xa anteriormente nesta mesma lexislatura, con algunha interpelación do meu grupo parlamentario, do BNG, vimos como interpelacións que estaban enfocadas ás raíces da pobreza, como a do señor Francisco Rivera, na anterior iniciativa do anterior pleno, na que se enfocaba como a pobreza viña precisamente de cuestións como a distribución das rendas, as políticas fiscais, os efectos da crise anterior, os problemas do mundo do traballo, as fendas salariais, etc., son respondidas pola conselleira de Política Social.

Vaia por diante que a nós parécenos estupendo que o Goberno sexa solidario, como se vén aquí responder a conselleira de Medio Ambiente, pero que quede tamén enriba da mesa a reflexión de que non funciona a estratexia de camuflaxe, por moito que o Goberno galego intente poñer esa cara da moeda enriba, e que non funciona para tapar unha cuestión que é evidente: o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e o seu agravamento coa covid-19, que segue estando aí, porque o modelo económico, o modelo fiscal e o modelo de medidas, tamén no ámbito laboral, do Partido Popular é o alimento que perpetúa esta situación.

E, polo tanto, entendemos que, hoxe máis aínda, hai que deixar esta reflexión enriba da mesa, un pouco na liña do que facía tamén o grupo proponente respecto do que vimos onte no debate orzamentario. Polo tanto —insistimos—, esta consolidación da pobreza é un dos principais problemas que temos como país. Estaba aí onte xa, antes de que emerxera a covid-19, e continúa agora. Sobre isto queremos deixar tamén algunha reflexión.

Pese a que o produto interior bruto medra no noso país desde o ano 2014, iso non significa que teñamos reducida de forma suficiente a pobreza ou as dificultades que afrontan moitas familias. Hai un elemento que ilustra de forma moi clara isto, que é a Enquisa estrutural a fogares, que nos dicía, xa antes da covid —se vemos a serie histórica—, que nos últimos anos se consolidou esa foto que nos dá que a metade dos fogares galegos declaran chegar ben con dificultade ou ben con moita dificultade a fin de mes. Ante isto, temos un goberno ao que parece non importarlle demasiado que a metade do noso país teña esas dificultades.

Insistimos, estes problemas estaban onte. No ano 2019, o 24,3 % da poboación galega —máis de 600.000 persoas— atopábase en risco de pobreza ou exclusión social. Os datos máis recentes desta mesma fonte, da Rede galega contra a pobreza, no seu último informe —que ten datos xa do ano 2020—, afondan nesta idea. Son datos preocupantes, en primeiro lugar, porque xa se advirte, desde a propia entidade, que non acaban de amosar aínda a foto com-



pleta da pandemia da covid-19, polo ano ao que fan referencia. En segundo lugar, porque consolidan esa liña crecente. Se antes falabamos de 655.000 persoas, agora temos xa 694.367, o 25,7 % da sociedade galega, é dicir, máis dun cuarto da sociedade galega que está en situación de pobreza ou de exclusión social; isto é, case corenta mil persoas máis que no ano anterior. E, en terceiro lugar, entendemos que, ademais, é un problema cada vez máis grave e crecente neste contexto no que estamos, porque hai cuestións que empeoran, non só no marco laboral, senón que tamén se fai mención no informe —e vou ler literalmente algunha afirmación— a outros problemas graves, como a vivenda, que tamén foron ignorados no debate orzamentario de onte.

Dise, por exemplo, nese informe que o aumento das persoas con privación material severa se explica tanto pola gravidade do impacto da covid como polo crecemento dos gastos relacionados coa vivenda, obrigando a moitas familias a priorizalos por riba doutros gastos, como os imprevistos ou mesmo a calidade da alimentación. Fálase literalmente da emerxencia residencial ante a ausencia en Galiza de vivendas dignas e accesibles, que impiden o éxito nos procesos, e de medidas de inclusión social e de loita contra a pobreza. Isto alértanos tamén do insuficiente das medidas paliativas desde o ámbito da política social. Tamén se fala —como dicía o señor Rivera— da feminización da pobreza; é dicir, de como a fenda de xénero se nota neste contexto aínda máis.

Eu quería facer unha breve reflexión, precisamente, sobre o contexto actual no que estamos, que é o que nos vai dar, dentro dun ano, cando volvamos ter no debate orzamentario este informe outra vez enriba da mesa, como a situación empeora, en parte, polas políticas que aplica ou que deixa de aplicar o Goberno galego.

Agora mesmo estamos nun contexto de suba de prezos brutal. Falamos moito de que a factura da luz se incrementou máis dun sesenta por cento no último ano e de que encher o depósito do coche custa vinte euros máis que hai un ano. Podemos falar tamén de que incluso algún medio enerxético, como a bombona do butano, tradicionalmente barata, ten hoxe o prezo máis alto dos últimos oito anos, etc. Ou podemos ver o último dato do IPC, no que, aínda que aparentemente o IPC galego aumentou o mesmo que o estatal, se vemos a serie do ano, vemos como en Galiza aumentou tres décimas máis. Polo tanto, pese a que o Goberno se regodea en que nos grandes datos macroeconómicos Galiza non vai tan mal, o certo é que, se vemos algún dato como este, vemos como o impacto de cuestións como a subida dos prezos, nun país no que ademais os salarios e as pensións son das máis baixas do Estado en termos medios, desde logo, é maior.

¿Que fai neste contexto o Partido Popular? Traer a esta Cámara uns orzamentos, que aínda empeora máis o Grupo Parlamentario Popular coas súas emendas, e que o que fan é unha reforma fiscal regresiva —¡regresiva!, con todas as letras da palabra—, onde desconta case vinte e cinco veces máis ás rendas máis altas que ás rendas máis baixas. Iso é directamente obsceno. E, neste contexto, nós agradecemos a iniciativa do Grupo Socialista porque, ademais de centrarse en cuestións importantes e que están na raíz do problema, como o ámbito fiscal ou o ámbito laboral, o certo é que fai algo moi necesario.

Cando, hai máis dun ano, comparecía aquí a señora Eloína Injerto, presidenta da Rede galega contra a pobreza, insistía en que a pobreza é poliédrica, que ten moitas causas e que, polo



tanto, non se pode encorsetar nunha soa consellaría, senón que ten que ter unha resposta máis ambiciosa e máis transversal. Nese sentido, con independencia do conxunto das nove medidas que se propoñen, hai algunhas cuestións nas que nós temos algunha diferenza, por exemplo, nos horizontes que se cifran respecto do I+D+i, xa que nós nas emendas dos orzamentos puxemos outros obxectivos. Ou, por exemplo, respecto de cuestións como a venda, nós temos outras propostas. Pero, en todo caso, son propostas variadas que atinxen a diferentes debilidades e que camiñan cara a un mínimo horizonte de buscar unha solución.

O motivo de non presentarmos nós, por parte do Bloque Nacionalista Galego, unha emenda que cuestionase ningunha delas ou que a orientase, un pouco máis, cara á nosa proposta política, foi precisamente buscar un consenso, porque nos parecía un punto de vista e un punto de partida positivo. Entendemos que o feito de que o Grupo Parlamentario Popular non presente unha emenda non vai exactamente na mesma dirección. De todos modos, dexarémolles ao grupo propoñente sorte.

En todo caso, remato con dúas reflexións. Por unha banda, hai que ver a pobreza en conxunto como un problema social, pero tamén económico, que vai en aumento, e, desde logo, non se atalla con paliativos, senón que precisa medidas conxunturais e tamén medidas estruturais. E que non aconteza, no marco desta crise, como pasou na anterior, que, nun momento determinado, comece a recuperarse o produto interior bruto, incluso a recuperar índices, en termos macroeconómicos, como os de antes do inicio desa crise, pero que iso non se traslada á realidade social cunha minoración suficiente dos índices de pobreza nin cunha sociedade máis igual, senón todo o contrario, sendo cada vez máis desigual.

E, nese sentido, a nós gustaríanos que a política da Xunta cambiase esa óptica de caridade, que tanto a impregna moitas veces desde o ámbito da política social, e que a mudase pola da xustiza social, desde o ámbito da fiscalidade, para moitos outros, dándolle un pouco a volta a aquilo que nos dicía Galeano de que «a caridade é humillante porque se exerce verticalmente desde arriba e a solidariedade é horizontal e implica respecto mutuo». A nós gustaríanos que o Goberno galego practicase unha política que buscasse unha sociedade de respecto mutuo, unha sociedade máis horizontal e unha sociedade máis igual.

Polo tanto, imos dar o noso apoio a esta iniciativa e gustaríanos que houbera tamén unha rectificación, por parte do Goberno galego, aínda que —insisto—, despois do debate que tivemos onte, creo que tanto o noso grupo como o socialista teremos que volver interpelar o Goberno sobre unha cuestión que é tan importante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moi boa tarde, señorías.



Moitas grazas, señor presidente.

Pois falemos de modelos económicos, se lle parece ben.

Eu quero empezar dicindo que creo que todos compartimos as preocupacións polas distintas cuestións plantexadas polo señor Francisco Rivera na súa interpelación do pasado pleno e na consecuente moción que nos trae hoxe a debate, pero eu creo que non podemos compartir a falla de rigor na análise das causas e na coherencia das propostas para abordar un tema tan serio como é o risco de pobreza no contexto da pandemia da covid-19.

Eu confésolle que tiña a esperanza de que hoxe ocorrera unha destas dúas cousas. A primeira, que vostede retirase a súa iniciativa, unha vez comprobado que, coas súas emendas, non foron capaces de dotar orzamentariamente as propostas que se nos propoñen nesta moción. Vostede propón un plan de pobreza de oito millóns de euros, pero dótao nos seus orzamentos alternativos cun millón.

Sobre o programa de vivenda do que nos falou hoxe, non hai noticia, e supoño que pretenderá que volvamos contratar 800 profesores cos 5,2 millóns de euros cos que aumenta vostede a partida, o cal supón que eses 800 profesores van cobrar aproximadamente seis mil cincocentos euros de salario anual. Parécenos un pouco pobre o salario para unha profesión tan digna como é a do profesorado, pero eu entendo que o papel o aguanta todo. E todo isto tendo en conta que vostedes aumentan 205 millóns os ingresos da comunidade.

A outra alternativa é que vostede rectificase ou matizase un pouco os seus argumentos, pero a verdade é que non houbo cambios significativos. E é o que digo, o papel aguántao todo; aguanta ata cerrar centros públicos de maiores nos orzamentos para conseguir partidas extraordinarias, porque todo vale cando se trata de facer demagogia.

Galicia, a través do compromiso político orzamentario, leva anos tentando reducir —creo que con notable éxito, por certo— as tres fendas ás que vostede aludiu na súa interpelación: a social, a educativa e a fiscal. Os datos permiten afirmar sinceramente que Galicia ten o mellor orzamento social da súa historia, o mellor resultado educativo da súa historia e —teño que dicilo— tamén unha sociedade mellor cohesionada que no resto de España.

Primeiro, o orzamento: 927,4 millóns de euros. Un orzamento social que duplica o que tiña o Goberno bipartito, de apenas catrocentos sesenta millóns. Un orzamento que permite dotar a risga de 44 millóns, que, por certo, se vai compatibilizar co ingreso mínimo vital a través da tramitación da Lei de inclusión social, que, se non se fixo antes, foi porque o seu goberno modificou este ingreso mínimo vital ata en sete ocasións, e que permite dotar medidas paliativas como, por exemplo, esa Tarxeta Básica que xerou o aplauso unánime das entidades sociais. Polo tanto, quero tranquilizalo nese sentido. Como tamén quero tranquilizalo no sentido de que non é necesario un plan específico contra a pobreza porque —como xa lle dixeron hoxe— existen instrumentos de planificación en Galicia: a Estratexia social de inclusión e a Axenda social única.

Respecto do sistema educativo, eu téñoille que dicir que temos o sistema educativo máis inclusivo de España, segundo os datos do Ministerio do Goberno do señor Sánchez, e cos me-



llores resultados Pisa da nosa historia. O que non pode facer, polo tanto, vostede é trampas ao solitario. Vostede non pode vir aquí queixarse da perda de profesores, sen relacionala coa perda de alumnos, porque é unha cousa bastante absurda. Eu creo que o que hai que valorar son as ratios, e na ratio profesor/alumno temos unha ratio de 9,2 alumnos por profesor, ja mellor de España!, non unha das mellores, senón a mellor de España, e eu creo que iso é algo para sentirse orgulloso. O que debería de avergoñarlle a vostede, señoría, é que veña aquí exixirnos que recuperemos profesorado e ao mesmo tempo o seu goberno vete —non vote, vete— a tramitación do Fondo covid, que tiña que servir para que as comunidades puidesen contratar ese profesorado. A min paréceme que ese si que é un exercicio pouco edificante pola súa parte.

E, por último, quero falar desa senda da cohesión social da que vostede falaba. Eu creo que hai que poñer en valor que a sociedade galega é a que máis recortou —a que máis— a diferenza de renda per cápita respecto da media española: 12,5 puntos de recorte respecto da media nacional nos últimos anos. Ese si que é un recorte dos que lle gustan ao Partido Popular. Recortamos 12,5 puntos a media coa renda media do conxunto do Estado. Hoxe, os galegos son 12,5 puntos máis ricos que hai uns anos. Isto é así. Vostede escúdase no famoso mantra: «é que vostedes gobernan para os ricos».

Vostede mencionou algúns informes. Eu voulle ler un párrafo do Informe Foessa Galicia —que creo que este tamén o coñece—, que creo que aclarará esta cuestión: «Os datos poñen tamén de manifesto que, máis aínda que no conxunto de España, a desigualdade creceu en Galicia polo incremento da distancia que separa as clases medias das clases pobres, non polo incremento da distancia que separa os ricos das clases medias». E engade: «O maior incremento tense dado nos ingresos do 60 % da poboación, que constitúe as clases medias». Polo tanto, vostede, señora Presas, falábanos de modelo económico. Este é o noso modelo económico, ese ao que chamaba o señor Valeriano Martínez —o noso compañeiro— «o crecemento san», o que repercute basicamente na gran maioría dos galegos, que hoxe, afortunadamente, dispoñen de máis renda que cando o Goberno de Alberto Núñez Feijóo chegou á Xunta de Galicia.

Pero, señorías, eu non quero que vostedes confundan estas evidencias cun exercicio de triunfalismo porque, lonxe diso, nós estamos profundamente preocupados pola incidencia sobre a pobreza que están a ter dous factores —teño que dicilo— de moi distinta natureza. Por un lado —é evidente—, a pandemia, que causou unha crise sanitaria, económica e social que precisa do esforzo de todas as administracións para conseguir ser definitivamente superada. A outra parte que nos preocupa son as políticas do Goberno de España en tres materias moi concretas, sobre as que me permitirá que faga un apuntamento. Son a materia social, a materia educativa e a materia fiscal, as tres fendas que a vostede lle preocupaban.

En primeiro lugar, no que fai referencia á cuestión social, eu recórdolles que vostedes apoiaron o ingreso mínimo vital —por certo, co apoio de todos os grupos que estamos representados nesta Cámara—, e que nolo presentaban como o que ía ser o grande escudo social, a renda que garantiría que ninguén ía quedar sen os recursos básicos para sobrevivir. A realidade é que pasaron os meses e foi un enorme fracaso de xestión. Non é unha mala idea, a idea é correcta e por iso a apoiamos todos, pero a súa xestión foi catastrófica e por iso hai xente que está quedando atrás, señoría.



Por outra parte, a vostede preocúpalle a creación de pobreza en determinadas comarcas de Galicia, fundamentalmente en comarcas rurais. A nós tamén, sobre todo nas que se van incorporar a esas ratios de pobreza se isto non se solventa. Eu preguntolle: ¿non lle preocupa a vostede a pobreza na comarca da Mariña que se vai xerar co peche de Alcoa? ¿Ou nas Pontes con Endesa? ¿Ou en Pontevedra con Ence? ¿Ou é que a pobreza nesas comarcas ao Goberno socialista non lle preocupa o máis mínimo? Ao Goberno galego e a este grupo, si, moito. Por iso lles pedimos que rectifiquen. (*Aplausos.*)

Segundo. Preocúpalle a vostede a equidade no ensino, pero curiosamente apoian unha nova lei de educación que fulmina de raíz, ¡de raíz!, o ascensor social por excelencia: o mérito e a capacidade. Señoría, preguntolle: ¿a quen beneficia esa lei do aprobado xeral?, ¿aos que deben acudir ao ensino público devaluado ou a quen pode pagar ensino privado?, ¿aos que poden enriquecer currículo na privada ou a quen depende do prestixio do ensino público para mellorar a súa posición social? Eu creo que, se vostede o que busca é unha maior equidade educativa, non se ten que dirixir á Xunta, senón aos seus compañeiros no Congreso dos Deputados para retirar unha lei infame, ¡unha lei infame! (*Aplausos.*)

E, por último, señoría, falemos de fiscalidade. A min chámanme a atención as ferramentas que utiliza o Goberno socialista e de Podemos para aumentar a recadación: a enerxía, o imposto de matriculación, o imposto sobre o diésel, o imposto sobre plásticos, o pagamento polo uso de autovías ou a eliminación das bonificacións fiscais nos plans de pensións. Señoría, non sei que opinan vostedes, pero eu creo que a comida, a luz, o combustible, as autovías ou os plans de pensións non son artigos para ricos; aínda que é certo que, se duran vostedes moito máis tempo no Goberno, poden acabar converténdose nun artigo de luxo e inalcanzable para a maioría dos españois. Nós non o desexamos, pero, sinceramente, coa luz en máximos históricos, cunha inflación de máis do 5,5 % e cunha subida de máis do catro por cento da cesta básica que veñan vostedes aquí a dar leccións de como combater a pobreza é unha cousa certamente curiosa.

E, por certo, xa que lle preocupa a vostede tanto [...] (*Inintelixible.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—e a nós tamén—, aclárolle unha cuestión. No cálculo da privación material severa, dos nove ítems que a conforman, oito están relacionados directa ou indirectamente co prezo dos materiais, do transporte e da enerxía. ¡Home, eu creo que debería levalos a reflexionar!

Polo tanto, señorías, hai moito que mellorar nesta materia. Somos conscientes diso, pero non creo que a mellora veña das receitas do goberno socialista e tampouco das receitas do nacionalismo galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Couñago.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo grupo autor da moción ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Antes de nada, agradezo ao BNG a súa posición. Evidentemente, non é que vostede non teña capacidade de vaticinio, pero tamén lle agradezo que me adiantase xa o resultado da votación. (*Murmurios.*)

A posición do Partido Popular ante o que acontece en Galicia basicamente é a confrontación permanente co Estado, é dicir, situar as responsabilidades nun marco diferente ao que nos ocupa a todas e todos os deputados galegos e galegas que estamos aquí, que é a Comunidade Autónoma de Galicia; situar todo tipo de responsabilidades no ámbito do Estado e na malignidade do goberno do señor Sánchez; en fin, todo isto que nos veñen contando ao longo destes últimos tempos e que lles vale a vostedes como mantra permanente para ocultar o que sucede en Galicia, que ten que ver cunha ausencia absoluta de política económica, cunha ausencia absoluta de política industrial, que ten efectos na distribución das rendas laborais, no empeoramento da calidade de vida de moita xente e que leva directamente á exclusión social. Iso é o que vostedes están ocultando constantemente.

En políticas activas de emprego hoxe á mañá a miña compañeira Carmen Dacosta fixo aquí unha análise absolutamente rigorosa —o que foi recoñecido polo señor deputado e portavoz de emprego do Partido Popular, que hoxe non está, ou non o vexo por aquí na Cámara—. Foi unha análise onde se puña de manifesto que dende o ano 2009 a Xunta de Galicia deixou de executar, en materia de políticas activas de emprego, 1.540 millóns de euros. É dicir, 1.540 millóns de euros que non se executan, que teñen que ver, loxicamente, con dotar de calidade o mercado laboral, con dotar o mercado ou con evitar que o mercado laboral sexa precarizado, con provocar dinamismo no mercado laboral e, en consecuencia, provocar que a economía de Galicia rote nun sentido positivo para evitar todo isto que estamos denunciando hoxe —que non é exclusivo de Galicia, pero si que en Galicia aumentaron as desigualdades con maior fincapé que na media do Estado nos últimos tempos, e non é unha cuestión exclusivamente da pandemia—.

A recuperación en Galicia, despois da recesión dos anos 2008 e 2009, foi máis lenta que na media do conxunto do Estado. Isto ten que ver con que aquí se destrúe menos emprego cando acontecen as grandes crises económicas pero custa moito máis recuperalo nos momentos de expansión. E tamén ten que ver coas políticas económicas e industriais que leva a cabo a Xunta, ou coa ausencia, neste caso, das políticas industriais.

En relación coa nosa moción, di vostede que nós non emendamos nos orzamentos un determinado tipo de cuestións. Nós o que lle plantexo a vostedes é que executen o que vostedes planifican nos orzamentos.

En materia de vivenda, por exemplo, en accesibilidade á vivenda, deixaron vostedes sen executar o ano pasado o 67 % do orzamento en políticas de acceso á vivenda. Polo tanto, este orzamento que desean vostedes, que desexa a Xunta de Galicia, pois que se execute, que se execute. Iso é o que lles pedimos a vostedes.



Logo falábame vostede de política fiscal. Eu creo que onte xa falamos, ao longo de todo o día, sobre cal é a política fiscal que ten a Xunta e cal é a súa contribución —na medida en que recada impostos propios e impostos cedidos á Comunidade Autónoma— ao fortalecemento dos servizos públicos —que é para o que valen os impostos—. Vostedes teñen unha política fiscal —ontes demos datos en relación co IRPF— que favorece única e exclusivamente as rendas altas. Esa é a súa política fiscal, si, si, no IRPF, no de patrimonio, no imposto de sucesións, que son impostos que vostedes, dende a Xunta de Galicia, xestionan directamente.

En relación co sistema educativo, nós plantexamos aquí unha serie de medidas. Eu creo que, se collemos o ano 2009 e o comparamos co ano 2020, levan desaparecido do sistema educativo galego 1.430 docentes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: Esa é a ecuación que vostedes teñen que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, iso ten que ver moito co fortalecemento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...do sistema educativo. O sistema educativo é a principal ferramenta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...que permite a igualdade das persoas, que permite e determina a empregabilidade e, por tanto, rompe coa cadea da pobreza. Ese é un elemento fundamental e, polo tanto, hai que fortalecelo, señor Pazos, e non expulsar profesores...

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor FRANCISCO RIVERA: ...do sistema docente...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...que foi o que vostedes fixeron no orzamento deste ano, do ano 2022. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte moción.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Marisol Díaz Mouteira, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar tecnicamente no futuro do Complexo Medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos de Lousame para garantir o cumprimento da normativa comunitaria en materia de xestión de residuos e que se procure un emprego de calidade para os seus traballadores.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

«3. Desbotar a transformación da planta de Serbia nunha planta de transferencia integrada en SO-GAMA.

4. Defender os postos de traballo do sistema de xestión de residuos da mancomunidade da Barbanza.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra a señora Castro Rey.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor presidente, Calvo Pouso: Tomareino en conta para cando vostede interrompa, non se preocupe.)

Ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hai catorce días, dende o Grupo Socialista interpelabamos a conselleira de Medio Ambiente sobre se o Goberno da Xunta ía apostar pola continuidade da planta de Lousame, pero a se-



ñora Vázquez non nos contestou. Na súa intervención a conselleira dedicouse a botar balóns fóra, pero tan fóra, tan fóra, que, cando tiña que estar falando da planta de Lousame e de garantir o futuro laboral de moitas familias na comarca da Barbanza, ela falou de Glasgow. Falou da súa intervención no Cumio do Clima e de como alí contou todos os éxitos do Goberno galego en materia medioambiental.

O que pasa é que se esqueceu de contar algunhas cousas, como que somos a comunidade autónoma con menos espazos de Rede Natura —que levamos anos sen ampliar—, que en 2019 aprobamos no Parlamento declarar a emerxencia climática e aínda non se fixo, que o sistema de depuración de augas do noso país é moi deficiente —que verte en moitas ocasións a cano libre sobre as nosas rías—, que en materia de reciclaxe estamos á cola de España ou que marcamos uns obxectivos no Plan de residuos urbanos 2010-2022 —que marcou o Goberno da Xunta, o Goberno do Partido Popular— que non se están a cumprir nin de lonxe.

Todo isto non o dixó. E como aos galegos e ás galegas non nos gustan os enganos, pois iso xera malestar. Isto fai que persoas de moita referencia no noso territorio na loita polo medio ambiente, como o presidente de Ecoloxistas en Acción, digan que a intervención da conselleira en Glasgow, cando falou da redución das emisións de gases, fora unha actuación es-
perpéntica.

Tamén á nosa pregunta de por que estigmatizaba a planta de Lousame, xestionada por unha mancomunidade de concellos e que ten uns índices de reciclaxe por riba da media galega, a conselleira respondeu que a Xunta está ao carón dos concellos e que na Estratexia de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023, recentemente aprobada, destinaron sesenta millóns de euros a estes fins.

Nós, eu, o noso grupo, aplaudimos esta inxección orzamentaria, pero sempre que non vaia destinada unicamente a concellos de cor azul —que, por outra banda, é o habitual— e sempre que non discrimine os modelos distintos ao modelo Sogama. Porque o Goberno do Partido Popular leva anos discriminando e facendo mala prensa da xestión e da planta de Lousame, unha planta que comezou a funcionar no ano 2009 e na actualidade xestiona os residuos de nove concellos con máis de noventa mil persoas. É unha planta que dá traballo a cento setenta familias nunha comarca cun escaso desenvolvemento industrial, como outras moitas comarcas do noso territorio, e que é, polo tanto, unha planta que constitúe un dos motores económicos desta zona. Esta planta do Barbanza naceu coa vontade de contribuír ao desenvolvemento dunha economía circular neste territorio. É a aplicación da regra dos tres erros: reducir, reciclar e reutilizar. Recicla os envases e trata a materia orgánica para a elaboración de compost mediante o sistema húmido/seco e fai a recollida a través de catro tipos de contedores. E vou explicar un pouco o funcionamento desta planta pola desinformación intencionada que existe sobre o mesmo.

Pois ben, esta planta funciona, como dicía, con base en catro tipos de contedores, que son o contedor azul, onde depositan o papel e o cartón; o iglú verde, onde depositan as botellas e os tarros de cristal; o contedor verde, onde se deposita a materia orgánica, restos de comidas, xardinería, papeis de envolver a carne ou o peixe; e o contedor amarelo, onde vai toda a materia inorgánica, materia inerte (plásticos, envases de aceite, iogur, etc.).



Posteriormente nestas plantas, por unha banda, trátase a materia inerte mediante unha selección manual onde separan as catro calidades diferentes: plástico, briks, etc., para posteriormente prensar e empacar e enviar ás empresas de reciclaxe. E, por outra banda, está a materia orgánica. Mediante un método electromagnético, os restos de comida sométense despois a compostaxe.

Este proceso realízase por vía aerobia, é dicir, con presenza de oxíxeno e humidade. O resultado é un compost de diferentes calidades segundo o grao de impropios que presenten, polo que hai partidas de baixa calidade, que se destinan ao selado de canteiras ou verteduras, e pola outra banda os de mellor calidade véndense a granel.

Estes procesos que acabo de explicar teñen como resultado uns datos anuais de recuperación de oito mil toneladas de refugallos inorgánicos a través da reciclaxe e dúas mil toneladas de materia orgánica que se transforman en compost, o que en datos porcentuais supera con creces a media galega, reciclando un 37 % dos residuos que chegan á instalación de Lousame fronte ao 15 % da media galega.

Pero, a pesar disto, sabemos que queda moito camiño por facer e sabemos que o futuro do noso planeta está nas nosas mans. E as exixencias que marca Europa nos índices de reciclaxe son cada vez maiores. Temos a curto prazo, o mes de xaneiro de 2024, como data tope para implantar o contedor marrón para os restos orgánicos no ámbito das comunidades autónomas e das entidades locais, e Galicia está moi lonxe destes datos, polo que, de forma ineludible e inevitable, temos que poñer as pilas.

Para acadar isto, Sogama non chega. Que Sogama non chega non o digo eu soa, senón que tamén o dixo a conselleira na última intervención e tamén o dixo en prensa. E aínda que dende a consellería se estean a implantar plantas de biorresiduos, como son as de Cervo, Verín ou Vilanova, isto non é suficiente.

Por iso dende o Grupo Socialista defendemos que a Xunta ten que potenciar as xa existentes, como é o caso de Lousame, con medidas como a de colaborar na modificación das súas infraestruturas para incrementar a reciclaxe, mellorar este tratamento orgánico dos residuos biolóxicos e así reducir a eliminación en vertedoiro.

O Goberno ten que asegurar a permanencia desta planta máis aló de 2023 e o mantemento destes postos de traballo que dicía ao inicio, e tamén colaborar en buscar procesos ou sistemas para modernizar a xestión destes refugallos.

A Xunta ten que implicarse no mantemento desta planta de Lousame e investir en I+D co fin de acadar melloras técnicas que leven a cabo unha xestión máis eficiente destes recursos. Non podemos —dicíao o outro día na miña interpelación e insisto novamente— perder a oportunidade que temos co plan de recuperación, transformación e resiliencia que se transferirá, o cal conta cunha liña orientada á xestión dos residuos municipais en liña coas prioridades e cos obxectivos que marca, como dicíamos antes, a Comisión Europea e para poder acadar os mesmos, porque neste momento na nosa comunidade, no noso territorio non estamos nin de lonxe en condicións de poder acadar este cumprimento.



Polo tanto, nese sentido vai a moción que presentamos hoxe. Queremos que o Goberno da Xunta colabore neste mantemento, pero colabore non só tecnicamente, como propón na súa moción o Partido Popular, senón que queremos que colabore tamén economicamente, para poder garantir máis aló de 2023, cando acabe esta concesión, o mantemento destes postos de traballo, o mantemento do pan destas 170 familias.

Polo tanto, cremos que, ademais, é unha cuestión de responsabilidade política. Temos que acadar eses obxectivos e temos que deixar de discriminar esta planta de Lousame, cuxa discriminación atende unicamente a motivos de cor política.

Polo de agora máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á intervención dos restantes grupos parlamentarios. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Hai un dito popular, no auténtico sentido da palabra «popular», que lle vén moi ben ao caso a este debate sobre a planta de residuos de Lousame e Sogama. O dito é: «Aparta de aí que me luxas, díxolle o pote ao caldeiro». Hai outra versión deste dito, que tamén utilizaba miña avoa, que é: «Mira quen falou, que a miña casa honrou.»

¡Está Sogama para dar leccións, para dicirlles a outros o que teñen que facer! Vostedes, a verdade é que non teñen medida.

Ademais, están levando a cabo unha campaña de intoxicación, de falsidades, de chantaxe, de intimidación, cando o que tiñan que facer primeiro vostedes era dar exemplo, e non dan exemplo.

O Partido Popular, a Xunta, compórtase como un mal alumno que saca nos exames moi deficiente e dille que ten que mellorar ao alumno que saca un aprobado, que neste caso é Lousame. Será un aprobado raspado pero saca unha mellor nota que Sogama, que a Xunta, como veremos.

Esta actitude de presión, intimidación e chantaxe quedou, por se houberse algunha dúbida, perfectamente clara neste escrito, *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* infumable, que lles enviou a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático aos membros da mancomunidade, ás alcaldías da mancomunidade, o pasado mes de outubro, onde lles vén dar leccións e pedir razóns e exixencias xustamente do que non fai Sogama. Polo tanto, esta carta pon de manifesto unha actitude absolutamente partidista, parcial, sectaria e irresponsábel por parte da Xunta, que lle lembra ao sistema da Mancomunidade do Barbanza que ten a obriga de recollida separada das fraccións: papel, vidro, plástico, metais, biorresiduos e outras; é dicir, xusto o que non fai Sogama. Isto é o que lle pide a Lousame, o que non fai Sogama.



En segundo lugar, advirte dos malos datos que ten segundo a memoria do ano 2020 —que non é un ano precisamente normal, polo que xa sabemos—, a cal di que os datos de recuperación e reciclaxe nese ano foron do 31,4 %, por debaixo do que era habitual, que andaba por riba do 35 %. O obxectivo europeo para o 2020 era o 50 %.

Entón, sácalle as cores a Sogama, á Xunta, Lousame, porque obtén un 31,4 % de recuperación e reciclaxe. ¿Saben vostedes canto se recupera na planta de Sogama en Cerceda? O 3,5 % fronte ao 31,4 %. ¡E aínda lle queren facer exixencias ao Barbanza! Hai que ter unha cara como xa saben vostedes que teñen. (*Aplausos.*)

E claro, por eses datos de Sogama estamos no 15 % total de reciclaxe do Estado cando debíamos estar no 2020 no 50 %. Somos os pechacancelas. E ¿saben con que territorios estamos na cola? Con Ceuta e con Melilla. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) ¿Isto é do que presumen vostedes indo por aí a Glasgow e a Copenhague e non sei máis onde? Debía darlles vergoña andar con estes datos polo mundo adiante, pero dálles igual.

En terceiro lugar, critican o mal funcionamento da compostaxe en Lousame. É certo que hai fallos porque non hai boas dotacións de medios, de materiais, de volteadoras... En fin, faise unha mala recollida e non funciona como debería funcionar a compostaxe. Pero, ¿como se atreven vostedes a dar leccións de compostaxe? Se teñen unha planta, que fixeron hai dous anos e inauguraron en Areosa, que tiña capacidade para recibir quince mil toneladas por ano e ¿saben cantas toneladas recibiu no ano 2020? Quince mil, e recibiu exactamente 242 toneladas. Debía caerlles a cara de vergoña. Está preparada para recibir os biorresiduos de deza oito concellos e recibe os de tres. É dicir, datos absolutamente ridículos e irrisorios.

E xa o colmo é que advirten á mancomunidade de que vai entrar en vigor unha nova lei que vai establecer un imposto para a vertedura dos residuos, e resulta que non lle din que ese imposto tamén se vai aplicar a Sogama, que ten unhas altísimas porcentaxes de vertedura e tamén se vai aplicar ese imposto á incineración.

É dicir, dinlle que van subir o recibo no caso da mancomunidade e non din que vai subir o dobre ou o triplo no caso de Sogama, que vai ter que pagar tamén aos concellos adheridos pola incineración e pola vertedura unhas cantidades que son —xa llelo aseguro— moi elevadas porque supoñen máis do 90 % dos residuos que chegan a Sogama os que van a incineración e vertedoiro.

E despois fan referencia a unha nota interpretativa do Miteco, que é un documento que non está asinado, que non ten ningunha validez legal, que di na súa parte final que non é vinculante, e está nestes momentos, precisamente, en elaboración un real decreto que vai regular esta cuestión de como se debe facer a separación húmido/seco e se se pode interpretar a directiva europea para que se poida acoller unha planta como a de Lousame.

En fin, que a traca final é xa cando advirten nesta carta do seguinte: «debe presentar a estratexia para acadar os obxectivos e realizar as accións necesarias para estar en condicións de acadar o estipulado na normativa comunitaria estatal e autonómica».



A pregunta que nos facemos no BNG é se lle mandaron esta mesma carta a Sogama, porque se lle mandan esta carta a Sogama teñen que espabilar moito para cumprir a normativa estatal, comunitaria e galega. Porque non a cumpre. A primeira que non a cumpre é Sogama. ¡Como se atreven a dar leccións e a exixirilles aos demais o que vostedes non fan! *Consejos vendo, que para mí no tengo*. Se non lles valeron os anteriores refráns, pois a ver se este, que é en castelán, lles serve.

Isto chámase ver a palla, ou o lixo, no ollo alleo e non ver a viga no propio, señoras e señores do Partido Popular. Vostedes tiñan que abrirlle un expediente informativo e sancionador a Sogama porque é a campioa dos incumprimentos. (*Aplausos*.) Non cumpre a normativa europea, non cumpre a lei estatal, non cumpre o Pemar, o Plan estatal marco de residuos. Non cumpren nin o Plan de residuos de Galiza do 2010-2020, que se ampliou ao 2022, non cumpren as previsións que había nese plan. ¿A que veñen aquí?

En fin, que, como non cumpren, utilizan a política da camuflaxe, a política do decorado, a política —que lles dixen eu o outro día— L'Oréal. O que pasa é que cheira a podre. En Cerceda cheira a podre e aquí non vale xa nin sequera o L'Oréal e, por moito que gasten en propaganda, non van convencer a ninguén de que isto que fan é o que hai que facer.

E claro, agora véñennos coa Estratexia de biorresiduos 2022-2023, onde din que van investir 60 millóns de euros. Ben. Non vimos o documento, por certo, desa estratexia que modifica o Plan de xestión de residuos de Galicia, que debería vir a este parlamento. Esperemos que veña a este parlamento e que poidamos falar desta estratexia.

Pero no fondo é trasladar a un plan galego o diñeiro que lles vén desde Europa. Desde a conferencia sectorial fíxose unha repartición na que lles atribuíron 22,5 millóns de euros este ano, e vostedes iso, que lles vén obrigadamente para utilizar nesas cuestións, convérteno nunha estratexia, pero digamos que o fan por imposición.

Igual que fan coa memoria histórica. Vostedes pasan olímpicamente da memoria histórica e cando hai un plan estatal apúntanse a un plan de exhumacións. Apúntanse a un plan de exhumacións e pola noite van á misa do ditador na catedral de Córdoba, o señor Casado. (*Aplausos*.) Esa é a súa política da memoria, as misas ao ditador.

Aínda que teño que recoñecer que vin unha evolución. Vin un salto evolutivo nos últimos tempos no Partido Popular e na Xunta de Galiza. Pasaron do *australopitecus* ao *homo antecessor* en materia de residuos. Podemos dicir —e eu creo que é algo positivo— que pasaron do «home picachoniensis de Pontevedra» (*O señor Bará Torres mostra un documento*.) do señor Domínguez (*Murmurios*.), o «escachacomposteiros comunitarios», a anunciar agora que van facer, en colaboración coa Deputación de Pontevedra —alegrámonos—, unha guía sobre a compostaxe comunitaria. Isto é un gran salto adiante para a humanidade e para o Partido Popular. (*Aplausos*.) Desde logo, superar esta fase do «escachacomposteiros comunitarios» que tiñan alí en Pontevedra... Algo é algo, algún paso van dando adiante.

En fin, que o que nos teñen que explicar aquí —e vou rematando, señor presidente— é que isto que están facendo vostedes co sistema de Lousame ten gravísimas consecuencias, por-



que o que queren facer no fondo é transformar esa planta nunha planta de transferencia de residuos para Sogama, e iso vai provocar unha catástrofe desde o punto de vista laboral, xa que vai botar á rúa a máis de setenta persoas desa comarca, da que é unha das principais empresas. Desas setenta e cinco persoas, setenta son mulleres (*Aplausos.*). E van ir á rúa por culpa das políticas, da presión, da chantaxe e da intimidación da Xunta do Partido Popular e do acoso e derribo contra este plan da mancomunidade da Barbanza, que necesita melloras, que necesita cambios, que necesita colaboración, cooperación e lealdade por parte da Xunta de Galiza; non necesita esta campaña infame de acoso e derribo que pode levar á rúa a máis de setenta persoas, e iso será a súa responsabilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Bará, ¡xantou vostede ben, que colleu forza e fixo un discurso de autoconvencemento que case non sei se cambiar a miña intervención! (*Aplausos.*)

En todo caso, señorías, é unha mágoa —señora Castro, señor Bará— escoitar unha e outra vez, xa sexa en comisión ou en pleno, esa visión retrograda que seguen tendo, e que queren inocular a calquera prezo, do tratamento da xestión dos residuos que está a levar a Xunta de Galicia. É unha visión esperpéntica a súa, unha visión falaz, porque o que pretenden co seu discurso é enganar as galegas e os galegos, debuxando un escenario que dista moitísimo da realidade. E lección ningunha, señor Bará, porque aquí a única que cumpre a normativa é Sogama.

Ademais, señorías da oposición, teño que dicir que niso si que coinciden, que teñen o mesmo discurso sempre: esa gris e catastrofista Galicia. ¡Que mágoa!, ¡que mágoa! ¡Menos mal que a inmensa maioría das galegas e dos galegos non cren nesa Galicia gris! Para iso só ten que mirar para este hemiciclo.

¿E por que tratan de enganar con esa continua campaña...? É a súa campaña, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista; unha campaña negativa, de confrontación e que poderíamos incluso cualificar de obsesiva. ¡Porque teñen unha obsesión con Sogama! Pero imos falar claro. Falemos claramente dun modelo porque, mal que lles pese, na actualidade, Sogama é a compañía máis moderna e máis eficiente de Europa no sector dos residuos urbanos. ¡Si! Aínda que lles pese, é un punto de referencia —si, señor Bará— para o resto do mundo.

Por certo, temos pendente esa visita a Sogama. Solicítámola en dúas ocasións pero, dado que había unhas obras de acondicionamento que están facendo, esperamos poder visitala no pró-



ximo inicio do período de sesións, e que consigamos así, señorías, que deixen de verter —os que verten son vostedes— ¿o que? Discursos obsoletos e arcaicos. Póñanse ao día, coñezan a realidade da xestión dos residuos de Galicia, visiten Sogama, como fixeron xa máis de oitenta mil persoas de cidades doutras comunidades autónomas, incluso doutros puntos de Europa.

O Goberno galego, señorías, está centrado en traballar para acadar a xestión eficiente e moderna dos residuos e en loitar contra o cambio climático. O Goberno galego, señorías, non ataca os sistemas alternativos de Sogama, senón que os considera como modelos complementarios e necesarios, no fluxo dos residuos municipais fundamentalmente. Insisto, señorías, non hai sistemas alternativos, senón complementarios.

Podemos falar, señor Bará do Plan Revitaliza, do que tanto presume. Podemos falar do sistema da Barbanza, do sistema de Nostián. E se quere tamén, señor Bará —que o falamos xa nunha comisión—, dese sistema de Guipúscoa que vostedes puxeron de exemplo e despois tiveron que saír por patas.

De verdade, créame, non é intención deste Grupo Parlamentario Popular poñer en cuestión estes modelos, pero o que este Grupo Parlamentario Popular non pode admitir é que consideren vostedes o modelo de Sogama un modelo fracasado, porque é un modelo punteiro en Galicia, en España e en Europa. E iso non o poden vostedes cambiar co seu discurso. *(Aplausos.)*

Porque os modelos ¡claro que son todos complementarios e necesarios!, pero sempre que cumpran cos obxectivos e coas obrigas establecidas pola normativa comunitaria, especialmente no que ten que ver coa recollida e a separación de residuos e co principio de xerarquía na xestión de residuos.

Polo tanto, señorías, a Xunta está a favor de que a planta da Barbanza, primeiro, elabore un plan de adecuación ao estipulado en materia de xestión de residuos na normativa comunitaria e, por suposto, que procure un emprego de calidade para os seus traballadores; unha planta que cumpra coa normativa e unha planta que cumpra cos obxectivos e coas obrigas que vostedes intentan obviar.

A Lei 2021, de residuos e solos contaminados de Galicia, e, como está previsto, ese Proxecto de lei básica de residuos do Estado —que creo que está en fase de tramitación e que non dan sacado adiante, señora Castro; ao mellor teñen que interceder porque ter tanto socio, ás veces, ten estes inconvenientes—, establecen as fraccións que deben recollese separadamente, cun obxectivos, que son: papeis, metal, vidro, plástico e biorresiduos susceptibles de ser separados cun mínimo dun 50 % e cun aumento do 5 % cada cinco anos.

Por outra banda, a Lei de residuos e solos contaminados de Galicia establece que a eliminación en vertedoiro no ano 2035 debe de ser dun máximo do 10 % dos residuos domésticos. O Real decreto 646/2020 establece obxectivos intermedios para os residuos municipais: en 2025 reduciranse nun 40 % e nun 20 % en 2030.

De acordo coa memoria de actividade do complexo medioambiental da serra da Barbanza correspondente ao 2020, o modelo de xestión de residuos da mancomunidade está lonxe —



non Sogama, senón a mancomunidade da serra da Barbanza— de acadar estes obxectivos, xa que a porcentaxe de depósito en vertedoiro é dun 66 % e a porcentaxe de reciclado é moi baixa e está alonxada do obxectivo comunitario.

Por outra banda, a pesar de ser un sistema baseado na separación de fracción orgánica e inorgánica, a porcentaxe de compostaxe é baixa e non consta que cumpra cos requisitos de fin de condición de residuos establecidos no Regulamento 2019/1009.

En todo caso, os datos do centro do Barbanza deben ser valorados, como en calquera planta, con carácter conxunto e non de forma separada. Pero é que, claro, é normal que vostedes dean os datos que lles interesan, iso podémolo entender, pero que terxiversen os datos, que desinformen... Son vostedes os que desinforman e de forma intencionada, porque non queda ben coas súas mensaxes catastrofistas.

Fóra dos datos de compostaxe de residuos orgánicos, ¿cales outros datos lles poden interesar aos galegos e ás galegas? Pois os datos de reciclaxe doutras opcións: en Sogama, o 18 %; en Lousame, apenas alcanza o 10 %. Alta porcentaxe de residuos vertidos na planta de Lousame, 66%; datos de vertidos en Sogama, apenas sobrepasan o 25 %. Eses son os datos. ¡Si, eses son os datos, señor Bará! ¡Eses son os datos!

E, se lesen detalladamente esa nota interpretativa do Ministerio de Transición Ecolóxica, verían que di que o modelo húmido/seco de Lousame non cumpriría con todos os requisitos establecidos na Directiva marco de residuos, especialmente no que respecta á recollida separada de plásticos e metais, e tampouco cumpriría coa obriga de recoller de forma separada os residuos de envases.

Mire, señora Castro, imos ver o que fai o Goberno do señor Sánchez e imos ver o que leva facendo a Xunta nesta última década. ¿Quen está a poñer atrancos aos concellos e, polo tanto, ao modelo da Barbanza? O Goberno do señor Sánchez, señora Castro.

Cómpre lembrar que o Proxecto de lei básica de residuos e solos contaminados prevé a implantación dun imposto ao depósito en vertedoiro. ¿Quen está a tramitar este proxecto de lei? O Goberno do señor Sánchez, señora Castro. Este feito, señora Castro, gravará substancialmente as actividades do centro de Lousame e, polo tanto, serán os concellos os que sairán peor parados.

O Goberno central, o Goberno do señor Sánchez, señora Castro, quere marcar prazos moitos máis restritivos e, polo tanto, parecen —e digo parecen— imposibles de cumprir.

E chama especialmente a atención que aínda encima se congratulen, ou se alegre alguén da Fegamp, porque se amplíe agora o prazo ata xuño de 2022, tendo en conta que a lei estatal non é máis que un borrador. Isto supón, se nalgún momento se aproba esa lei, un atraso de máis de ano e medio na implantación de forma obxectiva do contedor marrón.

Este Grupo Parlamentario Popular pregúntase: ¿está o Partido Socialista de Galicia de acordo con este prazo tan limitado?, ¿saben vostedes o esforzo que implica para os concellos? Están



vostedes moi alonxados da realidade das necesidades das galegas e dos galegos, só teñen que mirar ao seu arredor.

Vostedes defínense como adáis da reciclaxe, pero comecen de verdade vostedes por reciclarse a si mesmos e preocúpense por ter unha visión máis ampla do sector dos residuos de Galicia.

A Xunta de Galicia nesta última década estivo ao lado dos concellos, claro que si, señora Castro, apoiándoos e dándolles facilidades. A Xunta de Galicia foi quen de sacar unha lei de residuos neste mesmo ano. A Xunta de Galicia foi quen de poñer en marcha a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais. A Xunta de Galicia non está en contra de modelos de xestión alternativos a Sogama, pero todos deben cumprir coas directrices europeas e garantir o emprego estable e de calidade.

A Xunta está ao lado dos concellos. ¿Onde está o Goberno central? O Goberno central fai xustamente o contrario, quere introducir máis impostos a través dunha lei que non consegue sacar adiante e quere fixar prazos inasumibles para que os concellos poidan implantar o quinto contedor.

Sogama é un referente europeo, mal que lle pese, co canon máis baixo de toda España; un sistema que cumpre con todas as directrices europeas e que está á vangarda de Europa na xestión dos residuos. Pero se un día deciden abandonar o seu discurso, sempre hai un modelo perfectamente testado e que cumpre, que é o modelo Sogama.

Por iso, e para ir rematando, voume referir á emenda que presenta este Grupo Parlamentario Popular en relación con ese punto primeiro, no que instamos a esa colaboración técnica, si. Desde o grupo parlamentario destacamos e poñemos en valor a dispoñibilidade da Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, para intentar resolver os problemas da mellor maneira posible. Valoramos a posta á disposición dos técnicos da Dirección Xeral, para que dende a mancomunidade poidan facer un plantexamento e para que digan cal vai ser o futuro e marquen os tempos.

Sería bo que a Mancomunidade aproveite e que remen todos cara ao mesmo lado, que se poñan de acordo, que se dean unha oportunidade se queren continuar e que, sobre todo, non busquen nos demais os culpables senón que miren para eles mesmos e que traten de poñer solucións. Aí encontrarán a Consellería de Medio Ambiente, e encontrarán...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...a Dirección Xeral.

O PSdeG debe deixar de ser hipócrita. Uns días di que si e outros días di que non, e o Bloque tamén debe de abandonar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...o seu catecismo. Xa remato.



En todo caso, señorías, queremos poñer en valor esa colaboración técnica precisa para buscar ese plan de adecuación en materia de xestión de residuos.

E, señora Castro, se tanto lle preocupan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...os traballadores —e si que xa remato—, preocúpese polo 43 % menos que gañan os traballadores da planta de Lousame en relación cos de Sogama...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...porque non pode haber traballadores de primeira, de segunda e de terceira.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz Mouteira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo autor da moción, ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Bueno, señora Díaz, vostede fala de discursos retrógrados da oposición. Penso que a que é retrógrada é a xestión do tratamento dos residuos que se está a levar a cabo en Galicia. Tan retrógrada que no Plan de residuos 2010-2022 se fixaron uns obxectivos anuais e aínda non chegamos aos de 2018; ou sexa que... (*Aplausos.*) Aí está o retrógrado.

Despois fala vostede do tanto por cento de reciclaxe que se leva a cabo na Mancomunidade da Barbanza, e fala dos datos de Sogama. Eu voulle dar datos concretos para que vostede vexa que está moi por riba da media galega.

Pois ben, mentres a planta de Sogama recupera para a reciclaxe 14,9 quilogramos habitantes/ano, a planta da Barbanza recupera 51,1 quilogramos por habitante e ano. Pero tamén podo darlle a diferenza en relación co tratamento de residuos, porque tamén é unha diferenza notable, especialmente nos segmentos de papel e cartón, cun 62 %, fronte ao 19 % en Galicia, en envases lixeiros, cun 52 %, en comparación co 22 % galego, e igualmente en materia orgánica, onde aínda se acrecenta máis a distancia: un 35 % da Barbanza fronte a un 5 % de Sogama. ¿Quen non cumpre, señora Díaz? ¿Quen está lonxe de cumprir estes obxectivos?

Vostede falaba tamén na súa intervención do apoio da Xunta aos sistemas complementarios, e necesarios, aos de Sogama, dos sistemas alternativos que existen no noso territorio. Pois comprométanse a colaborar economicamente e tecnicamente no futuro do complexo medioambiental de tratamento de residuos de Lousame, para garantir a continuidade e os postos de traballo tras a fin da concesión en 2023.



Falaba tamén de desinformación. Desinformación é o informe do que falaba o compañeiro señor Bará antes na súa intervención; un informe con data do 1 de outubro e un informe onde dende a Dirección Xeral de Calidade Ambiental se analizaba o funcionamento da planta de Lousame, que concluía recomendando levar a cabo as accións necesarias e a aprobación dunha estratexia para cumprir os obxectivos marcados pola normativa comunitaria estatal e autonómica. Un informe de parte, un informe totalmente feito á medida. ¡Como lle gustan a este goberno os informes á medida! Xa levamos uns cantos este ano: o artigo 18 da Lei de cambio climático, a adscrición de Ence aos terreos portuarios e agora este sobre a xestión de Lousame.

Dicía que era un informe que se baseaba ademais en argumentos vagos e xenéricos, que o único que buscaba era novamente esta traxectoria de desprestixiar o modelo de xestión de Lousame. Nel afirmábase falacias como, entre outras, que o modelo usado en Lousame non cumpría os requisitos da directiva marco europea porque non respectaba a fracción inorgánica. Isto non é certo e é unha mentira. E cando desde un Goberno se usa unha mentira para desprestixiar unha empresa que xera cento setenta postos de traballo e supón un dos principais motores dunha comarca con altos índices de paro, pois é unha actitude —non sei como cualificala— minimamente deshonesto para alguén que di gobernar para todos os galegos e galegas.

Pero como a mentira ten as patas moi curtas podo poñerlle moitos exemplos que desmontarían esta afirmación, a afirmación deste informe. Un deles é a nova planta TMB que se está a construír en Lleida, unha planta que tratará 60.000 toneladas anuais e que conta cun investimento de 18,6 millóns de euros de fondos europeos e de fondos da Generalitat. ¿Como vai financiar a Comunidade Europea unha planta que non cumpre a súa directiva marco?

E dende o Partido Socialista —insisto— defendemos unha xestión rexida polos principios de autosuficiencia, proximidade e unha rede integrada de instalacións de carácter comarcal ou provincial para a valorización dos residuos. Foi a conselleira a que dixo que Sogama non chega para cumprir as exixencias europeas. Pois compaxinemos a creación de novas plantas co aproveitamento das infraestruturas existentes. Colaboren na adaptación de forma técnica pero tamén de forma económica para poder manter estes postos de traballo nun futuro cando remate a concesión, invistan nesta planta e cofinancien a adaptación, a reconversión desta mesma introducindo, por exemplo, novas depuradoras biolóxicas da fracción orgánica que permitan introducir tamén nestes concellos o contedor marrón. Non perdamos esta oportunidade de aproveitar o potencial do sector ambiental, do sector dos residuos para contribuír a xerar emprego, a manter o existente e superar esta crise que nos vén por diante.

E en relación coas emendas, nós imos aceptar a emenda proposta polo BNG porque a compartimos na súa integridade. E en relación coa emenda plantexada polo Partido Popular, aceptaríamos a mesma se ese compromiso de colaboración non só fora técnico senón tamén económico. Polo tanto, se non teñen problema en asumir tamén o compromiso económico, aceptaríamos tamén; doutra forma pois non a aceptamos.

Remato. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.



Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Imos logo á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado.

Non se aceptan as emendas.

¿Solicitan a votación por puntos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Negación.*) Non acepta a votación por puntos.

Entón, votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque.

E hai aí unha proposta que fixo sobre a do PP. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, ¿acepta a do Bloque? ¡Ah!, perdón, acepta a do Bloque, e a transacción non a hai.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar de maneira urxente contra a violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Socialista e hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa, no punto 1, onde di: «Posta en marcha en setembro...», debe dicir: «Posta en marcha no primeiro trimestre de 2022...».

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo punto 4:

«4. Impulsar, no marco das competencias autonómicas, un protocolo de actuación para que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.»

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo punto 5:

«5. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España para: a) Impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución. b) Buscar o maior consenso político e social para renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais.»



(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar un informe, no marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, co fin de avaliar a situación actual ao respecto das violencias contra a muller.

O dito informe deberá conter:

- Diagnose tendo en conta variables como: idade, discapacidade e a incidencia no rural.*
 - Propostas de actuación nos ámbitos da: sensibilización, mellora da coordinación e resposta institucional, impulso da formación por ámbitos de actuación como o sanitario, educativo, social, etc e novos recursos.*
- 2.- Demandar ao Goberno de España:*
- Elaborar campañas que teñan como público obxectivo á xente moza, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.*
 - Acordar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, as empresas de telecomunicacións e os principais provedores de contidos dixitais, un sistema de coordinación, cooperación e correulación para eliminar referencias potencialmente nocivas na rede que promovan a violencia contra as mulleres.*
 - Modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, co fin de ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres contidos no Convenio de Estambul.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo punto 4:

«4. Dotar estas medidas dunha reserva económica nos Orzamentos de 2022 e dun calendario de aplicación que permita a súa posta en marcha no primeiro trimestre do ano.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Díaz Varela.



A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todos e a todas.

A verdade é que cando chegamos aquí a esta tribuna ás veces non nos damos conta de determinadas cousas, menos mal que están as compañeiras da prensa para darse conta. E só lendo unha información de Europa Press decateime, decatámonos todos e todas, de que certamente hoxe no debate do proxecto de lei de violencia de xénero dixital non estaba ningún membro do Goberno. Eu agardaría que polo menos si estivese a conselleira. Sei que tiña a axenda ocupada, sei tamén que louvou o consenso nesta cámara, pero sería de agradecer que ás veces as axendas se poidan cambiar, e máis tendo en conta que se coñecen con días previos.

En fin, dito isto, nós presentamos esta proposición non de lei —a que debatemos agora neste momento— neste mes de novembro non só porque estamos preto da data do 25-N, de loita contra a violencia contra as mulleres, senón tamén porque obedece a unha preocupación deste grupo parlamentario. Esta preocupación xa a tiñamos en xuño cando presentamos esta iniciativa polo incremento da violencia machista que se estaba dando no conxunto do Estado e, por suposto, tamén aquí no noso país. Segundo a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, no mes de xuño —cando presentamos esta iniciativa— eran 19 as mulleres asasinadas, pero é que hoxe xa son 37; en xuño, 19, e agora, 37. E se eran en xuño dúas as menores asasinadas e unha secuestrada polo seu pai —todas vítimas, por suposto, da violencia machista— hoxe xa son cinco, de xuño a este mes de novembro.

Hai uns meses, efectivamente, a secretaria xeral de Igualdade comparecía neste parlamento para dar conta dos informes acerca da violencia de xénero correspondentes ao ano 2020. E nesa comparecencia ela mesma puña de manifesto que esa violencia segue a ser un problema estrutural que hai que combater con todos os medios ao seu alcance. E entre as cifras achegadas naquel día ofrecía que os últimos datos sobre os feitos coñecidos de violencia sexual en Galicia se incrementaran no ano 2020 en máis dun dezaioito por cento, ¡unha barbaridade! Pero é que ofrecía outro dato —que xa o comentamos tamén na comisión e que é realmente preocupante—: un de cada cinco partes de lesións xerados en atención primaria foron casos de violencia machista, un de cada cinco, ¡terrible!

Hai máis datos, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia presentaba os datos do primeiro trimestre de 2021, que apuntaban tamén un aumento do 18 % de vítimas de violencia machista en Galicia. E xa con datos máis recentes de hai escasos dez días, da Delegación do Goberno en Galicia, falaba de que o número de casos activos no noso país no sistema de seguimento policial de violencia de xénero, coñecido como o sistema VioXén, elévase a máis de catro mil —4.057— mulleres. E o VioXén só está en corenta e un concellos galegos que dispoñen deste recurso.

O propio Fiscal Superior de Galicia presentaba estes días a Memoria da Fiscalía correspondente tamén ao ano 2020, e nela advertía de que cada día se incoan nos xulgados galegos dezasete novos procedementos por violencia machista. E ese mesmo fiscal cualificaba de inasumibles estas cifras e instaba a adoptar decisións e apelaba á coordinación e á coopera-



ción. Decía el —nas súas propias palabras e nós compartímolas— «non basta coa adopción de medidas de protección», ademais de alertar tamén do aumento en máis dun oitenta por cento das agresións sexuais sen acceso carnal a menores.

Claro, despois de todas estas cifras sobran comentarios. Salvo calquera que poña de manifesto que seguimos todos e todas errando e fracasando na loita contra este machismo que nos mata e contra este machismo que nos fai dano; un problema estrutural no que —non o esquezamos— o machismo é o que nos mata.

Diante deste terrible escenario pensamos nós, pensamos no PSdG, é preciso entón poñer de maneira urxente todos os medios para frear o ascenso desta violencia machista no noso país, á vez que previr máis asasinatos e máis violencia nestas mulleres e nos seus fillos e fillas.

Por iso nós propoñemos —e imos xa ao gran— nesta iniciativa varias cuestións. A primeira é a posta en marcha no primeiro trimestre do ano vindeiro dun plan urxente contra a violencia de xénero, centrado fundamentalmente na prevención e na educación, que inclúa campañas de información e de sensibilización sobre a violencia machista, con recursos, lóxicamente, para a súa identificación. Xa falamos esta mañá nesta cámara da necesaria pedagogía co que ten que ver coa violencia de xénero dixital, pois tamén en toda a violencia machista. E por suposto tamén campañas de información e sensibilización acerca dos servizos dispoñibles aos que acudir en caso de ser vítima.

Trataremos tamén hoxe aquí algo que dende o PSdG levamos reclamando e tratarémolo despois. Dende hai moito tempo temos que garantir cubrir todo o noso territorio de recursos dispoñibles para as mulleres vítimas ou que precisen asesoramento do tipo que sexa. As campañas que solicitamos deben diferenciarse segundo públicos e segundo impactos, sexa ámbito urbano, ámbito rural, por idades, por sexos, fundamental, por sexos. Temos que empezar a poñer a diana nos homes. As campañas teñen que empezar a dirixirse a iso, aos homes, son eles, e deixar de ser nós as protagonistas, nós non somos as agresoras.

Consideramos tamén, en segundo lugar, necesario incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista en todos os ámbitos, valorando a súa obrigatoriedade no sanitario, na educación ou na xustiza. E cando dicimos valorando a súa obrigatoriedade falamos precisamente diso. Hai moitísimas fórmulas para facelo. Para acceder a calquera posto de traballo da función pública poden incluírse estas cuestións nos temarios, por exemplo. Igual que se fai con outras tantas materias, ou cando menos primando a súa realización a través de incentivos, que hoxe non acontece.

Solicitamos tamén que o Conservatorio Galego de Violencia de Xénero realice un informe urxente que avalíe a situación actual de Galicia sobre a violencia machista e que, sobre todo, propoña medidas dirixidas á prevención e á erradicación desa violencia, así como a accións no ámbito educativo, tal, ademais, como lle vén encomendado polo Decreto 157/2012. Non dubidamos do traballo que poida facer o Observatorio, pero si pensamos que a súa eficacia non é a debida, certamente. Cando menos pensamos que non está cumprindo na súa totalidade co mandato encomendado. Por non falar tampouco da súa escasa ou nula transparencia do seu traballo, algo que nos preocupa e nos preocupa moito.



En cuarto lugar —e tal como reza a autoemenda que rexistramos a pasada semana a esta mesma iniciativa— consideramos necesario comezar a traer ao Parlamento galego un debate serio acerca da prostitución. Sabemos que este debate lle corresponde —sabémolo— en esencia ao Goberno central, que xa está comezando a dar os pasos, pero ás e aos socialistas galegos gustaríanos que tamén en Galicia comecemos a falar del.

Non quero obviar aquí, porque non sería xusto, o traballo comezado hai uns anos dende a Secretaría Xeral de Igualdade neste senso. Cando comezou a colaborar da man da Asociación Galega contra a Trata na asistencia a mulleres vítimas de explotación sexual, que —lembramos— é a peor expresión da violencia machista e que tamén ten unha tradición secular.

Un esforzo este que, por suposto, nós dende o PSdG aplaudimos pero pensamos que temos que aspirar a máis. E parello a ese traballo con mulleres, a ese traballo de asistencia con mulleres vítimas deses contextos de prostitución, consideramos que no marco das nosas competencias, se as temos, e si que as temos, debemos impulsar un protocolo de actuación para que as políticas públicas en materia de servizos sociais, de sanidade, seguridade e igualdade, todas teñan tamén como obxectivo a abolición desa prostitución.

¿E que queremos dicir con isto? Pois, por exemplo, queremos dicir, primeiro, que xa é hora de pasar á acción e configurar estratexias comúns de actuación para que calquera muller —como dicimos— nestes contextos de prostitución, por exemplo, que acuda a un médico, sexa a causa que sexa a súa consulta, ou a unha cita cunha traballadora social, nese caso conte de inmediato co asesoramento e a asistencia de profesionais que lle mostren os distintos recursos de que dispón para poder abandonar ese contexto no que é prostituída. É moi importante.

Segundo a Fiscalía —tamén datos da semana pasada—, o delito de proxenetismo no noso país aumentou un 62,5 %, pero seguen a ser pouquísimas as mulleres que denuncian; o que quere dicir que non ven amparo nas institucións, que non se senten protexidas. De aí que nós propoñamos que temos que ser nós, teñen que ser as institucións, os propios profesionais, os que teñen que ser proactivos e proactivas. Este sería un paso máis que pensamos que debemos dar e que nos permiten as nosas competencias. Sabemos que a responsabilidade de legislar nesta materia é do Goberno do Estado. E por iso tamén introducimos nesta iniciativa, nesa autoemenda, instar o Goberno de España a que impulse un marco normativo orientado á evolución da prostitución.

Por suposto, tamén buscamos que dende este parlamento o Goberno do Estado sexa instado a buscar o maior consenso político e social para renovar o pacto de estado, toda vez que está chegando ao seu fin e que se demostrou como unha valiosísima ferramenta de soporte e coordinación en materia de violencia machista. O Goberno do Estado xa manifestou a súa intención. Agora toca acadar loxicamente o maior dos consensos.

En esencia, na nosa proposición non de lei o que propoñemos —e isto dígoo tamén polas emendas presentadas— é, primeiro, avaliar a situación en Galicia, avaliar en que situación estamos en materia de violencia de xénero, coñecer perfectamente as nosas particularidades. Unha vez avaliada, facer un plan urxente directo á nosa realidade, con públicos por suposto



moi diferenciados, moi determinados. E despois tamén comezar a traballar de maneira concienciada na loita contra a prostitución, que —como digo— é a peor expresión da violencia machista.

E, polo de agora, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

No noso país xa tivemos que saír ás rúas para condenar un asasinato machista neste 2021. Cando os primeiros meses nos levaran á esperanza de pensar que quizais este ano non tiñamos que facelo, recibimos ese novo golpe. Polo tanto, quero tamén facer unha lembranza agora e tamén un recoñecemento ao feminismo galego de base, que está artellando xa concentracións e mostras de repulsa para este 25 de novembro, para lembrarnos o moito que temos que facer desde todos os espazos da nosa sociedade, tamén desde as institucións. *(Aplausos.)*

Creo que tamén ao longo de hoxe pola mañá quedou claro que hai moitos ámbitos de mellora. Vímolala na comparecencia da señora conselleira de Emprego e de Igualdade. Nese sentido, nós confiamos en que hoxe poida haber unha transacción que supoña algún paso adiante e que poida haber tamén un consenso concreto nunha votación no día de hoxe. A nosa disposición é toda.

Mais si que quería deixar algunha reflexión enriba da mesa. E vaia por diante a absoluta lexitimidade das autoemendas e o recoñecemento a que todos os grupos as usamos, ás veces por algún demérito propio, porque se nos escapa algo ou porque algunha iniciativa queda descontextualizada; outras veces porque o require a actualidade, porque este parlamento non sempre ten os mecanismos de axilidade correspondentes co século XXI. Valla como recordatorio que as preguntas urxentes que se debaterán mañá se rexistran con oito días de adianto. Polo tanto, ás veces hai que empregar ese tipo de mecanismos para actualizar as iniciativas, e a nós sempre nos parece ben, cando menos como procedemento.

Outra cuestión é que ás veces critiquemos o resultado político. No pleno anterior había unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular dunha iniciativa de prezos enerxéticos para falar de Alcoa. A nós sempre nos parece estupendo falar de Alcoa. Outra cuestión é que critiquemos que despois o grupo maioritario cando ten que premer o botón da votación para



apoiar mecanismos orzamentarios para a participación pública, por exemplo, ou para un plan de industrialización, vote en sentido contrario, e fagamos a crítica política á posición política, non tanto ao uso da automenda, ¿non?

Digo isto porque sen criticar esa cuestión hai algo que queriamos pór enriba da mesa no día de hoxe, que é que respectando a lexitimidade que ten o Grupo Socialista de autoemendarse no que considere, si que nos parece pouco serio que nunha iniciativa na que non se fai unha soa mención a unha problemática tan complexa e de tal profundidade como é a da prostitución, que se introduza un pouco pola porta de atrás ese debate. E non porque non queiramos debater sobre a prostitución, que, por suposto, cando sexa necesario e seguramente debemos facelo máis do que o temos feito no pasado. Agora ben, entendemos que como lavado de conciencia de cara ao 25 de novembro declararnos abolicionistas e desexar unha lexislación abolicionista está moi ben, pero que iso non vai supor un cambio a curto prazo e que é pouco responsable.

Porque o tema da prostitución é un tema con maiúsculas, na que ademais cada decisión política que se tome desde unha institución pode ter consecuencias sobre o ben máis importante que temos que protexer, que é a integridade desas mulleres que están en situación de prostitución. Polo tanto, parécenos pouco prudente.

E cremos tamén que é importante que nos parlamentos non se practique o adanismo. Por iso a min preocúpame que se diga aquí que imos comezar a debater, porque este parlamento e este país teñen unha historia. E aquí, por exemplo, no 2004 houbo unha comisión cunhas conclusións, unha comisión ademais que traballou longo e tendido e que escoitou a quen hai que escoitar, que ás veces quen estamos no privilexio de non ter que vernos obrigadas pola nosa posición de clase, de cor de pel, etc., a exercer a prostitución esquecemos, que é a das persoas que están sendo sometidas a esa violencia. E esa comisión xa concluíu no 2004 que a prostitución era violencia machista. Algo que a lexislación estatal no día de hoxe aínda non reconece, por exemplo.

Entón, tamén temos que recordar un pouco a nosa historia, porque desde entón houbo dezasete anos de gobernos centrais, dos cales dez ocupados polo socialismo, e non foron capaces de avanzar nunha lexislación abolicionista. Polo tanto, será que a cuestión é bastante complexa. Pola contra, creo que si que ás veces temos que poñer en valor cuestións que temos feito desde o ámbito galego, como avanzar, por exemplo, respecto á persecución da trata.

E nós estamos de acordo con debater medidas que se poden desenvolver desde o ámbito autonómico, que se poden facer, pero, sobre todo, —insisto— para protexer as mulleres que están en situación de prostitución. Por exemplo, para garantir a liberdade, para deixar a prostitución todas as mulleres que así o queiran, incluídas as migrantes en situación de irregularidade administrativa, podería haber pasos tanto desde a Xunta como desde o Estado. Tamén, por exemplo, desde o ámbito do Estado podería intensificarse a persecución da prostitución forzosa cunha maior coordinación das forzas policiais, incorporando, por exemplo, figuras como os traballadores e traballadoras sociais ás filas policiais para que poidan facer un traballo de atención máis directo e de asesoramento. Crear unha rede de centros públicos



de media estadía como hai noutros países para o desenvolvemento de políticas de integración para aquelas mulleres que queiran deixar a prostitución.

Programas tamén de concienciación dos homes. Xa que, por fin, entramos en cuestionar directamente os homes, eduquemos os homes. Aí tamén tería competencias a Xunta de Galiza en que as mulleres non somos unha mercadoría, por exemplo.

Evidentemente, todas as institucións teñen moitísimas cuestións que facer. E sobre o concreto nós estamos dispostas a discutir e a avanzar no que sexa necesario. Pero, desde logo, non nos gusta esta forma de proceder.

Tampouco nos gusta o que está acontecendo, e aproveito que se dá oportunidade de dar este debate no Parlamento galego, coa lei do si é si. Nós estamos de acordo con que é unha lei que ten moitos aspectos que son necesarios, e non presentamos evidentemente unha emenda de devolución como fixeron no ámbito do Estado outros grupos. Agora ben, preocupápanos que, por exemplo, en todo o articulado non se fale da prostitución e que despois se empregue unha disposición adicional para legislar un pouco pola tapada a abolición da prostitución nun sentido que nós entendemos que, aínda que abertamente non o queira, porque pon o foco na persecución dos donos de clubs de alterne ou semellantes, si que nos parece que, jollo!, hai que ter moito coidado. Porque como dicía antes —insisto— todos os pasos que demos poden ter repercusións en quen queremos protexer. E parécenos que tamén hai aí riscos importantes de que queden moitas mulleres desprotexidas. A comezar porque de momento —veremos que dá de si a tramitación— as axudas que se pon enriba da mesa son insuficientes.

Entón, non queiramos por correr moito diante dun problema, que se a miña compañeira Olalla Rodil dicía antes que a violencia machista era algo milenario, que non iamos resolver dun día para outro, pois a prostitución o mesmo. Xa non só porque é violencia machista, senón xa porque incluso temos testemuños xa desde o catrocentos e pico antes de Cristo, cando Heródoto, que se considera o pai da historia, xa falaba sobre o sistema prostitucional e o proxenetismo. Polo tanto, entendemos que hai que coller estas cuestións con cautela e queriamos deixar esta reflexión enriba da mesa.

E insistimos en que nós estamos de acordo en demandarlle ao Estado que legisle sobre esta cuestión. Esperamos que mellor do que se está facendo para actualizar algúns tipos de violencia machista, como se fixo, por exemplo, na Lei da infancia coa cuestión da violencia vicaria. Mentres, por exemplo, se segue a incumprir Istambul, porque non se desenvolveu ese punto do pacto de estado, que pedía que, efectivamente, a lei orgánica se actualizase e incorporase todos os puntos e todos os apartados e especificacións de violencia, como xa fixo a galega no 2004. Polo tanto, si podemos concordar no espírito de fondo, non co procedemento.

E quero aproveitar a última parte que me queda da intervención para facer unha mención tamén á cuestión do pacto de estado, que na lexislatura anterior tamén debatemos bastante sobre isto. Evidentemente, eu creo que estamos nun contexto no que é importante que as forzas políticas con representación no Congreso manifesten —e estaría ben tamén que non



fose necesariamente no marco do 25 de novembro— un ditame de apoio a que o pacto de estado máis alá de setembro de 2022 continúe. E valoramos positivamente que desde o Goberno central ademais haxa un compromiso cando menos verbal de momento de manter os fondos públicos para o Pacto de violencia machista.

Iso parécenos importante pero, máis alá de prorrogar esta cuestión e de apelar a que se cumpran aquelas que non se desenvolveron, pensamos que tamén vista a comparecencia da mañá, onde a propia conselleira de Emprego e Igualdade, tamén a miña compañeira Rodil, puña enriba da mesa algunhas das debilidades que ten, como, por exemplo, en que cuestións se poden gastar os orzamentos que se transfiren ás comunidades autónomas, ou como deseñamos algunhas medidas, como eses centros de atención ás vítimas de violencia sexual que sen quitarlles importancia quizais habería que integralos no sistema de protección que xa hai dentro de comunidades como a nosa. Entendemos que aí hai vías de mellora e que debemos centrarnos nesa cuestión.

Polo tanto, apelamos tamén a que igual que no seu día fomos quen de enviar unha proposta como Comunidade para o debate no Senado, pois esperamos que se hai efectivamente un compromiso de cara a setembro de 2022 de prorrogar este pacto e actualizalo, introducir melloras, pois que tamén se poida facer desde este parlamento pero cun debate máis sosegado.

En todo caso, independentemente da transacción final que quede, nós agardamos que poidamos chegar a unha votación conxunta que incorpore, por suposto, tamén a cuestión da abolición da prostitución e tamén, por suposto, a cuestión do pacto de estado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde, señorías.

Señora Díaz, respecto da mención que fixo ao inicio da súa intervención do Goberno galego, eu voulle dicir dúas cousas, e non o podía deixar pasar:

Primeiro, que o Goberno galego cando non está nesta sala está a traballar por todas as galegas e os galegos. A súa axenda é pública e coñecida por todos. Sen embargo, o señor Caballero non estaba presente no debate da lei, chegou á votación polos pelos, e que nós saibamos non ten responsabilidade ningunha de goberno. É máis: cada vez ten menos responsabilidades. Polo tanto, eu penso que sobrou o comentario que fixo ao iniciar a súa intervención. *(Aplausos.)*

E antes de entrar no debate, señorías, gustaríame trasladar no nome do meu grupo e de todos cantos conformamos esta cámara toda a nosa solidariedade coas mulleres e coas fa-



milias vítimas de violencia de xénero. Gustaríame dicirles que non están soas, que o Goberno galego seguirá a traballar na prevención, na educación, na sensibilización e na concienciación para dar resposta e garantirles unhas prestacións e uns servizos adecuados.

Tamén o Parlamento seguirá a legislar —como vimos esta mañá— para protexelas e erradicar este sen sentido e dicirles tamén que a sociedade galega está do seu lado. Porque acabar coa violencia de xénero é unha tarefa de todos, señorías.

E dito isto e tendo en conta o que dixo a deputada do Partido Socialista, gustaríame facer algunhas reflexións sobre a iniciativa que traen hoxe e explicar un pouco o porqué da nosa emenda.

En primeiro lugar, señora Díaz, solicitan á Xunta a posta en marcha dun plan urxente contra a violencia de xénero. Teñen unha urxencia curiosa cando menos, permítanme que llelo diga. Rexistran unha iniciativa no mes de xuño na que solicitan a posta en marcha dun plan urxente no mes de setembro. Pero non só iso. Ou sexa, traen a iniciativa a debate no mes de novembro —iso si, a dous días da conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller—, e agora poden estender a súa urxencia ata o mes de marzo de 2022. É unha urxencia curiosa a súa. ¿Pero saben quen si viu a urxencia a tempo, señorías? O Goberno galego. Este ten xa en marcha un plan, que vostedes veñen agora pedir con urxencia, pero non é que se estea a facer ese plan, é que xa se está traballando nel. Galicia conta neste momento cun plan estratéxico de igualdade de oportunidades; un plan que se aborda de xeito transversal —que é como hai que facelo neste tema— e que conta cun capítulo adicado exclusivamente á loita contra a violencia de xénero. Nel recóllese ámbitos, medidas e accións cuantificadas economicamente, como vostedes piden na súa iniciativa. Polo tanto, non traen nada novo porque xa está a ser desenvolvido polo Goberno galego.

E eu, se queren incorporar algunha proposta ou algunha actuación concreta, o que podo dicirles é que sempre estivemos e seguimos abertos a todas as suxestións que nos queiran facer. Pero non traten de vendernos unha urxencia que vostedes mesmos foron dilatando no tempo, porque, visto desde fóra, máis que urxente parece que trataron de escoller o momento político que máis lles conviña.

Solicitan tamén incrementar os programas de formación e valorar a súa obrigatoriedade. Señorías, de novo teño que dicirles que o que están a pedir xa se está implantado. Xa existe unha planificación de formación a todos os niveis da Xunta de Galicia, pero é máis, Galicia foi pioneira en aprobar un decreto de formación para todo o persoal público das diferentes administracións. E non só iso, no día de hoxe a Xunta está a formar profesionais aos que tiña que estar formando o Goberno do Estado, e fálolles da formación que se está a impartir no ámbito da xustiza ou, por exemplo, da formación que se está a impartir para forzas e corpos de seguridade.

Polo tanto, en Galicia existe formación en prevención da violencia machista, está garantida en toda a nosa comunidade e está a ter uns resultados exitosos, froito da laboura deste goberno e da sensibilidade dos empregados públicos. *(Aplausos.)*



E, por último, piden a redacción dun informe urxente por parte do Observatorio Galego. Señorías, eu non sei se están mal informados ou ben desinformados, pero obvian dicir que todos os anos o Observatorio Galego remite a este Parlamento, a esta Cámara, tres informes. E obvian dicir que aínda hai pouco coñecemos os resultados do estudo que realizou a Secretaría Xeral da Igualdade sobre a percepción da sociedade galega respecto da violencia de xénero, no que se incluíron variables relativas a violencia durante o confinamento.

Volven coa súa urxencia cando o Goberno galego en ningún momento, señorías, deixou de potenciar a investigación e o estudo sobre a violencia de xénero no noso territorio, en cumprimento do artigo 12 da lei galega.

Señorías, queda moitísimo por conquistar neste sentido, esta é unha realidade innegable. Pero hai unha cousa que é evidente e que cómpre subliñala porque as mulleres tamén teñen que saber que poden contar con nós. E esa cousa tan importante é que o Goberno galego segue traballando para loitar contra a violencia de xénero, quedou acreditado na comparencia da conselleira de Igualdade esta mañá. E non só iso, eu podería darlles agora un listado de todas as medidas, de todas as campañas e de todos os materiais didácticos que se fixeron, sen ir máis alá, no último ano, pero consumiríamos parte do tempo desta intervención e das dúas iniciativas seguintes, e non o temos.

Tamén podería falarlles dos convenios de colaboración que se asinaron e de todos os empregados públicos —e estou a falar de milleiros— que se formaron en materia de igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero, na EGAP, no ámbito sanitario, no ámbito educativo, profesionais dos CIM, profesionais da psicoloxía, das forzas e corpos de seguridade, e podería seguir. Pero, a pesar de todo iso, sigo recoñecéndolles que queda moitísimo por facer, e penso que nisto coincidimos todos.

Tamén é de xustiza recoñecer o traballo que se está a levar a cabo e o esforzo que toda a cidadanía galega está a demostrar para acabar con esta lacra. Está claro que sempre podemos ver o vaso medio cheo ou medio baleiro. Vostedes, a pesar de todo o que se faga, vano ver sempre medio baleiro e, contra iso, nós non podemos loitar.

Miren, a violencia de xénero é unha das maiores desigualdades no noso país; eu penso que niso estamos todos de acordo. Por desgraza, segue a ser un tema de actualidade —penso que tamén estamos de acordo neste sentido— e por suposto tamén é un reto acabar con ela, e a iso temos que facerlle fronte como sociedade, todos xuntos, señorías, toda a sociedade xunta e todas as administracións xuntas, para mudar este problema, e quizais a forma de poñerlle fin nestes momentos sexa mediante leis e pactos entre os diferentes partidos políticos.

Espero que nisto tamén esteamos todos de acordo e que vostede non queira romper este consenso que manifestamos esta mañá nesta Cámara por non querer poñerlle deberes ao Goberno central. Por iso, deixando as siglas a un lado e pensando nas mulleres, nas vítimas e nas súas familias, como grupo entendemos que non debemos sacar adiante un acordo coxo nin un acordo incompleto.



Ao igual que lle pedimos a Xunta, temos que pedirlle ao resto de administracións, por iso presentamos unha emenda, na miña opinión construtiva, unha emenda que para nada desvirtúa a iniciativa que traían vostedes e que, por suposto, consideramos necesaria. Porque se de verdade todos queremos apoiar as mulleres e loitar contra as violencias machistas, coincidirán comigo en que a abordaxe desta problemática debemos facela de xeito integral e desde todas as administracións, tamén desde o Goberno do Estado —e xa se dixo aquí hoxe no debate desta mañá—. Tanto a señora Prado como a señora Rodil fixeron referencia ás manifestacións feitas pola señora Carmona, reclamando a posta en marcha de xeito inmediato das medidas do Pacto do Estado que aínda están pendentes de desenvolver. Hoxe non podemos pasar por alto isto, señora Díaz, porque as medidas que aínda están sen poñer en marcha son medidas referidas á prevención—que vostede pide—, á educación —que vostede pide— e ás campañas de sensibilización e concienciación fronte á violencia de xénero; todas elas —en opinión dos expertos, non na miña— imprescindibles para xerar na sociedade un clima de tolerancia cero fronte á violencia machista e para erradicar dunha vez por todas estes crimes.

E atendendo non só ao que din os expertos, consideramos non só razoables, senón tamén unha responsabilidade pedir na nosa emenda ao Goberno de España campañas para a xente moza, utilizando as tecnoloxías da comunicación. Consideramos responsable pedir esa cooperación entre o Goberno e as forzas e corpos de seguridade do Estado coas empresas de telecomunicacións e cos provedores de contidos dixitais para eliminar referencias que están a ser potencialmente nocivas na rede e que promoven a violencia contra as mulleres. Pedimos que dunha vez por todas se modifique a Lei orgánica 1/2004 co fin de ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos. Temos que ampliar o concepto de violencia de xénero a outras formas de violencia sobre a muller, que, por desgraza, aínda están a acontecer no noso país.

Falan vostedes de prostitución, señorías. Subscribo unha por unha as palabras que a señora Presas dixo agora mesmo neste debate. É un debate suficientemente importante e de suficiente calado como para traelo como unha autoemenda a esta sala. Ademais, o 90 % das mulleres que exercen a prostitución no noso país son vítimas de explotación sexual e de trata. Polo tanto, o Goberno do Partido Socialista o que ten que facer é poñerse a traballar e deixar de tapar a súa inacción cun novo anuncio ou cunha nova noticia. Aínda non avanzaron absolutamente nada coa lei de trata e xa están a falar da abolición da prostitución. E, aínda por riba o traen como unha autoemenda ao Parlamento galego.

Vostede falou, señora Díaz, de que tiña contactos co Goberno e falou de promesas, pero nós necesitamos ver feitos e as mulleres galegas necesitan ver feitos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Señorías, non quero que entendan esta emenda como un ataque nin como unha crítica a ninguén porque creo que non estamos a pedir nada que non pida a sociedade, nada que non pidan as mulleres, nada que non pidan as vítimas e nada que non pidan os expertos.

Eu xa lle adianto que, se non aceptan a nosa emenda, a imos traer como unha nova iniciativa, e o que lles podó garantir é que mentres teñamos que seguir lamentando asasinatos de mu-



lles por violencia de xénero, mentres siga existindo este tipo de violencia, esta loita seguirá a estar presente na axenda política do Goberno galego, e proba diso son os orzamentos para este ano 2022.

Remato xa e vouno facer cunha frase...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...—presidenta, un momento— de Concepción Arenal, que ademais de gustarme moito, eu penso que é moi acaída no día de hoxe: «As forzas que se asocian para o ben non se suman, multiplícanse.». Isto non vai de ideoloxías nin de idades, nin de clases sociais, todas as mulleres somos vulnerables...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Polo tanto, tendémoslles a man e pedímoslles que nos asociemos todos para multiplicar, como dicía Concepción Arenal, na loita contra a violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para cerrar o debate, ten a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Falando de procedementos, claro, señora Presas, nós rexistramos a nosa autoemenda porque, efectivamente, obedece a unha urxencia, que é a nosa, que é a do PSdeG. Esta si é unha urxencia do Partido Socialista. Eu agradeceríalle que o BNG marque a súa axenda, con todo o respecto, que nós xa marcamos a nosa.

Sobre o lavado de conciencia, tamén agradecería que non se refira a nós. Non sei como empregarán vostedes as súas comparecencias, pero, desde logo, este non é un lavado de conciencia, senón que obedece a unha reflexión, a un debate profundo que ese está dando no noso partido, como aquí xa vin noutras ocasións con iniciativas que presentan vostedes.

Dito isto, tamén quero matizar que, se ben tampouco esta deputada que lles fala é moi partidaria de facer autoemendas neste senso, si, efectivamente, lle digo que obedece tamén aos tempos parlamentarios desta Cámara. Esta emenda non foi rexistrada o luns ás seis e media da tarde, ou o luns ás cinco e media, senón que foi rexistrada o venres pola mañá. A min, de todas formas, tamén me gustaría que fose rexistrada mesmo antes, precisamente por iso, porque entendía que non era tampouco ningún lavado de cara nin pretendíamos que fose ningunha sorpresa que os collera co pé cambiado.



Si coñecemos o traballo realizado na comisión non permanente; de feito, por iso o traemos aquí. Pensabamos falar agora... Teño tantas cousas ás que responder que, ao final, non me dará tempo... Pero claro que coñecemos ese traballo que se fixo no ano 2004, por iso traemos isto hoxe aquí, porque xa sei que se recoñecía como violencia de xénero, e non nos corresponde a nós tampouco facelo, pero si que tamén, naquel traballo que lin concienciadamente, se dicía que era hora xa de traer este debate. Pasou xa moito tempo.

En todo caso, e para acabar tamén coa réplica do BNG, quero dicir que debe ser esta a primeira vez que unha voceira do Bloque Nacionalista Galego dedica practicamente toda a súa intervención a falar de Madrid. Estivo ben, non pasa nada, e agradecemoslle —iso si que llo teño que dicir— o apoio a esta iniciativa, pero non sei se algo debe estar cambiando. Tampouco entendemos esa belixerancia na súa intervención precisamente por iso, pero non é nada que tampouco sorprenda, e estamos nós aquí traendo este debate a esta Cámara.

Dito isto, e a respecto xa —que o quero matizar— da emenda do Bloque Nacionalista Galego, claro que a aceptamos. Parécenos ben dotar todas estas medidas dun plan orzamentario e tamén dunha calendarización de todas estas medidas que permita a súa posta en marcha. Creo que nós tamén matizabamos e falabamos do primeiro trimestre do ano 2022.

En resposta xa á intervención da voceira do Partido Popular, quero dicir que non é certo que vostedes teñan un plan contra a violencia de xénero. O que vostedes teñen, nese plan de igualdade, son distintas medidas de protección ás vítimas. Xa tivemos este debate vostede e mais eu esta mañá para, precisamente, chegar a un acordo coas emendas. Nós non discutimos en absoluto ningunha delas; evidentemente, podían ser mellores, pero non é Galicia, dende logo, a comunidade autónoma que peor está do Estado nesta materia. E non vai vostede escoitar que esta deputada diga iso nunca, pero esas accións están destinadas fundamentalmente á asistencia, á protección desas vítimas, e nós estamos aquí falando da prevención, que é o importante. Consideramos que é o importante. Por iso, nós botamos de menos plans contra a violencia de xénero. Fíxonos un relatorio de accións que nós xa coñeciamos, e seguimos dicíndolle, ademais, que non é suficiente; e tanto non é suficiente que vostede mesma recoñeceu que non era suficiente. Pois diso estamos falando hoxe aquí, non falamos nada máis que diso.

Máis cousas. Non confundan, nós vemos o vaso medio baleiro, pero nesta cuestión de violencia de xénero vemos ese vaso medio baleiro porque cremos que estamos fracasando, todos e todas, e non é a primeira vez que o dicimos aquí, ¡todos e todas!: o Grupo Popular aquí, en distintas administracións, nas administracións locais... En todas partes estamos fracasando á vista das cifras que comentamos na miña primeira intervención. Claro que estamos fracasando, todos e todas. Nós non lle botamos a culpa simplemente á Xunta de Galicia, pero estamos neste Parlamento e, como comprenderán, os deberes temos que poñérllelos a vostedes.

Fala vostede —por certo xa, e vou acabar este minuto— da súa emenda. Din que é unha emenda construtiva, e entendémolo así, que é unha emenda construtiva e así tamén o temos comentado. Pero, claro, é que é unha emenda que plantexan vostedes de substitución. Nós



propuxémoslle unha transacción con algunha das cuestións que pensamos que melloraban a nosa iniciativa, pero non, son vostedes os que non teñen ese espírito construtivo, porque nós o que faciamos era engadir á nosa iniciativa algúns dos puntos que vostedes plantexaban, pero non substituír, e parece moi normal. ¿Por que? Porque se desvirtúa absolutamente o sentido da nosa emenda. Non aceptaron nin a proposta de formación, nin a de pór en marcha un plan urxente, galego, contra a violencia de xénero, nin aceptan tampouco o protocolo de actuación para traballar na reeducación da prostitución. E todo isto vostedes pretendían substituílo por dúas accións, por suposto construtivas, claro que si, sobre a violencia dixital e sobre a lei estatal, pero o que dicíamos é que podemos entendelo como unha engádega, pero, dende logo, non como unha substitución.

Por iso eu lles digo que, evidentemente, non aceptamos a súa emenda, pero non digan vostedes que somos nós quen non temos vontade de consenso, porque en realidade foron vostedes os que cambiaron absolutamente a emenda que nós plantexabamos.

E nada máis, non teño máis que explicar. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Díaz.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezaoto deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, respecto dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Ana Belén García Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Apoiar todas as iniciativas que impulsen os concellos galegos dirixidas a ampliar a rede de Centros de Información ás Mulleres, reforzando a cobertura do conxunto do territorio galego e apoiando os medios humanos e materiais necesarios que permitan desenvolver labores de prevención, detección, acompañamento e asesoramento das mulleres que acoden a estes centros.



2.- *Despregar un plan de formación en materia de detección e intervención fronte á violencia machista do conxunto do persoal do SERGAS, especialmente de Atención Primaria, garantindo que todo o persoal recibe módulos específicos de prevención, atención, asistencia e/ou tratamento de situacións de violencia de xénero.*

3.- *Remitir ao Parlamento, no prazo máximo de tres meses, unha avaliación do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero e as súas necesidades de mellora tal e como acordou por unanimidade o Pleno da Cámara o 20 de novembro de 2019.»)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde —case noite— a todos e a todas.

Neste día no que tanto levamos falado de violencia machista, permítanme comezar a miña intervención co que debера ser unha obviedade, que xa se dixo, ademais, esta mesma mañá. Hoxe, o día 23 de novembro, estamos ás portas do día de reivindicación da loita contra as violencias machistas, aínda que días de loita son os 365 do ano. E cando falamos desta loita, falamos de Mónica, falamos de Soledad, de Clara, de Manuela, de Minaene, de Alba, de María Elena, de Sandra, de María del Carmen... O 25 de novembro reivindicamos a loita feminista por elas, polas que xa non están, mais tamén polas que resistimos e polas que están por vir.

Porque a violencia machista nos afecta a todas, bate en nós de xeitos diferentes, mais todas a padecemos, e aféctavos tamén a vós. Aféctavos os homes, porque tedes unha responsabilidade en todo isto, tedes a responsabilidade de formarvos, de coñecer cales son as condutas que o patriarcado vos inculcou, de recoñecelas en vós e nos vosos grupos de colegas e de poñerlles solución. Porque a violencia machista non é só cousa nosa. ¿Que ides facer vós? (*Aplausos.*)

Mais centrándonos no concreto desta iniciativa, o certo é que podemos tristemente constatar como o terrorismo machista non cesa. Incluso cando hai un ano, por mor da irrupción da pandemia da covid-19, todo parou, a violencia machista só se silenciou, como cando pechamos a porta do noso despacho para deixar de escoitar o barullo que hai fóra ou pechar as portas das nosas casas. Tamén se mitigou o ruído que esta violencia facía, e quedou afogada entre as paredes do fogar, pero non desapareceu. E ao pechar estas portas, tamén se pechou a posibilidade a moitas mulleres de fuxir, de buscar unha saída; ficaron confinadas directamente co seu maltratador. Como dicía Angeles Carmona, presidenta do Observatorio Estatal contra a Violencia de Xénero, as restricións á mobilidade permitiron aos maltratadores ter o control absoluto sobre as súas vítimas.

Nesta situación de dificultade para atopar unha saída, xogan un papel chave os centros de información ás mulleres, estas entidades, de titularidade municipal, pero que son acreditados e auditados pola Xunta de Galiza. Véñse demostrando como resultan eficaces para a loita contra as violencias machistas, pero tamén que se atopan nun momento de dificultade no que resultan incluso insuficientes.



Isto é recoñecido, ademais, ata pola propia secretaria xeral de Igualdade, que recoñece que os 84 CIM que existen no noso país prestan asistencia a tan só o 61 % dos concellos galegos, o que deixa, ademais, o 20 % da poboación sen acceso a esta prestación de servizos. É unha distribución que está totalmente descompensada. Vemos que as provincias da costa e as do interior teñen unha distribución moi desigual. Ademais, existen 21 concellos que non contan con ningún centro de información ás mulleres na súa comarca, situación que, ademais, resulta dramática en Lugo, onde temos toda a rexión oriental, toda a montaña de Lugo, desprotexida.

E se atendemos ao financiamento, como existe un límite na dotación económica que os CIM poden percibir da Xunta de Galiza, a realidade é que os centros máis grandes requiren un investimento importante, moito máis importante para as arcas municipais, que xa están asfixiadas; orzamento que, ademais, podemos constatar como en moitas ocasións queda escaso. Segundo os datos que se extraen do estudo realizado recentemente pola Fegamp, despois de quitar as partidas destinadas a gastos de persoal e de funcionamento, só resta un mísero 5 % para adicar a actividades e programas para combater maltrato e fomentar a igualdade. Orzamento que queda curto, polo que, ademais, unha gran maioría dos centros contan con persoal insuficiente. Segundo este mesmo estudo, o 47 % dos centros funcionan co cadro de persoal mínimo exixido por lei: unha avogada e unha psicóloga. Onte mesmo, a Asociación de Profesionais dos Centros de Información ás Mulleres fixo pública a denuncia desta situación e reclama melloras na súas condicións laborais. Detectamos que nalgúns CIM os contratos das profesionais que están a tempo parcial non chegan nin ás dez horas mínimas exixidas e que non se cumpre coa obrigatoriedade de substituír as técnicas de baixa laboral, prexudicando por completo a atención urxente e necesaria das usuarias. Ademais, debido ao seu compromiso profesional, os técnicos véñense obrigados a sumar máis horas ao seu horario de traballo, e isto provoca unha situación que urxe solucionar. Os cadros de persoal, tal e como están, non sobreviven; non se pode atender a xente menoscabando a saúde das técnicas.

Temos clara todas nós a necesidade deste servizo e a importancia que ten na loita contra a violencia machista, e por iso presentamos esta iniciativa que pivota sobre tres eixos básicos.

Por unha banda, demandamos a potenciación e a expansión da Rede de centros de información ás mulleres, garantindo a cobertura da totalidade do territorio galego, e tamén contando cos medios, sobre todo humanos, pero tamén materiais, que sexan necesarios para poder desenvolver labores de prevención, de detección e de acompañamento das mulleres que acoden a estes centros. De nada serve telos repartidos dun xeito tan irregular polo territorio, cunha dotación económica tan reducida, facendo que queden sen acceso a eles mulleres que os precisan, ben por unha cuestión xeográfica ou de mobilidade, ou ben pola incapacidade do propio centro para prestar a asistencia requirida porque se atopan afogados, como sucede no día de hoxe no caso dos das cidades galegas.

O segundo eixo, tal e como se recolle na iniciativa, pasa pola prevención e a detección precoz das violencias machistas. Cando só se denuncian o 20 % das agresións, significa que temos un grandísimo problema que aínda está por sacar á luz. Neste sentido, os servizos públicos, como son o educativo ou os servizos sociais, xogan un papel chave, que ademais se evidencia especialmente no caso do ámbito sanitario, concretamente na atención primaria.



Polas propias características da atención primaria, este nivel é o máis accesible para as pacientes, o que mellor permite unha abordaxe da detección e do tratamento destes casos. Desde hai uns meses, contamos cun procedemento de cribado e actuación en saúde; un plan que, se ben é completo e pode ser moi útil, cómpre socializar. É preciso que todo o persoal do Sergas o coñeza e saiba como actuar tanto na prevención como na detección e no asesoramento posterior.

E aínda que este non é o obxecto en si do debate, tamén é preciso que exista tempo para poder dedicarlle a calquera paciente, porque a pregunta de ¿como van as cousas na casa? require ter unha conversa con calma, que non se soluciona con 3 ou con 7 minutos, como se estipula nas axendas.

E xa para rematar, o terceiro eixo pasa pola revisión e pola actualización —se for precisa— dos protocolos existentes. Ponse a énfase naquel que xa foi materia de acordo do pleno da pasada lexislatura, do 20 de novembro de 2019, como é o de coordinación e cooperación interinstitucional, que foi aprobado por unanimidade e que, aínda que tiña seis meses de prazo para realizar a avaliación da súa execución, van 24 sen recibir tal avaliación.

Por iso presentamos esta iniciativa, que recolle estas tres cuestións: o reforzo e ampliación da Rede de centros de información ás mulleres, para o cal se debe elaborar un plan específico con orzamento, con planificación temporal; a elaboración e aplicación dun plan de formación para todo o persoal do Sergas en materia de detección e intervención fronte á violencia machista, e a realización da avaliación do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero, dándolle, por fin, cumprimento ao acordo deste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo emendante, o Partido Popular, ten a palabra a señora García Vidal.

A señora GARCÍA VIDAL: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

A loita contra a violencia de xénero debe ser un punto de unión entre todas as forzas políticas representadas neste Parlamento. A violencia de xénero constitúe a manifestación máis desgarradora da desigualdade entre homes e mulleres.

Como cuestión previa, quería agradecer o labor encomiable de todo o persoal dos centros de información ás mulleres, CIM, sobre todo durante o confinamento domiciliario e o estado de alarma, porque, a pesar da situación de excepcionalidade, estiveron garantindo a atención ás mulleres, ao tratarse dun servizo esencial. Tamén me gustaría facer extensivo o agradecemento á Secretaría Xeral de Igualdade, que estivo en permanente contacto coas responsables do CIM.



Os centros de información á muller reveláronse como instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade de xénero, grazas ás actividades que desenvolven e, por outra parte, prestan unha atención inestimable ás persoas que demandan o servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información dos recursos dispoñibles.

Dentro da atención prestada, merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade, por diversos motivos, en concreto, os servizos prestados a mulleres que son vítimas de violencia de xénero ou que se atopan en risco de seren potenciais sufridoras desa situación.

Deste xeito, os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social dende unha relación de proximidade e atención directa.

Foi no ano 1995 cando comezaron a súa andaina en Galicia os primeiros centros de información á muller, e foi un goberno do Partido Popular, presidido polo entón presidente don Manuel Fraga, o que puxo en funcionamento os primeiros centros, que foron en Coirós, Arzúa, Melide e Monterroso. E, na actualidade, o Decreto 130, do 15 de setembro de 2016, establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e a acreditación dos CIM.

Señora Carreira, pide vostede no primeiro punto da súa iniciativa, reforzar e ampliar a Rede de centros de información ás mulleres. Como vostede sabe, os centros de información ás mulleres son de titularidade municipal. A iniciativa e decisión de crear un CIM correspóndelle, polo tanto, á corporación municipal, tal e como vén recollido no artigo 2 do citado decreto.

Voulle poñer un exemplo: o CIM de Pontecaldelas, creo que lle soa. Debo recordarlle que foi o único Centro de Información á Muller que pechou en Galicia. A finais do ano 2016, o Concello de Pontecaldelas decidiu non renovar o contrato das dúas traballadoras, unha avogada e unha psicóloga, e substituír o CIM —tras dez anos de incansable e eficaz traballo, a pesar de ter o orzamento asignado para tal fin por parte da Xunta de Galicia— por un servizo integral de asesoría legal para atender diversos asuntos, un día por semana. ¿E quen gobernaba entón en Pontecaldelas? Pois un tripartito; un tripartito do que formaban parte o Partido Socialista, que ostentaba a alcaldía, e o BNG.

Esta foi a primeira vez que pechou un CIM en Galicia, unha liña vermella que non se debería cruzar nunca, e que tivo de impulsores dous partidos de esquerda que presumen de feminismo. O Goberno de esquerdas puxo por diante outros intereses aos das mulleres de Pontecaldelas. É moi difícil entender que haxa concellos que pensen que non vale a pena ter un CIM para axudar as mulleres. Así o entendeu tamén a Xustiza entre sentenzas favorables ás traballadoras. A pesar de que onte o señor Caballero dicía neste parlamento que os CIM deberían estar presentes en todos os concellos, vemos que non todos os alcaldes socialistas pensan o mesmo. Porque —insisto— a Xunta de Galicia é a administración que financia a maior parte dos gastos dos CIM, incluídos os custos dos seus profesionais especializados, encargados da atención directa das mulleres en situación de vulnerabilidade. Sen unha prioridade de atención ás mu-



lles e aos seus fillos e fillas, estes concellos titulares dos CIM fináncianse tamén grazas ao esforzo económico da Xunta de Galicia. A Xunta incrementa cada ano recursos destinados a promover a plena igualdade e a eliminar a violencia machista. Parece razoable, pois, que o resto das administracións públicas, sobre todo a Administración local —que é a máis cercana á cidadanía—, non suprima servizos especializados de atención ás mulleres.

Miren, á data 1 de xuño de 2021 en Galicia a rede CIM ascende a 84 concellos, logo da acreditación do CIM do Pereiro de Aguiar e o de Carballeda de Avia. Así, temos representación nas catro provincias: 29 CIM na provincia da Coruña, 11 en Lugo, 17 en Ourense e 27 en Pontevedra. A provincia da Coruña é a que ten maior número de centros de información á muller, mais non é a que presenta o maior número de concellos atendidos directamente polos CIM de xestión individual e compartida. A provincia de Ourense destaca por ser a de maior número de concellos cubertos directamente coa xestión de CIM, tanto de xestión individual como de xestión compartida. E a provincia de Pontevedra é a que presenta unha maior taxa de cobertura de concellos atendidos pola xestión dos seus CIM en xestión individual ou compartida respecto do número de concellos da súa provincia. Porén, se temos en conta que unha parte dos CIM representa a unha mancomunidade, a un conxunto de municipios, conclúese que o número de concellos de Galicia que reciben a prestación dos servizos a través destes CIM é moi superior, achegándose a un número de 187 concellos en Galicia, o que supón un 60 % dos concellos galegos.

Por outra banda, debo falar da formación de profesionais dos CIM en Galicia, e así no ano 2020 a Secretaría Xeral da Igualdade organizou e desenvolveu o segundo plan de formación específico para profesionais do CIM, co obxecto de facilitarlles ferramentas e coñecemento que lles axuden a mellorar o seu traballo. Este plan de formación constou de seis xornadas formativas, nas que se abordaron temas como técnicas de autocoidado para previr e atallar a síndrome de *burnout*, o teletraballo, a comunicación das redes sociais ou o ingreso mínimo vital e as repercusións nas mulleres vítimas de violencia de xénero. Neste curso participaron máis de 180 profesionais dos CIM e neste ano 2021 estase a levar a cabo o terceiro plan formativo, que rematará no mes de decembro.

Tal e como lle comentei antes, non podemos aceptar o primeiro punto da súa iniciativa, porque parece vostede esquecer que a iniciativa para crear un CIM corresponde á iniciativa municipal. De aí o sentido da nosa emenda, que ten por obxecto deixar claro que calquera iniciativa que promovan os concellos neste ámbito contará co apoio e o financiamento da Xunta de Galicia, como ten acontecido ata o de agora, sen excepcións. (*Aplausos.*)

Consideramos que esta precisión é importante e, en aras de chegar a un entendemento, presentamos a seguinte emenda de substitución, que di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apoiar todas as iniciativas que impulsen os concellos galegos dirixidas a ampliar a rede de centros de información ás mulleres, reforzando a cobertura do conxunto do territorio galego e apoiando os medios humanos e materiais necesarios que permitan desenvolver labores de prevención, detección, acompañamento e asesoramento das mulleres que acoden a estes centros». En relación cos puntos 2 e 3, reproducen na literalidade os puntos que vostedes propoñen, porque concordamos —como lle dixen á mañá— no seu obxectivo, e non teríamos ningún problema en votalo a favor.



En relación co segundo punto —como ben lle acabo de dicir—, concordamos. De feito, podo dicirlle que a Consellería de Sanidade leva anos traballando na formación dos seus profesionais no ámbito da violencia de xénero. Pero é que, ademais, o Decreto 70/2017, polo que se regula a formación en igualdade, inclúe entre o persoal que debe recibir formación en materia de igualdade e de violencia de xénero o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Pero xa dende moito antes da entrada en vigor desta normativa o Sergas ofertaba entre a formación para os seus profesionais formación en materia de igualdade. Dende o ano 2009 ata o 2017 impartíuse o curso Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, dirixido a todo o persoal do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, entre o ano 2015 e o 2017 impartíuse o curso A violencia cara ás mulleres, como detectala e pautas de actuación, desde o Servizo Galego de Saúde. De feito, a loita contra a violencia de xénero é un asunto fundamental tanto para este grupo parlamentario como para o Goberno galego, e este compromiso pola igualdade tamén se ve reflectido nos orzamentos para o ano próximo.

A Consellería de Emprego e Igualdade contempla 380 millóns de euros, un 9,2 % máis que o ano anterior, para desenvolver actuacións en distintos ámbitos e, entre eles, a violencia de xénero e a prol da igualdade. Destácase que haberá máis recursos para as vítimas e promoción de igualdade.

Non me quero estender porque vexo que me quedan uns segundos. O que si quería dicirlle, señora Carreira —como lle comentei hai unhas horas—, é que, tendo en conta a importancia deste asunto e a vontade de acordo que manifesta a nosa emenda, que recolle literalmente os puntos 2 e 3 da iniciativa, e o punto 1 simplemente o matiza para insistir en que son os concellos os que teñen as competencias, pois sería importante acadar a unanimidade nesta iniciativa.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora García.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Ben, na nosa anterior proposición non de lei xa achegabamos datos que efectivamente constrúen un escenario de auténtica emerxencia social en materia de violencia machista no noso país; un repunte é o que vemos nesas condutas que, como xa dixemos, son mostra de que efectivamente non estamos atinando nas políticas de erradicación desa violencia. Volvo repetir: non estamos atinando, ninguén está atinando. E isto supón —aínda que poida pecar de repetitiva— que o que nós pretendemos, o PSdG, é que se debe actuar con urxencia no plano —como digo— da prevención, tamén da protección, pero sobre todo na prevención.



Foron, efectivamente, numerosas as ocasións en que o noso grupo parlamentario puxo de manifesto neste mesmo parlamento que no noso país existen aínda varias comarcas que non dispoñen de ningún centro de información á muller. Ademais, como xa expuxo a compañeira do BNG, foron outras tantas en que a resposta por parte do Goberno autonómico —tamén hoxe escoitamos aquí a súa resposta— nos remitía a que se trata dun recurso da Administración local. E hoxe volvemos de novo outra vez escoitar este argumento.

É máis, é que nesa lexislatura tamén o noso grupo parlamentario trouxo a esta cámara varias peticións neste sentido. O ano pasado mesmamente por estas datas planteabamos crear unha verdadeira rede de centros de información á muller que fose garantía dun servizo integral ás mulleres dos 313 concellos galegos, asegurando unha dotación económica suficiente para cubrir o seu funcionamento. En esencia, é tamén o que pide hoxe o Grupo do BNG, e non foi aprobada. Eu agardo que hoxe si teñan vostedes maior sorte, aínda que vexo que esa emenda tampouco é exactamente o que pedían en primeira instancia.

A realidade é que, sendo un recurso local —ninguén o pon en dúbida—, dadas as limitacións orzamentarias dos concellos —sobre todo dos pequenos concellos—, é preciso que a Xunta de Galicia se implique para impulsar estes centros, habida conta ademais de que os seus custos, sobre todo os laborais, se sufragan con cartos practicamente do Pacto de Estado; como esta mañá tamén dicía a señora Rodil, do Pacto de Estado, pero tamén poderían vostedes investir fondos propios para esta finalidade.

Xa se dixo aquí —e tamén se expuxo na primeira intervención— que a Asocim, que é a Asociación de Profesionais e Traballadores e Traballadoras dos CIM, reclamaba onte mesmo —ben, onte ou antonte, non sei cando emitiron este comunicado— unhas mellores condicións laborais —como digo, xa o dixeron—. E nós entendemos —porque o coñecemos ademais de primeira man— que tamén é preciso que sexa así. De xeito que, si, é certo, é unha competencia local, un servizo, un recurso local, pero, dende logo, precisa do abrigo e do impulso doutras administracións e, en particular, evidentemente, da Xunta de Galicia.

Nós, por tanto, sendo coherentes co noso propio ideario e co que expuxemos aquí moitas veces, apoiamos esta iniciativa do BNG tanto para reforzar os centros de información á muller que máis carga de traballo teñen como tamén para completar esa rede dos CIM, e garantir así a cobertura de todo o noso país con este recurso necesario. Lembremos que hai practicamente un 40 % de concellos neste país que non dispoñen dese recurso.

Parece tamén, e finalmente está orzado nos orzamentos do próximo ano, que a Xunta de Galicia ten previsto un centro con estrutura provincial dedicado vinte e catro horas á violencia sexual, á asistencia ás vítimas de violencia sexual. Nós agardabamos que dalgunha maneira, dada a súa temática, tamén sirva para poder coordinar nesta materia todos os CIM —non sabemos que vai poder ser así— ou polo menos achegar recursos e axuda a aliviar a súa carga de traballo. Descoñecemos como vai ser finalmente.

Pero, dito isto, que estamos falando dos CIM, ao noso grupo parlamentario si nos gustaría tamén abrir un debate que ten moito que ver ademais co segundo punto que formula o Bloque Nacionalista Galego, que é abrir un debate sobre este tipo de recursos aos centros de in-



formación á muller, que se ben naceron, por certo, como centros de información de todo tipo —porque era así, non eran centros de información á muller para a asistencia a vítimas de violencia senón que eran centros de información á muller como tal, de información á muller—, agora funcionan case en exclusiva para ofrecer asesoramento e asistencia a mulleres vítimas de violencia. Deixo enriba da mesa a necesidade de que tamén volvan recuperar en parte a súa orientación primixenia, pero, ben, obviamente para iso fan falla moitos máis recursos e tampouco é o debate de hoxe.

A reflexión que queríamos aproveitar para traer hoxe a este parlamento, que por certo, ademais, xorde das inxerencias de boa parte do movemento feminista, de asociacións feministas de localidades pequenas e sobre todo das mulleres rurais —estou falando neste caso, por exemplo, de Fademur, que moitas das veces nos trasladou esta cuestión—, é sobre a conveniencia de establecer outro tipo de cauces ou de mecanismos para que as mulleres de núcleos poboacionais moi pequenos onde a veciñanza se coñece, onde hai un problema para elas lóxico de intimidade —é algo que tampouco nos debe sorprender—, mulleres que poden estar sendo maltratadas polas súas parellas ou por alguén, poidan denunciálo ou atopar acubillo sen ter que acudir a un destes centros que finalmente case parece que as está sinalando. E isto é algo —como digo— que é unha reflexión que nos chega de asociacións feministas do rural.

En certo modo, tamén se trata un pouco da proposición non de lei que planteabamos na nosa anterior PNL con respecto ás mulleres en contextos de prostitución. Do que se fala aquí é de establecer unha engrenaxe de todos os servizos e institucións (educativas, sanitarias, xudiciais, dos servizos sociais, etc.) para evitar que mulleres en determinados territorios non denuncien a súa situación de violencia porque se ven intimidadas polo contexto.

E isto —como cremos que apunta esta proposición non de lei, ou polo menos si que se avanza nesta cuestión— podería comezarse, por exemplo, do que falo cun plan de formación, do plan do que fala esta PNL en materia de detección e intervención de todo o persoal do Sergas pero especialmente en atención primaria.

O exdelegado do Goberno contra a Violencia de Xénero, Miguel Llorente, apuntaba hai anos —hai poucos anos—, nun encontro, que, efectivamente, a formación do persoal sanitario era un asunto pendente tanto para que sexa unha figura de detección da violencia machista como para entender que se trata dun problema tamén de saúde pública, que incrementa o risco das mulleres de padecer enfermidades, porque aumenta a morbilidade e aumenta tamén a mortalidade, xa sexa por clínica como por homicidios e por suicidios.

De maneira que, se así o facemos, como plantea esta iniciativa que estamos a debater, cando unha muller acode ao seu médico ou médica de cabeceira, normalmente nunha cita privada, poderá atopar nese profesional unha persoa á que lle dar esa primeira voz de alarma. Nós pensamos que tamén sería preciso facelo noutros corpos profesionais —como xa dixen—, comezando, por exemplo, ademais tamén polos xulgados de familia, a onde acoden moitas vítimas que non denuncian os seus agresores nese momento de pór fin á relación precisamente porque pensan que aí vai acabar ese inferno que están vivindo, e realmente, finalmente, desgraciadamente, non é así.



Por último, e xa por remitirnos por orde á proposición non de lei que estamos debatendo, tamén apoiamos o terceiro punto, referido á remisión dunha avaliación do protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero, á violencia machista aquí en Galicia.

En parte ten moito que ver tamén co que dicíamos na nosa anterior iniciativa. Agardamos non sabemos se un maior traballo do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, simplemente porque, como digo, descoñecemos realmente cal é ese traballo. Por poñer un exemplo, a páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade contempla moitos informes e ten algúns datos — nós pensabamos que podían ser máis —, pero do Observatorio de Violencia de Xénero non sabemos nada; practicamente un recurso que queda diluído nesa páxina web.

Así que urxe avaliar ese protocolo que existe agora, no que, ademais, apreciamos moitas, demasiadas cuestións incumpridas; urxe avalialo ademais porque urxe actualizar os mecanismos de intervención institucional para a prevención, a atención e a protección das mulleres e tamén dos e das menores que sofren violencia.

Xa non o dicimos nós; ademais, tamén o dicía o fiscal xeral hai uns días nesta mesma cámara, na que advertía que non basta —repetimos— coa adopción de medidas de protección e apelaba a unha maior e mellor coordinación entre todas as institucións. Realmente isto é do que trata este protocolo; do que se trata é de que se avalíe este traballo precisamente de coordinación entre todas as institucións.

Nada máis. Ben, entendo que, por todo o exposto, xa queda claro que imos apoiar esta iniciativa.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Para comezar, agradecer o voto favorable do Grupo Socialista. E a respecto da emenda formulada polo Grupo Popular, constatar que existe un problema: dicir que lles corresponde a outros a solución mentres que temos na nosa man ferramentas que poden axudar a resolvelo é como varrer debaixo da alfombra para que non se vexa sucio. O problema é que ese sucio non son nin as faragullas que sobran da comida nin as pelusas que quedan debaixo da cama. Falamos de mulleres que non poden acceder a un servizo que se ten demostrado clave para mellorar a súa situación. Precisamos moito máis que boas intencións.

Onte mesmo desde esta tribuna a compañeira Noa Presas facía alusión a unha das consignas habituais das manifestacións feministas: «Precisamos máis recursos e menos discursos». E obviamente os CIM son de titularidade municipal, pero a Xunta de Galiza ten que velar porque todas as mulleres teñan acceso a este recurso de asistencia e de asesoramento. *(Aplausos.)*



E na liña dunha vontade de acordo sobre este tema deixamos aberta a posibilidade para chegar a unha transacción conxunta.

E continuando cos dous seguintes puntos da iniciativa, no tocante á formación, en ningún momento se nega que se estean a dar pasos nesta liña, pero estes pasos teñen que ser moitos máis e tense que garantir que chegue a formación a todo o persoal do Sergas. Non podemos seguir sostendo a formación nun tema tan grave como é a violencia machista na voluntariedade ou na dispoñibilidade.

E xa no punto 3, e permítanme que interpele directamente ao Grupo Popular, os acordos parlamentarios son para cumprilos, non para quedar no papel. Non se trata de facer algo bonito ou de facer algo coma quen. Este punto recolle un acordo parlamentario con data do 20 de novembro de 2019; van dous anos; pode existir certa demora, que todo o mundo entendemos; o que non pode ser é que se limite a que queden aí no papel.

E para rematar coa miña intervención, permítanme que remate cunha pequena anécdota, un caso real que lle aconteceu a unha compañeira nunha consulta de atención primaria. Unha paciente —poñamos por caso que se chamaba Carme— contactou con esta profesional por teléfono a principios deste ano, porque non tiña outra maneira de pedir a cita, por un tema de ansiedade leve en principio en relación cunha problemática laboral. Primeiro, consulta telefónica. Foi citada uns días máis tarde presencialmente, porque non había oco antes, aínda que a paciente recelou bastante. É unha paciente nova, a médica non estaba conforme con todo o que estaba sucedendo, así que a primeira consulta foi un pouco toma de contacto. Esta compañeira, unha persoa formada en temas de xénero, coñecendo que hai unha realidade que non se conta na primeira de cambio, citouna aos quince días, sen que fora estritamente necesario por un cadro tan leve. Citouna nun oco de consulta programada de vinte minutos, a consulta demorou unha hora, unha hora que ademais amortizou despois quedando despois de que rematase o seu horario laboral para acabar a axenda que tiña marcada. Foi na vinda de quince en quince días con citas de corenta e cinco minutos en axendas que superaban os corenta, os cincuenta pacientes, durante catro meses, para construír unha relación médica-paciente, porque sospeitaba que podía haber máis. Ata que se rematou o contrato desta profesional e da paciente non se volveu saber máis. Non volveu ir polo centro de saúde, non sabemos se a sospeita desta compañeira era certa e se realmente había algo máis.

Cando falamos de mellorar a calidade asistencial en atención primaria, falamos disto. (*Aplausos.*) Non é só respectar os dereitos das pacientes ou das traballadoras, é que se nos poden estar escapando cousas coma estas, casos de violencia de xénero, de violencia machista que, por falta de tempo, por falta de dispoñibilidade, non somos quen de detectar. Porque estas consultas son demoradas, requiren tempo, requiren análise e requiren sobre todo unha confianza entre a profesional e a paciente. Porque non son cousas que se falen á lixeira. Cada vez que queda unha praza vacante que non se cobre ou que se vai cubrindo por intersubstitucións do resto do persoal do centro de saúde, dinamitamos esa relación. Teñamos sempre moi presente que a violencia machista, do mesmo xeito que nos afecta a todas e a todos, tamén nos afecta en todos os ámbitos da vida.

Grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a protección das brañas do Deo, ao longo dos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, e a súa inclusión na Rede Natura

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marisol Díaz Moureira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esta Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, núm. 21639 (11/PNP001967).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a completar os estudos necesarios a efectos de determinar os hábitats ou especies de interese comunitario presentes nas Brañas do Deo co obxectivo de poder establecer un plan de conservación deste enclave».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Bo serán, señorías.

Imos comezar esta intervención polo principio, é dicir, facendo as presentacións.

Estas dúas fotografías (*A señora Queixas Zas mostra unhas fotografías.*) son as protagonistas desta intervención: as brañas do Deo. Evidentemente, é unha simplificación. Non poden caber aquí, nin con moitas fotografías a maiores, as máis de 3.300 hectáreas que constitúen esta paraxe natural. Mais en calquera caso estou segura de que nos colocan o foco en algo que é moi importante: o verde, o verde *made in Galiza*, o noso verde auténtico, orixinal (*Aplausos.*) e de verdadeira denominación de orixe. Isto é o que son as brañas do Deo.

E ben, imos contradicir tamén, se mo permiten, ese refrán que di que unha imaxe vale máis que mil palabras, e imos ceder paso ás palabras para que nos conten todo o que é imposible recoller nestas dúas fotografías.

As brañas do Deo, cun topónimo galego por certo bastante esclarecedor, bastante transparente, son un conxunto de humidais, principalmente breixeiras, turbeiras, que están acom-



pañadas e en contacto de bosques de amieiros, de freixos, prioritarios, así como tamén de herbais hidrófilos e matogueiras. Constitúen no seu conxunto, de forma global, como hai que ver o territorio, unha zona de alto valor ecolóxico e tamén dunha grandísima singularidade paisaxística, que convido a todos e a todas as deputadas que vaian coñecer. É por iso a zona núcleo da reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha reserva natural acuífera, un espazo polo tanto natural fundamental que surte a comarca das Mariñas e que está situado na conca do Deo, un afluente do río Mandeo.

Absorbe multitude de regatos, de regos de cabeceira deste río, conformando unha gran rede hidrolóxica, de gran valor ambiental, social e paisaxístico, distribuído ao longo de tres concellos: Oza-Cesuras, Aranga e Curtis.

A rede fluvial que conforman o río Deo e o río Mandeo ten un alto interese para a conservación da biodiversidade de especies protexidas como a tartaraña cincenta, de especies ameazadas como a ra temporaria ou incluso de dúas especies que están xa en perigo de extinción: o fento acuático e o mexillón de río. É por iso que esta zona foi incluída no Plan hidrolóxico de Galicia-costa como treitos de interese de especies ameazadas.

Pois ben, actualmente as brañas do Deo presentan un preocupante nivel de degradación, que non é por acaso, non é fortuíto, non é debido a inclemencias meteorolóxicas e circunstancias naturais adversas nin moito menos. É unha degradación progresiva que leva camiño de se converter nunha irreversible depredación do territorio se non actuamos a tempo, e desde xa digo que aínda estamos a tempo.

E isto é así porque, como se está constatando agora, oficialízase esa alianza entre o capitalismo máis devorador, máis desapiadado, con esa administración do Goberno do Partido Popular, que é tan conivente, tan dialogante, tan tolerante, mesmo con abrazos ao consello de administración dos *lobbys* enerxético e forestal, como é ao mesmo tempo silencioso, frío e distante con todo un clamor social que foi nacendo ao longo destes tempos (*Aplausos.*) e que está a defender a dignidade do territorio, que é o mesmo que defender a dignidade das persoas, desde a defensa da biodiversidade do noso medio natural, que, por certo, é o que fai, como vimos nas imaxes das brañas do Deo, esa Galiza verde que ben coñecemos, gozamos e da que todo o mundo fala e non ten nada que ver con ese moderno *Green-Light* eslamiado que nos queren facer importar.

Queremos, pois, referirnos, por suposto, a este clamor social, poñer en valor e recoñecer con toda xenerosidade ese compromiso dunha sociedade que se declara indefensa, ignorada e mesmo asoballada e que está a rebelarse, con todos os recursos que ten ao seu dispor, contra a opacidade, a falta de transparencia, a intransixencia, mesmo as actitudes mafiosas de empresas enerxéticas e tamén dun goberno que só lle dá a calada por resposta, atendendo —parece ser— só aos intereses particulares e especulativos das empresas privadas.

E é por iso que hoxe queremos singularizar este recoñecemento en representantes de diferentes plataformas que nos acompañan neste hemiciclo. A plataforma veciñal Aire Limpo nas Mariñas Mandeo, a plataforma veciñal Alegre, a plataforma veciñal Monfero di non aos macroeólicos, SOS Patrimonio Monte do Gato-Seselle, Fundación Fragas do Mandeo de Custodia



do Territorio e a Sociedade Galega de Historia Natural das Mariñas. Grazas, dámosvos as grazas de corazón (*Aplausos.*) por defender este territorio, por defender a comarca, por aprendernos a grandeza do Monte do Gato, que eu recoñezo que descoñecía, por demostrar a importancia do patrimonio cultural que o acolle como esa necrópole megalítica e esa torre de Teodomiro, declarada BIC, a cal tivemos que facer protagonistas grazas a vós nesta cámara para protexelos da frivolidade, do distanciamento dun goberno que non quere estar á altura nin presente para defender o noso patrimonio cultural e natural, mais si que parece que quere asistir ou asinar a súa acta de defunción facendo ollos cegos ante o espolio forestal e eólico.

De verdade, actuar como facedes todas e todos vós en defensa do medio natural é actuar en defensa tamén das persoas. Ese é o concepto de veciñanza e irmandade que sempre o pobo galego practicou, que, por suposto, no BNG apoiamos e que tamén asistimos moitas veces neste hemiciclo con tristeza a certa criminalización por parte do Partido Popular.

Porque do que estamos a falar, efectivamente, é do espolio forestal e eólico. Estas son as ameazas para as brañas do Deo. Actualmente a inmensa maioría do territorio que ocupan as brañas do Deo, máis desas 3.300 hectáreas, constitúen un territorio ameazado, vense ameazadas pola tramitación de seis parques eólicos —realmente un grandísimo macroparque—. Dez aeroxeradores do parque de Fontella están integrados directamente nesta reserva natural. O parque Penas Boas afecta tamén as Brañas do Deo, o parque eólico do Gato tamén —ben sexa con aeroxeradores, ben sexa con vías agresivas de acceso ou ben sexa con gabias de electrificación que condenan á seca máis absoluta unha zona cun recurso hídrico tan imporante coma este—.

Mais tamén é certo —como non, non podía faltar unha hectárea galega sen a raiña da coroa— que as Brañas do Deo están ameazadas por un proxecto privado de plantación de eucalipto, presentado casualmente apenas vinte e catro horas antes do inicio da moratoria de plantación desta especie invasora —infelices casualidades que se producen—. (*Aplausos.*)

¿Como chegamos ata aquí? Esta é a pregunta. Con esta riqueza do noso medio, ¿como chegamos a este nivel de agresión? Pois, evidentemente, só se pode explicar desde unha política de desidia e de abandono medioambiental do Partido Popular nos doce anos que leva gobernando con maioría absoluta. Polo tanto, puido ter actuado para protexer esta zona e non o fixo. ¿Con que fin, logo, non o fixo? Pois creo que neste momento a realidade nos está dando, ou confirmando, as claves que sospeitabamos: para favorecer a especulación dos intereses privados, e agora comprobamos que con auténtica premeditación e aleivosía. E ¿como se demostra isto? Pois nun breve repaso memorístico no escaso tempo do que dispoño.

As Brañas do Deo fan parte como LIC —como Lugar de Interese Comunitario— dunha área que xa foi proposta para a ampliación da Rede Natura en 2008 e máis tarde en 2011, tal e como demanda a Unión Europea, que continuamente está recordando que Galiza, cun 12 % de territorio protexido en Rede Natura, ten un nivel absolutamente insuficiente, cando a media debería ser do 28 %. En doce anos, polo tanto, o Partido Popular non protexeu, non quixo protexer, as Brañas do Deo aprobando esa ampliación da Rede Natura coas Brañas do Deo. O Goberno deixounas completamente desamparadas e desprotexidas. Esta parálise evidentemente axudou a degradar esta zona e abrir cancelas a todo tipo de agresións, como agora estamos vendo. A Xunta non se puxo do lado do medio ambiente e non se pon agora



do lado das persoas que o habitan. A actual degradación demostra que non é suficiente, que non é protección bastante, estar integrada na Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, como tampouco son protección algunhas modificacións do PXOM que fixeron — neste sentido protector— os concellos de Aranga e Curtis.

Mentres tanto, en todos estes anos ¿que fixo a Xunta?, ¿que foi da política da Xunta? Pois disimular, disimular, deixar pasar o tempo e disimular cun plan director de Rede Natura 2014 absolutamente inútil e que foi, ademais, retrucado cun informe demoledor dende a Unión Europea; disimular cando os propios concellos de Aranga e Curtis quixeron dar marcha atrás e permitir, con modificacións outra vez no PXOM, algún tipo de uso especulativo neste territorio, argumentando que era unha zona altísimamente degradada e na que había que poñer man; disimular cando o estudo da conservación e xestión de humidais elaborado por IBADER —do que participan a Universidade de Santiago de Compostela e tamén a Xunta— en 2017 advertía sobre a destrución destes hábitats, facendo referencia, ademais, ás consecuencias da intensificación agroforestal; e disimular cando entendemos que moi hipocritamente propón e desenvolve a elaboración da...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...Estratexia de Infraestrutura Verde e acaba convertida nun plan que non ten ningún tipo de validez e que de novo volve confirmar a degradación das Brañas do Deo, mesmo por escrito, pero non fai nada para intervir na súa recuperación.

É dicir, a Xunta denuncia progresivamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...—remato xa, señor presidente— unha degradación absolutamente promovida por falta de instrumentos de protección de maior rango, pero a Xunta, que é a única administración á que lle corresponde actuar para previr ou reverter esa degradación, non fai absolutamente nada en doce anos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Desde logo, os galegos e as galegas merecen unha explicación. Merecémosla, e moito máis as persoas que habitan neste territorio.

Remato xa simplemente lembrando que a nosa proposta de resolución o que demanda é que se inicien dunha vez xa por todas, non só no papel senón na acción, a inclusión das Brañas do Deo na Rede Natura. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede despois outro turno, señora Queixas.

Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Popular, que presentou unha emenda, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo, señorías.

Boas tardes tamén aos invitados que hoxe nos acompañan no hemiciclo.

Quero empezar —e creo que para todos é obvio— dicindo que Galicia é unha terra rica, rica polas súas paisaxes, de todos coñecidas, e sobre todo pola enorme diversidade de hábitats e de especies animais e vexetais. Consciente da súa importancia, nos últimos anos a Xunta de Galicia vén levando a cabo unha serie de actuacións e medidas para garantir esas condicións naturais e o mantemento da biodiversidade.

A Xunta de Galicia é coñecedora da relevancia natural que ten o enclave das Brañas do Deo, situadas nos concellos de Aranga, Curtis e Oza-Cesuras e que forman parte da Reserva da Biosfera da Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. As Brañas do Deo configuran un enclave caracterizado por un mosaico de prados de sega mesófilos, pastados non manipulados, sembrados, cultivos forraxeiros, prados de sega, prados abandonados, queirogais húmidos e turbeiras acedas inmerso nunha paisaxe agraria forestal.

Cómpre indicar, señorías e señora Queixas, que o Goberno galego conta con distintos instrumentos de xestión destes espazos naturais, instrumentos que inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestres; instrumentos de xestión de espazos naturais que contemplan medidas orientadas a evitar que nos devanditos enclaves naturais se produzan alteracións ou deterioracións significativas no que respecta aos obxectivos de conservación.

Señora Queixas, señorías, a Dirección Xeral do Patrimonio Natural exerce as competencias e funcións atribuídas de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural de Galicia mediante un variado conxunto de ferramentas de xestión e ordenación que se integran para procurar fundamentalmente a conservación da biodiversidade e o mantemento dos procesos ecolóxicos, garantindo a conexión das poboacións de flora e fauna —preservando a diversidade— e, sobre todo, daquelas especies ameazadas do noso territorio.

A Consellería de Medio Ambiente está actualmente completando un estudo para determinar a presenza de hábitats de interese comunitario en Galicia, un estudo que ten como finalidade avaliar o estado deses hábitats e definir medidas de conservación así como a metodoloxía de seguimento. Así mesmo, señora Queixas, vaise adxudicar nas próximas datas un novo servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os queirogais e matogueiras de Galicia, incluíndo o hábitat 4020, os queirogais húmidos atlánticos, de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, unha tipoloxía presente nas Brañas do Deo. A información obtida deses traballos permitirá definir as medidas para o mantemento dun estado de conservación favorable deste tipo de hábitats con características de humidal, así como deseñar o sistema de seguimento e control.



Pero, señorías, non só está a traballar a Xunta de Galicia no mantemento e conservación das Brañas do Deo senón tamén os propios concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis, que están a traballar nesa protección —en concreto o GDR Mariñas-Betanzos, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela—. Están a facer un estudo entrevistando veciños, comunidades de montes e axentes implicados na zona. Estase a pisar o terreo, señorías, para determinar que tipo de protección require este enclave natural. Toda esa información contribuirá posteriormente á aprobación tamén dos esperados plans de xestión de diferentes zonas de especial conservación.

Co cal, señorías, creo que queda suficientemente claro que a Xunta de Galicia xa está traballando para dotar dunha maior protección este enclave natural das Brañas do Deo —o obxectivo desta iniciativa— redefinindo e concretando a zona concreta que hai que protexer. Intento, cada vez que teño a oportunidade de intervir —xa sexa en pleno ou en comisión— obviar expresións que reiteradamente utilizan nas súas intervencións, e que son sempre as mesmas. Decía na anterior intervención «discursos arcaicos e obsoletos». Se me permiten, diría «caducos», como caducada está esa solicitude de ampliación da Rede Natura de 2011, tal e como establece a disposición adicional sexta da lei de 2001, co prazo de tres anos. Pero isto xa se lles explicou, señorías, xa se lles explicou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor Arangüena. Vostede ri pero isto non ten graza ningunha, porque, se se lle explica, entón é que non oe ou que non quere entender. Xa se lle explicou por parte da directora xeral, por parte da conselleira e por parte desta deputada que lle fala tanto en pleno coma en comisión.

En todo caso, pola relevancia deste enclave natural das Brañas do Deo, en 2011 si que se propuxo para a súa inclusión na lista de Lugares de Importancia Comunitaria. E esta proposta foi sometida, como calquera outro proxecto ou proposta, á información pública. E ¿saben o que pasou? Que tivo unha gran contestación social —ao mellor iso non o sabían—, máis de 3.400 alegacións, señorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora Queixas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora DÍAZ MOUTEIRA: O feito de que moitas desas alegacións se entendesen acaídas provocou a revisión da proposta inicial e que non se seguise tramitando o expediente. Ese é o motivo e esa é a realidade.

E a realidade neste momento tamén é que a Xunta de Galicia está a elaborar unha nova proposta técnica de declaración de novos lugares LIC para os hábitats de turbeiras —dos que xa falamos— cunha superficie de entre 20.000 ou 30.000 hectáreas. Esta nova proposta estase a abordar seguindo as indicacións da Unión Europea. Que as Brañas do Deo non estean incluídas na Rede Natura 2000 non quere dicir nin significa que se estean autorizando proxectos eólicos nesta zona, todo o contrario. Creo que ten a información distorsionada. Dende a Consellería de Medio Ambiente véñense informando negativamente todos aqueles proxectos, usos ou actividades —incluídas as de implantación da enerxía eólica— que puidesen afectar ou perturbar de forma apreciable hábitats ou especies presentes neste complexo de turbeiras e humidais que compoñen as Brañas do Deo.

Todos os proxectos, señora Queixas, teñen que someterse a unha adecuada avaliación da súa repercusión no lugar —de acordo, evidentemente, coa normativa vixente—. Avaliaranse



todos e cada un dos posibles efectos negativos sobre calquera valor natural e paisaxístico para determinar a súa compatibilidade ou non. Iso non se chama «especulación», a iso chámase —chamóuselle toda a vida— «procedemento».

As infraestruturas de enerxía e plantacións forestais, que son susceptibles de tramitación ambiental a través da lei de 2013, non son ningunha ameaza para as Brañas do Deo. Son un procedemento administrativo no que se trata de planificar, describir e avaliar de forma apropiada en función de cada caso particular os efectos directos e indirectos dun proxecto cos seguintes factores: o ser humano, a fauna e a flora, o solo, a auga, o aire, o clima, a paisaxe, os bens materiais ou o patrimonio cultural e a interacción de todos estes elementos. Actualmente é a ferramenta máis axeitada para minimizar os efectos ambientais dos proxectos, para evitar, reducir ou compensar os posibles efectos adversos no medio ambiente.

Mentres vostedes —insisto— falan de especulación, nós falamos de procedemento, de procedemento que vai valorar cada proxecto, que vai valorar cada afección sobre os diferentes compoñentes ambientais. No caso de que se determine un mínimo de afección apreciable, pode, evidentemente, levarse a cabo a exclusión desas infraestruturas deses determinados hábitats —sobre todo daqueles ligados á auga—. E así o establece tamén a Lei de patrimonio natural de 2019, que fala dun réxime de protección preventiva co obxectivo de evitar a execución de todas aquelas accións contrarias aos obxectivos da propia lei, sempre que se deduza que unha zona conservada se vexa ameazada de maneira significativa por un factor de perturbación que poida alterar ese estado.

Insisto, señora deputada, iso chámase procedemento. E quero deixar constancia, porque, tanto dende o Goberno galego como dende a Consellería de Medio Ambiente, se está a cumprir co máximo respecto tanto a normativa como a protección do medio ambiente. O Goberno galego é consciente dos valores naturais que hai que protexer, e ten respecto a eses espazos naturais. Neste sentido —e quero facer un especial fincapé, señorías, señora Queixas— insisto en que tramitar non é o mesmo que autorizar. E quero facer especial fincapé nas propostas, que van na Lei de medidas, para reforzar un desenvolvemento compatible sempre, sempre, co medio natural.

Vostedes, señorías, están en contra de todo, de calquera proxecto, incluso antes da súa avaliación. E ese é o problema que teñen. Primeiro haberá que informar antes de autorizar. E vostedes están vertendo información distorsionada. Entre as zonas excluídas —para a súa tranquilidade— atópase o complexo de turbeiras e humidais denominado «Brañas do Deo». Direilles, señorías, que a Consellería de Medio Ambiente avalía cada proxecto estea ou non en Rede Natura. O 42 % do territorio está baixo algunha figura de protección e temos un completo marco normativo. Mire, parece que só protexen vostedes, pero a Xunta de Galicia tamén protexe. ¡A ver, abran un pouco os ollos! Para iso tamén temos os fondos europeos. ¡Temos 6,4 millóns para reservas da biosfera, 2,6 para a recuperación e restauración dos ecosistemas! (*Fortes murmurios.*) (*Protestas.*) Non digan «¡por favor!»». ¡É o que hai! E co criterio de repartición ¿que pasa? (*Fortes aplausos.*) Non, é que só vale o que din vostedes, pero escoiten un pouco. Están repartindo aínda encima de xeito unilateral.

E xa quero rematar e facerlle unha petición á señora Queixas e a todo o Bloque Nacionalista, porque ao señor Arangüena escoitareino despois —é unha mágoa, porque seguramente me daría pé a máis dun apuntamento—.



Señora Queixas, por favor, prégolle de verdade ao seu grupo que muden a maneira coa que miran a Galicia, que muden eses lentes cos que miran a Galicia, que só lles permiten ver en negativo, como aqueles negativos que tiñamos antes nas cámaras de fotos. Só ven a Galicia en branco e negro, e eu creo que lles quedou suficientemente demostrado que os galegos e as galegas distan moito desa visión de vostedes. Porque eu creo que a Galicia a ven cunha pouca máis de color; polo menos —si, si—, con ese verde, como vostede dicía, *made in Galicia*, pero con moitas máis cores.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: E, por favor, confíen un chisquiño. ¡Claro que queda traballo por facer! —xa remato—, claro que queda, sempre queda. Pero aí, nesa confianza que lles pedimos, nese traballo que queda por facer, é onde esperamos atopalos.

E conclúo xa.

Esta iniciativa que estamos a debater foi obxecto dunha emenda por parte deste grupo no seu punto primeiro. É unha emenda que se basea nese traballo que xa se está a facer. Señora Queixas, só ten que escoitar, o seu grupo só ten que escoitar, o que está a facer a Xunta de Galicia—...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...para dotar as Brañas do Deo dunha maior protección.

Anunciámoslle tamén que non estamos de acordo cos puntos (...) *(Inintelixible.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Díaz.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Estiven tomando notas e prestando moita atención á intervención da señora Mouteira, que podo resumir da seguinte forma: a señora Mouteira di que Galicia é moi bonita, preciosa, cos paxaros, as flores, os campos..., todo moi verde, na mesma liña que a conselleira de Medio Ambiente. Claro que si, Galicia é moi bonita, queda moi claro. A Xunta é coñecedora diso, literalmente. É coñecedora da importancia das Brañas do Deo. ¡Pois menos mal que a Xunta é coñecedora!

Di que ten moitos instrumentos de xestión e medidas para conservar os ecosistemas, os hábitats, as especies... Bueno, pois menos mal tamén. E di que a Xunta está facendo un estudo. Raro sería que a Xunta non estivese facendo un estudo ou planificando unha estratexia. Pero,



claro, faise dez anos despois de que se estivese a piques de ampliar a Rede Natura e de que este espazo das Brañas do Deo estivese tramitado para ser incluído na Rede Natura. Polo tanto, dez anos despois de que se vaian incluír na Rede Natura as Brañas do Deo, vostedes están facendo un estudo. Pois ¡fantástico! E dinos que está caducado o expediente de ampliación da Rede Natura. ¡Fantástico, señora Mouteira! Está caducado agora porque o deixaron caducar vostedes. Eu non, eu non estaba alí. Foron vostedes. Hai dez anos deixaron caducar o expediente para ampliar a Rede Natura.

Os valores ecolóxicos das Brañas do Deo son evidentes, xa os expuxo a señora Queixas e, polo tanto, non abundarei excesivamente neles. Pero si teño que dicir que as Brañas do Deo forman parte do conxunto de espazos naturais que o goberno de Emilio Pérez Touriño no seu momento incluíu no seu proxecto de ampliación da Rede Natura 2000, que estaba practicamente ultimado cando chegou á Xunta o señor Feijóo no ano 2009. Hai que lembrar que a Rede Natura é a principal ferramenta de conservación de biodiversidade da Unión Europea, probablemente a iniciativa conservacionista máis ambiciosa da historia da humanidade.

Cando chegou á presidencia o señor Feijóo, tomou o seu tempo coa Rede Natura. Pero o 20 de decembro de 2011, a Xunta emitía unha nota de prensa recollida ese día por Europa Press nos seguintes termos —cito literalmente—: «Galicia completará antes del verano su Red Natura 2000, que pasará del 12 % al 15 % del territorio». Isto era o 20 de decembro de 2011, non o 28 de decembro, que sería o Día dos Santos Inocentes. Así que, a finais de 2011, a Xunta anunciaba a ampliación da Rede Natura máis pequena de España —con diferenza—, que é a galega. E o 2 de xaneiro de 2012, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba un anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acordaba someter á participación pública a proposta de ampliación de Rede Natura 2000 de Galicia, sinalando literalmente que «é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega e dar así cumprimento ao mandado da Comisión Europea».

Por tanto, hai unha década o Goberno autonómico do PP, presidido polo señor Feijóo, recoñecía, primeiro, que a Rede Natura declarada por Galicia naquel momento, que é exactamente a mesma que hoxe, fora considerada insuficiente pola Unión Europea; e, segundo, que, en consecuencia, era urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 de Galicia —urxente, dicían—. E non só recoñecía esa urxencia, senón que a recoñecía oficialmente mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Pero, increíblemente, despois dese anuncio a bombo e platillo da ampliación da Rede Natura e do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* da apertura dese período de exposición pública, a ampliación quedou paralizada e, dez anos despois de todos eses recoñecementos oficiais e dese anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, non se fixo absolutamente nada para ampliar a nosa Rede Natura a pesar de ser a máis pequena de España.

Xa nos dixo vostede por que: porque houbo moitas alegacións. Ao mellor pensaban que a xente non ía alegar, porque, claro, a xente non alega cando lle din que lle van poñer unha Rede Natura. Entón, como non estaba previsto que houbera alegacións, vostedes asustáronse e tal... É coma se unha noite o entón conselleiro bebese un montón de copas, tivese un arranque de sinceridade etílica, dixese que é moi urxente a ampliación da Rede Natura e á mañá seguinte, en medio dunha gran resaca optase por esquecer todo o que ocorrera a noite anterior. Isto



sería, ata certo punto, tolerable no ámbito privado, pero no ámbito público é manifestamente infumable, absolutamente infumable. E sería escandaloso se en Galicia non estivésemos acostumados á arbitrariedade e á arrogancia no exercicio do poder por parte do PP de Galicia.

Un par de anos despois desa fallida ampliación da Rede Natura, en 2013, a Sociedade Galega de Historia Natural —que me parece que ten algún representante por aquí— denunciaba ante a Unión Europea que, desde a inclusión das Brañas do Deo na proposta de ampliación de 2011, a superficie de brañas se viu reducida considerablemente, con eliminación con métodos mecánicos da vexetación característica, reemplazada por eucaliptos. Engadía que as brañas lindeiras sufriron tamén unha intensa degradación, de tal maneira que a superficie alterada supera varios centos de hectáreas. E iso que di vostede que son coñecedores, que traballan moito, que están preocupados, que Galicia é moi bonita etcétera, e que hai moitas figuras de protección e de conservación.

Anos despois, en xuño de 2017, este Parlamento aprobou co único voto favorable do PP unha iniciativa do propio PP para iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000. O cal é de risa, porque, cinco anos despois de dicir que era urxente e de anunciar a inminente ampliación da Rede Natura, o PP aproba neste Parlamento iniciar os traballos de estudo para esa ampliación, que é tanto como recoñecer que o anuncio de 2011 fora unha auténtica tomadura de pelo.

Catro anos despois, xa neste ano 2021, no boletín oficial deste Parlamento, o do 20 de maio deste ano, figura o acordo acadado na tramitación da iniciativa do meu grupo parlamentario, o socialista, firmada por min mesmo nos seguintes termos: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a rematar os traballos para a ampliación e a revisión da Rede Natura, así como a avanzar na aprobación dos diferentes plans de xestión no prazo máis breve posible». Isto aprobouse neste Parlamento hai seis meses por instancia do PSdeG. E pola ubicación das comas —esas portas xiratorias do pensamento das que falaba Cortázar— o que facía o Parlamento en maio deste ano era instar a Xunta a rematar xa os traballos para a ampliación, e non no prazo máis breve posible senón xa naquel momento, no mes de maio. Xa pasaron seis meses e seguimos igual.

Vostede di que están facendo un estudo para non sei que. Pero coa Rede Natura máis pequena do Estado, ja máis pequena do Estado! —o 12,8 % fronte ao 27,5 % do Estado—, o Goberno galego presume, vostede mesma presume, de que temos un 40 % do noso territorio protexido, ¡o cal é unha absoluta falsidade!, porque nesa cifra están computando non só a Rede Natura senón tamén as reservas da biosfera de Galicia. Pero resulta que as reservas da biosfera non son zonas protexidas, na medida en que non teñen ningún tipo de réxime específico de protección —cousa que poño no seu coñecemento por se non o sabía—. É dicir, en ningún sitio di que nunha reserva da biosfera non se poida desenvolver calquera actividade ou que existan usos permitidos e non permitidos. Nesta iniciativa temos un perfecto exemplo, porque as Brañas do Deo forman parte da reserva da biosfera das mariñas coruñesas e terras do Mandeo. E, a pesar do cal, están completamente degradadas e en proceso de seguir degradándose ata non se sabe que —talvez ata a súa desaparición como tal—.

E, por se fose pouco que formen parte dunha reserva da biosfera, as Brañas do Deo son humidal. E os humidais —agora que foi a Conferencia do Clima e que a conselleira deu un paseo



por alí— son ecosistemas que teñen un especial valor ecolóxico porque actúan como soporte dunha importante biodiversidade, contribúen decisivamente á loita contra o cambio climático, son esenciais para frear riadas e inundacións en épocas de crecida, crean chan, controlan a erosión e recargan e purifican acuíferos e augas subterráneas.

Polo tanto, recapitulemos. As Brañas do Deo son un humidal incluído na ampliación prevista da Rede Natura, forman parte dunha reserva da biosfera, nelas hai hábitats de interese comunitario e hai especies ameazadas. Con todo, atópanse nunha situación de desprotección absoluta e de grave e progresiva deterioración, recoñecida pola propia Xunta de Galicia nun informe solicitado polo Concello de Aranga no ano 2016, que dicía: «A actividade forestal, principalmente a plantación de eucaliptos, provocou unha forte degradación e regresión de boa parte dos hábitats das Brañas do Deo».

Iso dicían vostedes hai catro ou cinco anos, non eu. E logo resulta que un ano despois, en 2017, a conselleira —entón Bea Mato, que agora está no outro lado, en Greenalia— dicía que ían incluír as Brañas do Deo no seu borrador da Estratexia de infraestrutura verde, que está tamén parado —non sabemos ata cando—.

En suma, mentres ocupe a Xunta o PP de Galicia, o futuro máis probable de calquera ecosistema teoricamente protexido en Galicia é a desaparición, o futuro máis probable de calquera especie ameazada é a extinción, o futuro máis probable de calquera reserva da biosfera, ou incluso da nosa Rede Natura, é a conversión acelerada nunha plantación de eucaliptos, e o futuro máis probable de calquera humidal é a desecación. O futuro máis probable da natureza de Galicia co Partido Popular é o esmorecemento en medio dunha intensa propaganda verde que intentará...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: —remato— convencernos de que a Galicia gris do PP é máis verde que ningunha, mentres espazos como as Brañas do Deo son destruídos e desaparecen progresivamente ante a completa pasividade da Administración, que ten a obriga legal de protexelos e non o fai en absoluto.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizóns de novo, señor presidente.

Ben, señora Díaz Mouteira, di vostede reiteradamente que o Goberno da Xunta de Galiza conta con sucesivos instrumentos de xestión e procedementos, procedementos, procedementos... Pois permítame que lle diga que son absolutamente inútiles e ineficaces para o obxectivo para o que supostamente están elaborados. *(Aplausos.)* E dígolle o porqué. Este é o contorno das



Brañas do Deo convertidas xa en eucaliptal. *(A señora Queixas Zas amosa unha fotografía desde o estrado.)* Vostedes dirán se deron autorización para plantalos ou se son ilegais e non fan nada, unha de dúas. *(Aplausos.)* Pero están xa na contorna das Brañas do Deo. Vaia alí e véxao igual ca min. Eu non minto. O noso grupo parlamentario, o BNG e esta deputada falarán sempre con coñecemento de causa, e todo o que traian aquí será sempre porque está contrastado coa sociedade, coa sociedade que vive na Galiza real e non na súa. Asegúrollo *(Aplausos.)*

Non foi quen vostede de explicar —e é normal, recoñezo que me sentiría nunha situación moi complexa no seu papel aquí— por que vostedes non aprobaron esta ampliación da Rede Natura en doce anos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Pausa.)*, cando a Unión Europea llelo recriminou continuamente, cando impuxo sancións e cando aínda temos un anuncio de novo proxecto de sanción e de investigación con data do 20 de febreiro de 2021. Pode responder tamén a iso cando queira, que estamos desexando saber. *(Aplausos.)*

Queda claro na súa intervención que nin fixeron nin van facer, porque todo o que levan anunciado son plans de futuro absolutamente baleiros. O que tiña que estar feito tivo que facerse durante doce anos e non foron quen. Pero expliquen o porqué, porque seguimos sen ter esa resposta.

E, mire —sobre todo para o público que nos acompaña e para todos os galegos e galegas que nos vexan, neste caso a través da web, porque xa sabemos que a televisión pública galega, non sei por que, non pode emitir os plenos deste Parlamento, que din sempre que é a casa do pobo—, o Grupo do Partido Popular presentou unha emenda na Lei de acompañamento dos orzamentos que vai anular e invalidar esa prohibición de afastar un quilómetro no caso da repotenciación dos parques eólicos xa autorizados. Aí non vai ter valor, non vai ter validez, esa separación, ese distanciamento dun quilómetro. Polo tanto, non enganen porque os galegos e as galegas van levar unha sorpresa. *(Aplausos.)*

Seguindo con emendas, dime vostede que presentou unha emenda. Claro, efectivamente, pretenden que substituamos todo o noso texto —que, por suposto, as persoas afectadas ben coñecen— polo seguinte: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a completar os estudos necesarios para efectos de determinar os hábitats ou especies de interese comunitario presentes nas Brañas do Deo co obxectivo de poder establecer un plan de conservación deste enclave». Levan doce anos estudando, estudando e estudando. E ¿aínda non foron capaces de aprobar? *(Aplausos.)* As súas convocatorias remataron. *(Aplausos.)* Desculpen, paréceme unha indecencia que nos presenten isto, honestamente. *(Aplausos.)* Iso si, se o entenden como unha emenda de adición á nosa, encantadísima, de verdade, de poder aceptala e de sumar.

Ben, está claro que vostedes quedaron no pasado. Efectivamente, nesa nota de prensa do ano 2011 á que aludía o compañeiro, o señor Arangüena, do Grupo Socialista —a quen, por suposto, agradezo todo o seu apoio e comprensión no recoñecemento, que ficou claro e notorio, do que representa este espazo e esta contorna natural absolutamente inigualábel—.

Hai algo moi importante tamén —porque estivemos onte falando de orzamentos e demais—. Aquí tamén se fala moitas veces dos fondos europeos e de que prexudican a Galiza e demais, e non explican por que, pero eu vou dar un dato. Neste momento está en marcha o Marco de acción prioritaria da Rede Natura en Galiza, un marco plurianual para os anos comprendidos entre o 2021 e o 2027. E ¿que acontece? Pois acontece que o Partido Popular está hipotecando



Galiza. ¿Por que? Precisamente pola elevadísima degradación —sobre todo derivada da forestación e reforestación do noso país—. E aquí está o cadro, aquí están os valores, os criterios de repartición dos fondos 4 e 5, que se corresponden con *Conservación y restauración de ecosistemas y su diversidad*; e —o 5— *Preservación de espacio litoral y recursos hídricos*. Estanos penalizando, Galiza está —na repartición de fondos —aquí abaixo de todo— con, efectivamente, pouco máis de 22 millóns, cando o resto das comunidades autónomas do Estado español teñen moitísimo máis diñeiro. (*Aplausos.*) Poñan atención a estes deberes porque son os seus deberes, ¡son os seus deberes! (*Aplausos.*) Están penalizando Galiza polo abandono do noso territorio e do noso medio natural. (*Aplausos.*) Isto é polo que vostedes teñen que responder.

¡E claro que se defende a sociedade!, ¿como non se vai defender a sociedade? A sociedade galega ten unha raíz profunda na súa terra, ten un respecto profundo pola súa terra e polos recursos que nos dá, xa que a nosa terra nos sostén, e sempre dunha forma sustentábel.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Saquen do caixón, por favor —remato xa, señor presidente—, o proxecto de ampliación da Rede Natura que teñen agochado desde o ano 2011. E, se non, expliquen claramente por que. Porque, mire, Galenergy e Greenalia xa temos moi claro que miran por este territorio dunha forma moi interesada, polo seu interese particular e privado, pero non social e colectivo, nin moito menos polos espazos naturais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: O que teñen que dicirnos é quen vela entón polo territorio dunha forma global, quen vela polo noso medio natural.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Debería ser a Xunta de Galiza do Partido Popular e non o está a facer. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Permítame, señor presidente, por favor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non...

A señora QUEIXAS ZAS: Agora que xa rematamos esta sesión, pídlle só un minuto para ler uns versos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non. Señora Queixas, mire, mire un momento...

A señora QUEIXAS ZAS: Vounos ler igual, porque é unha homenaxe á terra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pero, mire un momento, señora Queixas. Mire, vostede na primeira...



A señora QUEIXAS ZAS: É un minuto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Pero permítame vostede!

A señora QUEIXAS ZAS: Darío Xohán Cabana escribiu un poema de amor á terra que di...:

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mire, señora Queixas...

A señora QUEIXAS ZAS: ...«Venceredes vós...»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, pola súa intervención.

(A señora Queixas Zas continúa o seu discurso, que xa non se percibe.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Queixas, non está vostede no uso da palabra.

(A señora Queixas Zas continúa o seu discurso, que xa non se percibe.)

¡Non está vostede no uso da palabra, señora Queixas! ¡Xa está ben!

(A señora Queixas Zas continúa o seu discurso, que xa non se percibe.)

Señora Queixas, chámola á orde.

(A señora Queixas Zas continúa o seu discurso, que xa non se percibe.)

Señora Queixas, ¡chámola á orde!

(A señora Queixas Zas continúa o seu discurso, que xa non se percibe.)

¡Ala!, ¡moi ben! Señora Queixas, non está vostede no uso da palabra. Está chamada á orde xa, por unha vez.

(Aplausos.)


Grazas por ser tan comprensiva e pasarse tanto tempo nas dúas intervencións, na primeira e mais na segunda.

(Aplausos.)

Rematados os puntos de hoxe, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e tres minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

